



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Veterinaria

Curso Académico: 2023/2024

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación	Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria	24/06/2025
Informe técnico	Sección de Calidade. Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización	06/10/2025
Aprobación	Xunta de Facultade de Veterinaria	16/10/2025
Aprobación	Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno	26/11/2025

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	8
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	8
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	19
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	34
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	49
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	58
Directriz 6. Información pública	69
3. Plan de Melloras do centro	72
4. Modificacións nos diferentes títulos	95
5. Listaxe de evidencias e indicadores	96

Elaboración da Memoria de Calidade pola Comisión de Calidade do Centro:

Presidente. Gonzalo Fernández Rodríguez. Decano.

Secretaria. Margarita Rico Gómez. Responsable de Calidade do Centro.

Vocais:

- Jose María Alonso Meijide. Secretario do Centro.
- Ana María Bravo Moral. Coordinadora de Calidade de Centro.
- Natalia Vilariño del Río. Coordinadora do Grao en Veterinaria.
- Manuel Vera Rodríguez. Coordinador do Máster en Xenómica e Xenética.
- Marta Inés Miranda Castañón. Directora do Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias (APACCV).
- Joaquín Hernández Bermúdez. Director do Departamento de Patoloxía Animal
- Carlos Franco Abuín. Representante do PDI non pertencente aos Departamentos con sede na Facultade.
- Jesús Eulogio Blanco Álvarez. Representante do PDI non pertencente aos Departamentos con sede na Facultade.
- Ana Pérez Vázquez. Responsable da Unidade de Apoio á Xestión.
- Andrés Couso Viana. Representante dos estudantes de Grao en Veterinaria.
- Victoria Díaz Paderne. Representante do estudantado do Máster en Xenómica e Xenética.

1. Introducción

1.1. *Presentación da Memoria de Calidade.*

A **Memoria de Calidade da Facultade de Veterinaria 2023/2024** é o documento que recolle a análise, durante o curso obxecto de revisión, do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro, así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo, en base ás reflexións e propostas de mellora achegadas polas súas comisións. As áreas de mellora detectadas trasladaranse ao plan de melloras anual 2024-25, que forma parte desta Memoria de Calidade.

1.2. *O Centro.*

Orixe e estrutura orgánica do Centro.

A Facultade de Veterinaria iniciou a súa andaina no ano 1984. En maio de 1994 pónse en marcha a Fundación Rof Codina e un ano despois, en 1995, o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVURC) que asina o convenio coa Universidade de Santiago de Compostela en 1997 co obxectivo de dar apoio permanente á docencia clínica da Facultade de Veterinaria. No ano 2016 a Fundación Rof Codina inaugura o Centro de Investigación en Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET), co obxectivo de xerar novas liñas de investigación, e mellóranse as instalacións e establos para a realización de prácticas no HVURC.

En decembro de 2020, inaugurase a granxa experimental Campus Terra, na finca Gayoso Castro, en Castro de Rei. Esta granxa foi reestruturada para optimizar o seu uso como centro de prácticas docentes e investigación da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior do Campus Terra. Esta granxa é un proxecto colaborativo entre a USC e a Deputación Provincial de Lugo, desenvolvido a través dun convenio asinado por ambas institucións.

De acordo cos Estatutos da USC, os **órganos de goberno da Facultade de Veterinaria** unipersoais son: Decano/a, Secretario/a e Vicedecanos/as e colexiados: a Xunta de Facultade, que pode funcionar en pleno ou encomendar algunhas funcións ás comisións delegadas. A [estrutura de goberno](#) pode ser consultada na páxina web da facultade.

Os departamentos con encargo docente na Facultade de Veterinaria son 16, dos cales, dous teñen a súa sede no centro que son o departamento de [Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias](#) e de [Patoloxía Animal](#).

Catálogo de Titulacións oficiais: graos, máster e doutoramentos.

Na actualidade, na Facultade de Veterinaria impártense dúas titulacións: o [Grao en Veterinaria](#) e o [Máster Universitario en Xenómica e Xenética](#) interuniversitario xunto coa Universidade de Vigo que comezou a ofertarse no curso académico 2018-19:

Grao en Veterinaria, 5 anos, 300 ECTS (MECES 3)

Data acreditación *ex ante* (verificación): 30/06/2010

Curso de implantación: 2010/2011

Data renovación acreditación polo Consello de Universidades: 11/07/2017

Data renovación acreditación Europea EAEVE: 21/06/2021

Modalidade de impartición: Presencial

Máster Universitario en Xenómica e Xenética, 60 ECTS

Títulos interuniversitario: Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela

Universidade responsable administrativa Universidade de Santiago de Compostela

Centro/s onde se imparte: Facultade de Veterinaria da USC, Facultade de Bioloxía da USC e da UVigo

Centro responsable: Facultade de Veterinaria

Data acreditación *ex ante* (verificación) 7/09/2018.

Curso de implantación 2018-2019.

Data renovación acreditación polo Consello de Universidades: 12/12/2024

Modalidade de impartición: Presencial

Programas de doutoramento dos departamentos adscritos

- Departamento de Anatomía, Produción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias: Programa de Doutoramento en Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias .
- Departamento de Patoloxía Animal: Programa de Doutoramento en Medicina e Sanidade Veterinaria

Ademais, a Facultade de Veterinaria sométese, dende o ano 1998, a un proceso de avaliación europea externa por parte da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE). En setembro de 2018 recibiu a visita da comisión de expertos da EAEVE para renovar esta acreditación. En novembro de 2018 recibíuse o informe definitivo do ECOVE (European Committee of Veterinary Education) obtendo unha "Acreditación Condicionada", debido á existencia dunha única deficiencia maior, recibindo a acreditación definitiva do ECOVE con data de 21 de xuño de 2021, xa que a re-visita tivo que ser adiada, por razóns ben coñecidas motivadas pola COVID-19.

A facultade debe renovar a súa acreditación europea no 2025, para o cal xa tivo lugar a visita da comisión do 24 ao 28 de marzo deste ano. A Comisión Avaliadora da visita emitiu informe preliminar favorable sen ningunha deficiencia maior para o mantemento da acreditación desta facultade polo Sistema Europeo de Avaliación da Formación Veterinaria (ESEVT), que xestiona a EAEVE con responsabilidade conxunta coa Federación de Veterinarios de Europa (FVE), quedando pendente o informe definitivo do ECOVE.

Cabe destacar que o Grao en Veterinaria acadou o Selo de Grao de Excelencia, concedido pola Xunta de Galicia, por resolución do 02/04/2024, publicada no DOG do 09/04/2024.

1.3. Sistema de Calidade do Centro: Sistema Interno (SIGC) ou Sistema de Garantía de Calidade (SGC).***SGIC, histórico e indicación da certificación vixente SGC, no caso de tela.***

O SGC da Facultade de Veterinaria, elaborado a partir do SGC marco da USC, deseñouse seguindo o modelo da axencia de calidade nacional e autonómica ACSUG. O SGC foi aprobado pola Xunta de Facultade o 19 de abril de 2010 e posteriormente polo Consello de Goberno da USC (27/05/2010); finalmente foi avaliado favorablemente pola ACSUG con data do 10/05/2011, emitíndose certificación sobre o mesmo o 15/12/2011.

O primeiro cambio levouse a cabo no 2013, simplificándose a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao Manual de Procesos e Procedementos Marco da USC, e no 2015 fíxose a adaptación do Manual simplificado ás particularidades do Centro, adaptación que foi aprobada polo Consello de Goberno da USC o 04/02/2015.

Durante o curso 2018-19, levouse a cabo un proceso de revisión e simplificación documental do SGC, para a súa adaptación ao novo SGC marco da USC aprobado en 2018. O novo Manual do SGC e o Manual de procesos de centro foron aprobados pola Xunta de Facultade de Veterinaria o 15/02/2019 e posteriormente aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno (CCPdCG) o 15/03/2019.

No 2021 (aprobación pola CCPdCG o 6/10/2021) realizáronse cambios para incluír a actualización do Manual MARCO de calidade dos centros e levárase a cabo cambios nas comisións do SGC da facultade. Fíxose o cambio na estrutura organizativa do SGC coa creación da Comisión de Grao en Veterinaria, e como consecuencia cambiouse a composición da Comisión de Calidade do Centro (CCC).

A última modificación do SGC do centro realizouse recentemente para a incorporación de indicadores e informes propios do centro, así como para a modificación da composición das comisións de calidade e título e da documentación relativa ás reunións do Comité Consultivo Externo. Esta modificación foi aprobada pola CCC o 18/12/2023 e pola Xunta de Facultade o 21/12/ 2023 e finalmente pola CCPdCG (22/04/2024). A nova composición das comisións aparece recollida no [Manual do SGC](#).

Así mesmo o Manual de procesos de centro da Facultade de Veterinaria foi modificado no curso 2021-2022 para ter en conta a creación da Comisión de título para o Grao de Veterinaria e a súa separación da CCC; así mesmo procedeuse á inclusión de determinadas comisións delegadas da Xunta de Facultade nos procesos correspondentes do SGC, e tamén fíxose a adaptación aos cambios producidos en normativas e procedementos. Os cambios nos procesos PC-01, PC-02, PC-04, PS-02 e PS-04 foron aprobados pola CCPdCG o 27/01/2022.

A última modificación do Manual de procesos do centro realizouse recentemente para a incorporación das melloras

propostas no Informe final de certificación da implantación do SGG (ACSUG, 2022) nos procesos PE-01 e PE-02, así como para a inclusión dos indicadores da EAEVE como indicadores propios da Facultade e a inclusión das valoracións de semestre e das enquisas propias do centro nos procesos PC-05 e PS-04. Estas modificacións foron aprobadas pola CCPdCG o 22/04/2024.

Por último destacar, que despois dunha serie de circunstancias que obrigaron a ir pospoñendo o proceso, a Facultade de Veterinaria dispón do **Certificado de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade** (Programa FIDES-AUDIT) da ACSUG con data do 11/10/2022.

Acreditación institucional, no caso de estar vixente ou en proceso de adquisición.

Neste momento o centro está pendente da acreditación institucional ministerial unha vez que o título de Máster pasou a renovación da acreditación (12/12/2024), co cal se cumpren todas as condicións para a súa solicitude, a cal foi feita pola USC con data do 26/12/2024. A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación, na reunión celebrada o 07/03/2025 acorda ratificar o Informe de avaliación **FAVORABLE** emitido pola Comisión de avaliación para a Acreditación Institucional (CAI), tal como se recolle no Informe de Acreditación Institucional da ACSUG (07/03/2025).

Documentación de referencia do SIGC/SGC e Regulamentación interna.

Como documentación de referencia, ademais do documento que recolle a [Política de Calidade](#), do [Manual do SGC](#), do [Manual de Procesos](#) e da normativa Xeral da USC, a Facultade conta coa que se inclúe a continuación:

- Regulamentos que afectan ás Prácticas Tuteladas ([Estancias Clínicas](#), [Estancias Non Clínicas e na Administración](#), [Rotatorio Clínico Hospitalario](#))
- Normativa de Traballo [Fin de Grao](#) e [Máster](#)
- [Manual de Bioseguridade](#)
- Memoria do [Grao](#) e do [Máster](#)
- [Regulamento de Réxime Interno \(RRI\)](#)

En relación co RRI (aprobado pola Xunta de Facultade en decembro de 2015 e ratificado polo Consello de Goberno da USC en xuño de 2016), está pendente da aprobación por parte do Consello de Goberno das modificacións aprobadas pola Xunta de Facultade (reunións do 10 de xullo de 2017 e 20 de decembro de 2017), necesaria para a súa actualización. Esencialmente supón a necesidade de reformular algunhas cuestións relativas ás comisións estables para harmonizar esta normativa co SGC.

Estrutura organizativa do SIGC/SGC. Desenvolvemento e cambios.

A estrutura organizativa coa que conta a facultade para o desenvolvemento do SGC está definida no [Manual do SGC da Facultade de Veterinaria, aprobado pola CCPdCG o 22/04/2024](#):

1. [Equipo Decanal](#)
2. [Comisión de Calidade do Centro](#)
3. Responsable de Calidade do Centro: Vicedecana de Calidade (veterinaria.calidade@usc.es)
4. [Comité Consultivo Externo](#)
5. Comisións de Título
 - 5.1. [Comisión do Grao en Veterinaria](#)
 - 5.2. [Comisión Académica do Máster en Xenómica e Xenética](#)
6. Coordinadores/as de Título
 - 6.1. Coordinadora do Grao en Veterinaria: Natalia Vilariño del Río (natalia.vilarino@usc.es)
 - 6.2. Coordinador do Máster en Xenética e Xenómica: Manuel Vera Rodríguez (manuel.vera@usc.es)
7. Coordinadora de Calidade: Ana María Bravo Moral (ana.bravo@usc.es)

No Manual do SGC veñen establecidas as súas funcións, así como as funcións da Xunta de Facultade (punto 1.3.1), comisións delegadas e comité de prácticas tuteladas e externas (punto 1.3.2 e 1.3.3), así como os departamentos implicados na docencia da Facultade (punto 1.3.4).

No [Manual de Procesos do centro](#) recóllense os 13 procesos polos que se establecen as canles de participación dos axentes implicados, as bases para a recollida e análise da información, así como as medidas para o seguimento, revisión e mellora do proceso

Memoria de Calidade do Centro (MCC):

Procedemento de elaboración, órganos competentes e persoal participante.

O Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade está definido no proceso estratéxico *PE-02. Revisión e Mellora*, do Manual de Procesos do centro, sendo competencia da CCC a súa elaboración logo da análise do funcionamento global do SGC e dos títulos competencia do centro. As comisións de título, de acordo co proceso *PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas*, deberán analizar os seus indicadores e trasladar á CCC os resultados desta análise e as áreas de mellora detectadas, de ser o caso.

A Responsable de Calidade, ou a persoa en quen delegue, é responsable de recibir, revisar e comprobar a validez de toda a información necesaria para a elaboración da Memoria de Calidade (indicadores, informes, enquisas de satisfacción, ...), tanto da información proporcionada pola SCVTI como dos propios do centro; así como os informes de auditorías internas ou externas, ou calquera outra documentación que se considere relevante.

Unha vez rematada, será enviada á Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (SCVTI) para revisión e informe técnico; o documento final, coas rectificacións suxeridas, se as houbera, é finalmente aprobado pola Xunta de Facultade. A persoa responsable de Calidade, remitirá a Memoria de Calidade á Vicerreitoría con competencias quen dará traslado da mesma á CCPdCG para o seu coñecemento e posibles recomendacións.

Todos os grupos de interese (profesorado, estudantado e persoal de apoio) participan a través dos seus representantes na CCC, nas comisións de título e na Xunta de Facultade. Tamén se recolle información a través das enquisas realizadas (tanto da USC, como das propias do centro) e do procedemento de xestión de incidencias e queixas (SQR).

Información pública da Memoria e do SIGC/SGC.

De acordo co proceso *PS-06. Información pública*, a Memoria de Calidade do centro deberá ser pública e daráselle difusión entre os diferentes grupos de interese.

Na web da Facultade, no apartado de calidade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade>) pódese consultar toda a información relativa ao SGC e ao seu desenvolvemento que inclúe o acceso a toda a estrutura e [documentación do SGC](#): Manual do SGG, Manual de procesos do centro, Política de calidade, Plan estratéxico, Memorias de calidade, Informes de seguimento, Plans de mellora e outra documentación do SGC; así como as [actas das reunións](#) da CCC e das comisións de título.

1.4. Plan Estratéxico de Centro (PEC)

Presentación do PEC vixencia: obxectivo xeral, antecedentes, período de vixencia, proceso de elaboración e participación e participantes (grupos de interese).

O obxectivo xeral do actual [Plan Estratéxico 2024-26](#) vai encamiñado a potenciar, tal como se recolle na política de calidade, a oferta dun currículo profesional innovador e acreditado acorde ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador; poñendo no seu centro ao estudantado para achegarlle unha formación de calidade.

O anterior PEC da facultade foi deseñado para o período 2014-2018 e, como xa quedou reflectido no seu momento, a elaboración dun novo plan para executar a partir de 2019 non foi considerado posible nin adecuado por diferentes motivos, entre os cales figuraba o feito de que o PE vixente da USC (2011-2020) naquel momento finalizaba en 2020. A pandemia pola COVID-19 complicou toda esta situación, levando á USC a alterar a súa planificación. O PE da institución foi prorrogado até 2022 e na Resolución reitoral do 7 de outubro de 2020 estableceuse que as facultades debían prorrogar os seus propios PEC ou ben elaborar os novos cunha vixencia limitada a 2022. A Facultade de Veterinaria decidiu optar por prorrogar a vixencia do anterior Plan Estratéxico, coas actualizacións necesarias, ata 2022 (Prórroga do Plan Estratéxico 2020-2022)

O período de execución do novo PEC vén dado polo marco temporal da Programación Plurianual 2023-2026 da USC (non existía o Plan Estratéxico actual da USC, no momento da súa elaboración), xa que calquera PEC debe estar incardinado coas directrices xerais da institución universitaria para ese período.

O PEC foi elaborado seguindo o proceso *PE-01. Planificación estratéxica* do Manual de procesos de centro, así como a Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024-2026 da USC, nos que se describen as etapas de elaboración, así como os implicados e os mecanismos de participación dos diferentes grupos de interese, os cales se detallan no punto 7.2. do PEC. Ademais, para a elaboración deste novo Plan Estratéxico tívose en conta os informes das axencias de acreditación (ACSUG e EAEVE), en concreto o Informe final de certificación da implantación do SGC elaborado pola ACSUG (11/10/2022).

No punto 7.1 do PEC detallase a composición do grupo de traballo, nomeado polo equipo de dirección con data do 18/10/2023, o cal estivo formado polo secretario da facultade, a secretaria da Comisión Académica do Mestrado Universitario en Xenómica e Xenética (CAM) e polos membros da Comisión do Grao en Veterinaria (CGrV) e da CCC

Plan estratéxico de Centro - Cadro de Mando Xeral: liñas estratéxicas (LE), obxectivos estratéxicos (OE) e accións.

LE 1: Planificación da ensinanza e desenvolvemento da docencia centrada no alumnado e na súa futura actividade profesional

OE 1.1. Revisión da memoria de grao e das programacións, elaborar un sistema modular e reforzar o sistema na docencia por competencias

Acción 1: Nova proposta de grao no caso dun aumento a 360 ECTS, ou modificación substancial da memoria actual se se manteñen os 300 ECTS incluíndo revisión da presencialidade, e do deseño de prácticas tuteladas externas e rotatorio.

Acción 2: Realizar un mapa de competencias das materias do grao.

Acción 3: Revisar as programacións con un enfoque pedagóxico centrado na aprendizaxe activa, onde o estudiantado participe activamente no seu proceso educativo, traballando e avaliando as competencias a día 1.

Acción 4: Mellorar a coordinación entre materias para a consecución de competencias a día 1. Establecer un sistema de seguimento individualizado de competencias.

OE 1.2. Novas propostas de formación de posgrao

Acción 1: Desenvolver unha proposta de mestrado

Acción 2: Desenvolver propostas de formación específica e especialización.

OE 1.3. Mantemento e fortalecemento do Mestrado Universitario en Xenómica e Xenética

Acción 1: Desenvolver actividades para fortalecer e mellorar o mestrado.

LE 2: Xestión eficiente de recursos materiais e servizos

OE 2.1. Revisión de procesos e organización relacionados cos recursos materiais e servizos

Acción 1: Revisión e adaptación do Manual de bioseguridade, do procedemento de riscos laborais e protocolo SANDACH.

Acción 2: Introducción nos procesos da facultade da avaliación da docencia e os medios e servizos no HVURC e na Granxa Gayoso Castro.

Acción 3: Establecer un organigrama de coordinadores/as de actividades específicas implicando a profesores/as de nova incorporación.

OE 2.2. Organización de formación para PDI, PTXAS e titores/as profesionais enfocada a necesidades específicas do centro

Acción 1: Organización e cursos específicos do centro para PTXAS, PDI e titores/as profesionais en colaboración coa Escola de Formación da USC.

OE 2.3. Impulsar alianzas estratéxicas con empresas para a realización de estancias tuteladas, TFG e TFM reforzando a participación do tecido empresarial nas actividades docentes

Acción 1: Aumentar as estancias tuteladas asociadas a TFG e TFM en empresas.

LE 3: Innovación docente, transformación dixital e internacionalización
OE 3.1. Aumentar as actividades conxuntas con outros centros nacionais e internacionais e os acordos de mobilidade internacional

Acción 1: Realizar actividades con centros nacionais e internacionais para promover a formación e realizar conxuntamente actividades docentes especialmente referidas á innovación e transformación dixital.

Acción 2: Aumentar os acordos de mobilidade internacional.

OE 3.2. Fomentar a realización de prácticas utilizando novas tecnoloxías (3D, simulación, etc.)

Acción 1: Aumentar o número de prácticas ou actividades nos que se utilizan novas tecnoloxías (simulacións, visión 3D).

Acción 2: Crear unha videoteca propia de realidade virtual.

Acción 3: Crear unha rede de innovación para compartir vídeos de realidade virtual entre distintos centros educativos.

LE4: Comunicación, transparencia e transferencia
OE 4.1. Aumentar actividades extracurriculares e a súa difusión

Acción 1: Aumentar actividades extracurriculares relacionadas con diferentes ámbitos profesionais incluíndo a creación de aulas de formación específicas para a súa organización.

Acción 2: Realización de actividades con empresas, centros de educación secundaria e outras institucións para dar a coñecer a profesión veterinaria á sociedade e difusión por medios sociais e de comunicación.

OE 4.2. Promover o coñecemento dos procesos da facultade e a xestión de calidade

Acción 1: Actividades de formación sobre xestión dos distintos procesos da facultade, así como a xestión de calidade.

OE 4.3. Mellorar a estratexia de comunicación

Acción 1: Realizar un vídeo do grao e do mestrado para a súa difusión por medios sociais e páxina web.

Acción 2: Reforzar nas avaliacións periódicas dentro do sistema de calidade aspectos relacionados coa estratexia de comunicación, e transferencia da facultade para identificar áreas de mellora e propoñer actividades.

Sinalar que no apartado 8 do [Plan Estratéxico 2024-26](#) inclúese un cadro de mando máis detallado para o seguimento da execución do PEC, onde se recollen os indicadores, metas e data de finalización das accións estratéxicas, o que pode simplificar a análise anual na memoria de calidade do centro.

Plan Estratéxico da USC.

As catro Liñas Estratéxicas definidas no PEC da Facultade de Veterinaria 2024-2026 están en consonancia coas liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC, as mesmas que as do Plan Estratéxico actual da USC, tal como figura na seguinte táboa:

LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO - VETERINARIA	LIÑAS ESTRATÉXICAS USC
LE1. Planificación da ensinanza e desenvolvemento da docencia centrada no alumnado e na súa futura actividade profesional	LE2. A formación e a docencia no novo contexto
LE2. Xestión eficiente de recursos materiais e servizos	LE3. Os retos na política de persoal LE8. A xestión eficiente dos recursos
LE3. Innovación docente, transformación dixital e internacionalización	LE5. A senda da internacionalización LE7. A USC na era da transformación dixital
LE4. Comunicación, transparencia e transferencia	LE1. O estudiantado e a comunidade universitaria

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1. ***Política de Calidade. Vixencia.***

Tal como aparece recollido no apartado de calidade da páxina web da facultade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade/politica-calidade>), o decanato da Facultade de Veterinaria é consciente da importancia que ten a calidade para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario e da sociedade. En concordancia coa política de calidade da USC, persigue o desenvolvemento de programas formativos que procuren a máxima eficacia e compromiso coas expectativas dos grupos de interese, e estean avalados por sistemas de acreditación nacional e internacional.

Esta Política de Calidade, revisada con periodicidade, foi actualizada en xullo de 2021 con motivo da renovación do equipo decanal e nela recóllese a misión da Facultade de Veterinaria no seu Grao en Veterinaria, así como no seu Máster en Xenómica e Xenética.

A Facultade de Veterinaria posúe o Certificado de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade (Programa FIDES-AUDIT), con data do 11/10/2022, o que manifesta a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro. O centro está pendente da acreditación institucional ministerial unha vez o título de Máster obtivo a renovación da acreditación (12/12/2024), co cal se cómpren todas as condicións para a súa solicitude, a cal foi feita pola USC con data do 26/12/2024.

A vixencia da política de calidade da Facultade de Veterinaria ponse en evidencia, ademais de polos procesos de avaliación e acreditación por parte da ACSUG, pola acreditación europea. A Facultade de Veterinaria sométese dende o ano 1998 a un proceso de avaliación externa por parte da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE). A facultade renovou a súa acreditación despois da re-visita que tivo lugar o 28-29 de abril do 2021, recibindo a acreditación do European Committee of Veterinary Education (ECOVE) con data do 21/06/2021.

1.2. Plan Estratéxico do Centro (PEC): Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro

O actual [Plan Estratéxico 2024-26](#) foi elaborado durante o curso 2023-24 (nomeamento do grupo de traballo o 18/10/2023; aprobado pola CCPdCG o 29/11/2024), polo que cando se deseñou o Plan de melloras do curso 2023-24 aínda non estaba vixente. Con todo, moitos dos seus obxectivos estratéxicos foron a base das accións descritas neste Plan de melloras.

En dito PEC inclúese, no apartado 8, un cadro de mando para o seguimento da súa execución, a través das accións estratéxicas, co obxecto de simplificar a análise anual na memoria de calidade do centro. Por tanto, farase esta análise a través deste cadro de mando:

LE 1: Planificación da ensinanza e desenvolvemento da docencia centrada no alumnado e na súa futura actividade profesional

Obxectivo estratéxico	Acción	Indicador/Meta	Data final execución	Porcentaxe Execución	Observacións
OE 1.1. Revisión da memoria de grao e das programacións, elaborar un sistema modular e reforzar o sistema na docencia por competencias	1.1.1.	1 solicitude nova memoria / modificación substancial do Grao en Veterinaria	Dec. 2026		
	1.1.2.	Mapa de competencias: > 90 % materias Grao en Veterinaria recollidas no mapa	Dec. 2024	100%	GrV-AM-09.01 (2023-24) <i>Finalizada 31/05/2024</i>
	1.1.3.	Indicación no programa de obxectivos aprendizaxe/competencias (20 materias)	Dec. 2026	50%	GrV-AM-09.03 (2023-24) <i>Data comprob. 30/12/2024</i>
	1.1.4.	Revisión da coordinación entre materias das 38 competencias a día 1. Grao veterinaria	Dec. 2026	68%	GrV-AM-09.03 (2023-24) <i>Data comprob. 04/02/2025</i>
OE 1.2. Novas propostas de formación de posgrao	1.2.1.	1 solicitude tramitada da proposta de novo mestrado	Dec. 2026		
	1.2.2.	2 cursos/actividades (por curso) de formación específica / especialización	Dec. 2026		
OE 1.3. Mantemento e fortalecemento do Mestrado Universitario en Xenómica e Xenética	1.3.1.	2 actividades (por curso) de difusión do Máster en Xenómica e Xenética	Dec. 2026		

LE 2: Xestión eficiente de recursos materiais e servizos

Obxectivo estratéxico	Acción	Indicador/Meta	Data final execución	Porcentaxe Execución	Observacións
OE 2.1. Revisión dos procesos relacionados cos recursos materiais e servizos.	2.1.1.	Revisión: Manual de bioseguridade, Procedemento riscos laborais e SANDACH	Dec. 2026	67%	FV-AM-02 (2023-24) <i>Finalizada 30/12/2024</i>
	2.1.2.	1 Informe anual sobre docencia para Fundación Rof Codina e Deputación	Dec. 2026		
	2.1.3.	4 nomeamentos de coordinadores de actividades específicas do centro	Dec. 2026	100%	FV-AM-03 (2023-24) <i>Finalizada 24/06/2025</i>
OE 2.2. Organización de formación para PDI, PTXAS e títos/as profesionais enfocada a necesidades específicas do centro	2.2.1.	2 cursos/50 alumnos (por ano) formación específica para persoal docencia	Dec. 2026	50%	FV-AM-04.01 (2023-24) Plan Formación específico. <i>Finalizada 16/12/2024</i> FV-AM-04.02 (2023-24) Cursos 2023-24: 4 cursos; 90 alumnos/as <i>Finalizada 16/12/2024</i>

OE 2.3. Impulsar alianzas estratéxicas con empresas para a realización de estancias tuteladas, TFG e TFM reforzando a participación do tecido empresarial nas actividades docentes	2.3.1. 2 TFG e 1 TFM novos ofertados asociados a estancias (por curso)	Dec. 2026		
--	--	-----------	--	--

LE 3: Innovación docente, transformación dixital e internacionalización

Obxectivo estratéxico	Acción	Indicador/Meta	Data final execución	Porcentaxe Execución	Observacións
OE 3.1. Aumentar as actividades conxuntas con outros centros nacionais e internacionais e os acordos de mobilidade internacional	3.1.1.	1 actividade innovación docente por curso / 1 grupo de innovación docente	Dec. 2026		
	3.1.2.	2 novos convenios para mobilidade internacional	Dec. 2026		
OE 3.2. Fomentar a realización de prácticas utilizando novas tecnoloxías (3D, simulación, etc.)	3.2.1.	2 novas actividades/prácticas por curso con uso de novas tecnoloxías	Dec. 2026		
	3.2.2.	2 vídeos novos por curso para realidade virtual	Dec. 2026		
	3.2.3.	1 centro novo por curso dentro da rede para compartir vídeos realidade virtual	Dec. 2026		

LE 4: Comunicación, transparencia e transferencia

Obxectivo estratéxico	Acción	Indicador/Meta	Data final execución	Porcentaxe Execución	Observacións
OE 4.1. Aumentar actividades extracurriculares e a súa difusión.	4.1.1.	Creación 2 Aulas formación específica / 4 actividades por curso	Dec. 2026	50%	FV-AM-06.01 (2023-24) Creación de 2 Aulas e >4 actividades curso 2023-24
	4.1.2.	6 actividades de difusión da veterinaria e 6 novas en prensa e redes sociais por curso	Dec. 2026		
OE 4.2. Promover o coñecemento dos procesos de xestión e de calidade da facultade	4.2.1.	1 actividade (por curso) sobre xestión de procesos do centro e de calidade	Dec. 2026		
OE 4.3. Mellorar a estratexia de comunicación	4.3.1.	2 novos vídeos (1 grao, 1 mestrado) para difusión por diferentes medios	Dec. 2025	50%	GrV-AM-03 (2023-24) Realizouse o vídeo do grao
	4.3.2.	Modificación, aprobada pola CCPdCG, do proceso PS-06 Información pública	Dec. 2026		

1.3. **Obxectivos de calidade: Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.**

O [Plan de Melloras da Facultade de Veterinaria para o curso 2023/24](#), que figuraba na Memoria de Calidade 2022/23, estruturouse en 4 obxectivos de calidade:

- Mellora nos procesos e organización relativos a calidade, seguridade e persoal do centro.
- Difusión da profesión veterinaria e das titulacións do centro aos grupos de interese, futuros estudantes e á sociedade en xeral
- Mellora dos procesos ensino-aprendizaxe: formación en base a competencias, uso de novas tecnoloxías, innovación docente e mantemento dos recursos para a docencia
- Realización dunha titorización de estudantes interesados en campos concretos do exercicio profesional relativos ás titulacións do centro

Estes 4 obxectivos de calidade levaron asociadas un total de 19 Accións de Mellora (AM). As AM son gravadas de maneira separada na AASX, diferenciando AM relativas aos 2 títulos impartidos neste centro, Grao en Veterinaria (GrV) e Máster en Xenómica e Xenética (MXX), e as AM que poderían considerarse dentro do Plan de Melloras do Centro.

Polo tanto, parte da análise e do estado de cumprimento das Accións de Mellora 2023-24 derivadas do informe de seguimento dos títulos, forman parte do [Informe anual de seguimento do Grao en Veterinaria 2023-24](#). Hai que sinalar que este curso non se realizou o informe de seguimento anual do MXX, debido a proximidade temporal da renovación da acreditación do título (12/12/2024), polo que dita análise quedará reflectida nesta Memoria de Calidade. Tódalas accións de mellora 2023-24, e as pendentes do curso 2022-23, foron informadas, e pechadas as accións finalizadas, na AASX.

Tamén se acometeron outras accións xerais, enfocadas ao desenvolvemento de accións estratéxicas específicas recollidas dentro dos obxectivos e liñas estratéxicas dos distintos plans estratéxicos. Así, as accións de mellora contempladas para o curso 2023-24 estaban xa en consonancia co actual Plan Estratéxico 2024-26, que foi aprobado finalmente pola Xunta de Facultade o 25/11/2024. Así mesmo recollen, cando corresponde, as recomendacións xurdidas dos informes derivados dos procesos de avaliación. Por último, sinalar que existían AM activas do PMAC do 2022-23, que se estenderon ao PMAC 2023-24.

O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos realízao a CCC; así, na súa reunión do 16/12/2024, fíxose a análise do seguimento das accións de mellora comprometidas para o curso académico 2023-24, revisouse o estado de desenvolvemento das accións propostas e valorouse a continuidade daquelas accións de mellora que non resultaron eficaces ou non foi posible levalas a cabo no tempo previsto.

No seguinte punto inclúese información sobre o estado de execución das Accións de Mellora asociadas a estes Obxectivos de Calidade.

1.4. **Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC).**

Evolución das Accións de Mellora do Máster en Xenómica e Xenética

A Comisión de Coordinación do Máster acordou as accións de mellora 2023-24 a partir da información obtida a través das reunións do Plan de Acción Titorial (PAT) co alumnado e outras reunións informais, tanto con profesores como co alumnado. Así mesmo, tivéronse en conta as recomendacións feitas pola ACSUG no seu Informe Final de Seguimento do título (26/01/2024) correspondente ao autoinforme de seguimento do curso 2021-2022. As AM propostas para o PMA 2023-24, todas elas finalizadas con eficacia, foron as seguintes:

- **MXX-AM-1 (Curso 2023-2024)** Mellora nas instalacións das aulas de impartición do Máster en materia de conectividade e equipamento para videoconferencia.
- **MXX-AM-2 (Curso 2023-2024)** Axuste no período de elección das actividades de PEs e TFM.
- **MXX-AM-3 (Curso 2023-2024)** Actualización da web propia, incorporando os enlaces ás webs oficiais do estudo na USC e UVIGO.
- **MXX-AM-4 (Curso 2023-2024)** Aumento da porcentaxe dos grupos de interese que enchen as enquisas de satisfacción do estudo.
- **MXX-AM-5 (Curso 2023-2024)** Proporcionar información máis completa acerca dos resultados das enquisas de satisfacción para a UVIGO.

Despois de cinco anos de desenvolvemento do estudo (dende o curso 2018-2019), facíase necesaria unha actualización dos equipos de audio, son e conectividade, nas aulas reservadas para o Máster nos distintos centros de impartición. Esta acción tamén foi suxerida no informe proporcionado pola ACSUG. Instaláronse novos equipos de videoconferencia (incluíndo cámaras 4K, televisións de alta definición cun tamaño superior a 60 polgadas, equipos de son) e mellorouse a rede wifi na Aula XXV Aniversario da Facultade de Veterinaria e no Seminario 3 da Facultade de Bioloxía da UVIGO. Ademais, mellorouse e incrementouse o número de puntos de conexión eléctrica nas tres aulas de impartición do estudo (as dúas mencionadas anteriormente e a Aula Cibus do edificio CIBUS na Facultade de Bioloxía do Campus de Santiago). Todos os equipos estiveron operativos antes do inicio do curso 2024-2025. Finalmente, e malia as melloras realizadas ao longo do curso 2023-2024 nas instalacións, para o curso 2025-2026 está previsto o cambio da aula de impartición do Máster no Campus de Santiago, pasándose a impartir na Aula Seminario 3 “Félix Rodríguez de la Fuente” da Facultade de Bioloxía da USC. Este cambio pretende tamén satisfacer as solicitudes realizadas polos estudantes que asisten a clase nese Campus.

Os estudantes solicitaron poder estender a elección das actividades de Prácticas Externas (PEs) e TFM ata o mes de novembro para ter cursadas máis materias que lles axuden a escoller os temas que máis lles interesen para desenvolver as súas actividades. Por este motivo, estendeuse o período de elección de actividades ata o mes de novembro (concretamente ata o día 13 de novembro de 2023), realizándose a reunión informativa e de asignación de actividades o día 5 de decembro de 2023, mediante MS Teams programándose a reunión no equipo do curso.

Tamén se actualizou a información na web propia, engadíndose os enlaces ás webs oficiais do Máster na USC e na UVIGO (a web propia pódese consultar no seguinte enlace: <https://www.mastergenomicaygenetica.com/>).

Outra mellora suxerida pola ACSUG foi intentar aumentar a porcentaxe dos distintos grupos de interese que enchen as enquisas de satisfacción do Máster. Durante o curso 2023-2024 volvéronse a enviar correos recordatorios aos estudantes, docentes e titores externos, e fixéronse chamamentos individualizados ao estudiantado. Así, como se pode comprobar nos valores dos indicadores acadados para o presente curso, as taxas de resposta dos estudantes (IN48M, INF.13, INF.22), egresados (INF.09) e titores externos (INF.07) aumentaron respecto ao curso 2022-2023 (os valores pódense consultar detalladamente nos indicadores e informes citados previamente), polo que estas accións quedarán incorporadas para os seguintes cursos.

Finalmente, e tamén suxerido pola ACSUG, se proporcionou información máis completa das enquisas de satisfacción e indicadores da UVIGO. O problema é que os valores dos estimadores e enquisas na UVIGO enviábanse ao coordinador desa universidade moitas veces durante os meses de abril e maio, datas posteriores á entrega do informe de seguimento do estudo na USC (universidade coordinadora). Este motivo facía que algúns valores non se engadiran no informe presentado na USC, que é o que se avalía por parte da ACSUG. Por este motivo, para o informe de renovación do curso 2022-2023 o coordinador da UVIGO (Prof. Humberto Quesada) solicitou á Central de Datos da UVIGO o envío da información no mes de xaneiro para a súa incorporación ao documento da USC ([Informe Renovacion MGG 2022_23.pdf](#)). Así, intentárase ter sempre os valores da UVIGO antes do peche de envío marcado na USC.

Evolución das Accións de Mellora do Grao en Veterinaria

As accións de mellora do Grao en Veterinaria para o curso 2023-24 xurdiron da análise e revisión feita do curso 2022-23 no Informe de Seguimento e outras propostas de mellora xa en consonancia co actual Plan Estratégico 2024-26. Ademais, cada ano, pídeselles ás materias do grao que envíen á CCC as accións de mellora que consideren necesarias como proposta para mellorar o desempeño docente. Esta posibilidade é unha ferramenta de enorme valor que a implantación do SGC ofrece para a continua innovación e mellora da actividade docente, e que cada vez máis vai consolidándose dentro da planificación que as diferentes materias fan para o curso próximo. As propostas de accións de mellora recibidas e implementadas durante o curso 2023-24 están recollidas nas **GrV-AM-04 (2023-2024)** e **GrV-AM-05 (2023-2024)**.

A gran maioría delas foron finalizadas con eficacia. Das 15 accións de mellora activas, houbo 4 que non se puideron considerar eficaces, aínda que 2 delas foron pospostas para ser finalizadas no curso 2024-25.

A acción de mellora que non foi eficaz no Plan de Melloras 2023-24 e non se vai prorrogar é a **GrV-AM-02 (Curso 2022-2023) Mellorar a descrición dos plans de traballo no centro de destino nos acordos das materias de estancias**. Debido á complexidade das materias e ao gran número de institucións e empresas coas que existen convenios, pero sobre todo debido á gran variedade de destinos, non

foi posible deseñar unha estratexia que permita alcanzar os obxectivos. Nun futuro poderanse estudar outras vías para alcanzar os devanditos obxectivos, pero polo momento non se ve, a curto prazo, a viabilidade desta acción de mellora.

GrV-AM-07 (Curso 2022-2023) *Cambio no proceso dos “acordos de mobilidade”.* As táboas de recoñecemento entre o Grao en Veterinaria da USC e os graos en veterinaria ofertadas polas universidades españolas, revisadas e actualizadas polos coordinadores de materia, foron aprobadas na sesión ordinaria da comisión do título de Grao en Veterinaria do día 18/04/2024, tal como se recolle na acta da reunión de Xunta de Facultade do 25/11/2024. Finalmente, na reunión da Comisión de título do Grao en Veterinaria do 05/05/2025 debateuse a conveniencia de establecer algún tipo de procedemento propio do centro, para recoñecementos de estudos non contemplados nas táboas, ou ben manter simplemente o procedemento xeral sinalado na normativa e convocatorias de mobilidade da USC, acordándose esta última opción.

As 2 accións de mellora que non foron eficaces, pois non se deron realizado neste período, pero se prevé finalizar no 2024-25 son:

GrV-AM-02 (Curso 2023-2024) *Revisar a estratexia de comunicación da conta de Instagram do centro.* Incorporouse como colaboradora unha estudante do grao, que tamén é graduada en Comunicación, polo que se decidiu prorrogar esta acción de mellora para dar tempo a que se desenvolva a estratexia de comunicación para completala.

GrV-AM-09 (Curso 2022-2023) *Elaboración de enquisas de satisfacción do TFG para estudantes e profesores.* Pospúxose a súa prórroga até o curso actual (data de finalización 31/07/2025), polos cambios realizados na actualización da NORMATIVA DE MATRÍCULA, ELABORACIÓN E DEFENSA DO TFG, aprobada polo Consello de Goberno da USC o 26 de abril de 2024, a cal modificou a composición da Comisión de TFG, sendo nomeado un novo Coordinador de TFG (Xunta de Facultade do 23/11/2024) e os restantes novos membros da Comisión.

Por outra parte, as accións de mellora **GrV-AM-06 (Curso 2023-2024)**, **GrV-AM-08 (Curso 2023-2024)** e **GrV-AM-09 (Curso 2023-2024)** permanecen abertas e activas porque no Plan de melloras do 2023-24 xa se contemplou a data de finalización para o ano 2025, polo que se continua traballando nelas, e formarán parte do Plan de Melloras do curso 2024-25.

Evolución das Accións de Mellora do Grao en Veterinaria 2023-24

Nas accións de mellora do centro do curso 2023-24 continuouse traballando en cuestións relativas á mellora dos procesos e organización relativas a calidade, así como nos aspectos de mellora do entorno de traballo e a seguridade do persoal, e tamén en actividades de formación para a difusión da profesión veterinaria en campos concretos do exercicio profesional.

No curso 2023-24 desenvolvéronse 13 accións de mellora (6 do PMAC 2023-24 e 7 que se iniciaron no PMAC 2022-23), das cales 9 foron finalizadas en tempo e consideradas eficaces; unha delas, con data de finalización en decembro de 2025, segue activa, mentres que 3 delas non foron rematadas dentro da data de finalización prevista, 2 delas vanse continuar no curso 2024-25:

FV-AM-01 (Curso 2023-2024) *Mellora e axuste dos procesos de recollida de información dentro do SGC.* Esta AM consta de 3 tarefas, 1 das cales foi finalizada con eficacia. A meta era o incremento dun 10% na taxa de resposta nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. A taxa de resposta nos estudos de grao pasou dun 24,12% no curso 2022-23 a un 59,24% no 2023-24 (IN48G), mentres que nos estudos de máster pasou dun 38,46% no 2022-23 a un 71,43% no 2023-24 (IN48M). **Quedan pendentes de finalización** a tarefa 2 (Elaborar un documento no que se recollan as deficiencias atopadas na información recibida da Área de Calidade/Centro de Datos e Procesos) e a tarefa 3 (Elaborar un protocolo interno da recollida de datos para o cálculo dos indicadores da EAEVE).

FV-AM-03 (Curso 2022-2023) *Revisión de indicadores dos procedementos do centro para o establecemento de metas e unha mellor avaliación dos resultados e a súa análise.*

A terceira AM que non se finalizou na data prevista foi a **FV-AM-10 (Curso 2022-2023)** *Elaboración dun rexistro anual dos cursos de formación ofertados pola USC, que complementará, de ser necesario, o deseño e oferta de cursos de formación propios do centro, para cubrir todas as áreas de formación requiridas pola EAEVE.* Esta AM non se vai a continuar no novo Plan de Melloras, xa que aínda que non se levou a cabo o rexistro anual dos cursos ofertados pola USC, si que se deseñou un Plan de formación específico do centro para PTXAS, PDI e titores profesionais, en colaboración coa Escola de Formación da USC (FV-AM-04 (Curso 2023-2024)), o que fai innecesario a elaboración deste rexistro anual, cuxo obxectivo era, precisamente, o deseño deste Plan de formación específico de centro.

Cabe sinalar que as AM non foron finalizadas na data prevista por falta de tempo, non por dificultades na súa realización. Hai que pensar que o PMAC 2023-24 se elaborou en maio de 2024 e xa se estaba cos preparativos da acreditación europea, prevista para marzo de 2025, para o cal había que facer un autoinforme antes de finais do 2024. Igualmente estíbese en plena elaboración do Plan Estratéxico 2024-26. Por tanto consideramos que estas AM poidan ser finalizadas con eficacia no PMAC do 2024-25.

A información completa sobre todas as AM móstrase no apartado 3 (Plan de Melloras do centro) desta Memoria de Calidade.

Evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro

O proceso estratéxico de *Revisión e Mellora* (PE-02) permite establecer, revisar e/ou actualizar a política de calidade, os obxectivos de calidade do plan de melloras anual, o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), e os resultados dos programas formativos. Pola súa banda, a realización do informe de seguimento anual polas comisións de título, dentro do proceso clave *Análise de resultados e mellora dos programas* (PC-05), constitúe unha ferramenta extraordinariamente útil para detectar e corrixir os posibles desaxustes nos títulos impartidos no centro, e propor as accións de mellora necesarias para a súa consecución.

A CCC, unha vez analizado o funcionamento global do SGC, e revisadas as accións de mellora propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, elabora o Plan de Melloras Anual, que recolle os obxectivos de calidade e as accións de mellora a levar a cabo. Tamén desde a CCC, pídeselles ás materias que envíen as accións de mellora que consideren necesario incluír nos Informes de Seguimento dos títulos, que serán recollidas posteriormente na Memoria de Calidade do Centro. As suxestións do Máster, debido ao seu carácter interuniversitario, son enviadas á CCC a través do Coordinador Xeral, que é membro de dita comisión.

A Memoria de Calidade do curso 2022-2023, que recolle o Plan de Melloras para o curso 2023-2024, foi elaborada pola CCC e aprobada, previo Informe técnico da SCVTI, pola Xunta de Facultade do Centro.

Os Informes de seguimento do Grao en Veterinaria e do Máster en Xenómica e Xenética, así como a Memoria de Calidade do Centro, correspondentes ao curso 2022-2023, e os anteriores, son públicos e están dispoñibles na web da Facultade, o cal permite a todos os grupos de interese acceder a esta documentación, e contribuír á reflexión e á mellora do título.

O seguimento das accións para a consecución dos obxectivos realízase, polo menos, unha vez ao ano pola CCC; así, na reunión do 16/12/2024, fíxose a análise do seguimento das accións de mellora comprometidas para o curso académico 2023-24. Ademais disto, os responsables do seguimento destas AM revisaron e recolleron a información do estado das AM. En última instancia, son sempre revisadas e analizadas polas comisións de título e de calidade no curso dos procesos PE-02 e PC-05, para a valoración da súa eficacia.

As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC son tamén de gran axuda de cara aos procesos de avaliación, xa que nestes anos, a facultade foi incorporando accións de mellora que nos permitiron estar preparados para as avaliacións feitas por parte das distintas axencias avaliadoras (ACSUG e EAEVE).

O Grao en Veterinaria da USC ten que renovar a acreditación europea no ano 2025. Debido a que no curso 21-22 comezou o proceso de preparación para esta avaliación, xa que hai que presentar os datos dos 3 últimos cursos previos á visita de avaliación, engadiuse a análise dos indicadores da EAEVE no Informe de seguimento/resultados do Grao en Veterinaria, a partir do informe do curso 2021-22. Deste xeito, intégranse todos os procesos relativos á calidade do título nun único proceso.

Todas as recomendacións feitas nos informes derivados dos procesos de avaliación, tanto de auditorías internas, como da ACSUG ou da EAEVE, foron tidas en conta a través das accións de mellora incluídas no Plan de Melloras e/ou nas posibles modificacións da Memoria dos títulos. Así mesmo, consideráronse na elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Veterinaria 2024-2026.

Así, as recomendacións xurdidas do informe final da visita realizada pola ACSUG o 11/10/2022 (Informe final de certificación da implantación do sistema de garantía de calidade, programa FIDES-AUDIT), reflectíronse no Plan de Melloras 2022-23 (FV-AM-3, FV-AM-4, FV-AM-5, FV-AM-6). Segue quedando pendente algunha das recomendacións deste informe, como o deseño dunha táboa cos indicadores dos procedementos, os seus resultados de cada ano e as tendencias, para facilitar a súa análise; esta recomendación está recollida na acción de mellora FV-AM-3 2022-23, acción que foi prorrogada para o 2023-24, e que se espera finalizar definitivamente no 2024-25, tal como figura no apartado anterior.

Pola súa parte, as recomendacións feitas no Informe final de seguimento externo do Máster Universitario en Xenómica e Xenética (MXX), emitido pola ACSUG con data do 26/01/2024, foron tidas en conta para as accións de mellora propostas no informe para a renovación da acreditación do MXX do curso 2022-23, e incorpóranse como parte do Plan de Melloras 2023-24, sendo todas elas finalizadas con eficacia.

Na actual Memoria de calidade recóllense, no apartado do Plan de melloras 2024-25, as recomendacións feitas pola ACSUG no seu Informe Final de Avaliación FAVORABLE para a Renovación da Acreditación do Máster en Xenómica e Xenética (05/11/2024), así como as realizadas pola EAEVE no seu Informe da Visita completa realizada do 24-28 de marzo de 2025.

1.5. Coordinación titulacións interuniversitarias e inter-centros.

O Máster en Xenómica e Xenética (MXX) é un Máster interuniversitario impartido polas Universidades de Santiago e Vigo. Cada centro de impartición desenvolve o seu propio Sistema de Garantía de Calidade (SGC), aínda que ao ser a USC a universidade coordinadora, correspóndelle á Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria da USC integrar ao Máster no seu propio SGC. O devandito sistema posúe os mecanismos necesarios para recoller información sobre o título, analizala, detectar debilidades e propor accións de mellora.

Na Web da Facultade de Veterinaria da USC (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade>) atópase toda a información sobre o SGC do centro, que ten concedido o Certificado de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade (Programa FIDES-AUDIT), dende o día 11/10/2022, e cuxa auditoría realizouse en decembro de 2021. A información para a Facultade de Bioloxía da UVIGO atópase na súa web (<http://bioloxia.uvigo.es/es/calidad/sistema-de-garantia-de-calidad/>), tendo este centro xa a Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade (Programa FIDES-AUDIT), e o Selo de Calidade da UVIGO.

A Facultade de Veterinaria da USC, e a Facultade de Bioloxía da UVIGO teñen unha Comisión de Calidade, órgano colexiado que supervisa e promove os diferentes sistemas e procesos vinculados á calidade (SGC, seguimento das titulacións, procesos de avaliación, ...), a análise de resultados e indicadores, e a planificación e seguimento de accións de mellora consecuentes. Os coordinadores do Máster son membros natos desta comisión. No caso da USC, tamén o foi o secretario académico do Máster ata o curso 2022-2023.

Tanto na USC como na UVIGO dispónse de enquisas de satisfacción sobre a titulación que se realizan por medios telemáticos, aínda que as enquisas de ambas universidades son diferentes e, por tanto, ás veces son difíciles de analizar conxuntamente, xa que non se formulan as mesmas preguntas, ou non están dispoñibles na mesma data, o que xera ás veces falta de información para a elaboración de determinados informes.

Aínda así, a coordinación entre ambas institucións é adecuada, xa que en cada unha das Universidades existe unha comisión académica do Máster (CAM) e para a súa coordinación hai unha Comisión de Coordinación do Máster (CCM) onde participan membros de ambas comisións académicas (os coordinadores e secretarios académicos das dúas universidades e o coordinador de área externa).

As accións de coordinación que levaron a cabo durante o curso 2023-2024 foron:

- Reunión co profesorado ao final do curso 2022-2023 para a organización do curso 2023-2024, celebrada o día 20 de xullo de 2023 mediante MS Teams no equipo creado con todos os docentes do Máster, onde se analizaron os resultados das enquisas, valoráronse os resultados de avaliación e tivéronse en conta as suxestións presentadas polo alumnado e os docentes. Durante a reunión abordáronse diferentes puntos organizativos como o fomento do uso do correo institucional da USC, o desenvolvemento e organización das PEs e TFMs, as modificacións no cadro de docentes, a realización da docencia exclusivamente de xeito presencial, e o lanzamento oficial da conta na rede social INSTAGRAM (@MGG_USC_UVIGO). Ademais, informouse sobre a matriculación e as aulas de impartición do Máster (i.e., Aula XXV na Facultade de Veterinaria da USC en Lugo, Aula Cibus na Facultade de Bioloxía da USC en Santiago e Aula Seminario 3 na Facultade de Bioloxía da UVIGO). Tamén se abordou o proceso de renovación do estudo, solicitando a todos os docentes a súa axuda e colaboración. Finalmente, houbo un debate sobre a problemática do emprego de ferramentas de intelixencia artificial (e.g., ChatGPT) para a realización dos distintos traballos. Dende a Coordinación indicouse que, como é unha problemática académica global, realizaranse as accións que veñan propostas por ambas universidades.
- Reunión grupal co alumnado ao inicio de curso (11/09/2023) para a presentación e posta en marcha do curso 2023-2024, onde se facilitou ao alumnado información acerca de: horarios, labores de coordinación, uso da plataforma virtual e desenvolvemento da

docencia, prácticas externas (PEs) e Traballo Fin de Máster (TFM), introdución ás páxinas webs oficiais e propias do estudo, descrición das tres especialidades do Máster, e doutros aspectos que xurdiron durante a reunión.

- Numerosas reunións presenciais e virtuais entre as CAM da USC e UVIGO e da Comisión de Coordinación do Máster de cara a coordinar o uso da plataforma virtual para impartir a docencia (MS Teams), data de inicio e fin do curso, as prácticas externas, defensas de TFM, xestión e organización da docencia, etc.
- Reunión para a elección de PEs e TFMs: Tal e como se realizou nos tres cursos previos (2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023) e implantada como unha acción de mellora no curso 2020-2021, realizouse unha reunión o día 5 de decembro de 2023 mediante o equipo de MS Teams do curso para a elección das actividades de PEs e TFMs dos estudantes que non as pactaran previamente. Ademais, esta reunión tamén serviu para explicar o funcionamento e avaliación de ambas actividades a todo o estudiantado do Máster. Como nos cursos anteriores, a reunión foi moi ben acollida polos estudantes, que agradeceron a información recibida e a creación dun espazo para resolver as súas dúbidas respecto ás actividades.
- Reunión para a valoración do grao de satisfacción do alumnado coas PEs e o desenvolvemento xeral do Máster que se celebrou o día 14 de maio de 2024. Durante a reunión, o estudiantado manifestou a súa satisfacción xeral co estudo, destacando que tiveron flexibilidade nas tarefas, bo ambiente nos grupos de investigación onde estiveron, e o apoio recibido polos titores externos. Tamén indicaron que sería positivo que os docentes expliquen, durante o primeiro día de clase, as actividades que se deben realizar na materia para poder realizar unha organización do tempo e do traballo máis eficiente.
- Reunión final con todo o profesorado (19/07/2024) para analizar o curso 2023-2024 e organizar o inicio do curso 2024-2025. Realizouse de maneira telemática (para facilitar a asistencia debido ao gran número de centros involucrados) utilizando a plataforma MS Teams proporcionada polos recursos ofimáticos da USC, utilizando tamén o equipo con todos os docentes do Máster. Nesta reunión propúxose de novo o fomento do correo institucional da USC para proporcionar información sobre o curso (ademais da habitual lista de distribución coas ditas contas e as persoas do estudiantado), explicouse o desenvolvemento das PEs e TFM, as altas e baixas no cadro de docentes, o desenvolvemento da docencia exclusivamente presencial, o control da carga docente, a organización de cambios de datas dos exames, as aulas exclusivas para impartición da docencia do Máster nos distintos campus, o control do plaxio e da asistencia a clase, e a renovación durante seis anos do estudo por parte da ACSUG (informe provisional favorable recibido o 03/07/2024) cunha valoración moi positiva.

1.6. Sistema SIGC/SGC. Vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC.

A Facultade de Veterinaria dispón do **Certificado de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade** (Programa FIDES-AUDIT) da ACSUG con data do 11/10/2022.

As recomendacións feitas no Informe final de certificación da implantación do SGC por parte da ACSUG foron tidas en conta no Plan de melloras do centro 2022-23; especificamente as accións de mellora (AM) do centro FV-AM-2 hasta a FV-AM-6. Parte de todas elas, coa excepción da FV-AM-05 que foi finalizada no 2022-23, foron prorrogadas para o curso 2023-24, sendo obxecto de análise desta memoria de calidade.

Durante o curso 2023-24 recolléronse os protocolos de actuación internos do centro para reunilos nunha carpeta dispoñible para todos os grupos de interese (**FV-AM-02 (Curso 2022-23)**). Se ben a idea orixinal consistía na elaboración dun documento que recollera todos estes protocolos internos, optouse pola súa recompilación nesta carpeta que esta dispoñible no apartado de calidade, dentro da documentación do SGC, concretamente no subapartado de "Outra documentación do SGC". Os protocolos que se recolleron hasta o momento son os seguintes (todos eles aprobados pola CCC):

- Reunións de valoración de semestre
- Designación de titores académicos das Estancias
- Programa de Formación para docencia en Veterinaria
- Enquisa de satisfacción do Laboratorio de Habilidades Clínicas
- Enquisa propia de perfil de ingreso aos estudos de grao
- Enquisa de satisfacción coa docencia do Rotatorio Clínico Hospitalario
- Criterios e mecanismos para establecer accións de mellora

Fixose a revisión do reparto de tarefas dentro da CCC para o seguimento das AM e a elaboración da MC, así como a revisión dos

criterios e dos mecanismos para establecer e aprobar accións de mellora, así como o seu seguimento (**FV-AM-04 (Curso 2022-23)**), o que se recolle no protocolo de "Criterios e mecanismos para establecer accións de mellora" aprobado pola CCC na súa reunión do 18/03/2024.

Durante o curso 2023-24 levouse a cabo tamén a elaboración, aprobación e publicación do Plan Estratéxico 2024-26 (**FV-AM-06 (Curso 2022-23)**), como xa se comentou en anteriores apartados. Sinalar que para a súa elaboración contou coa valiosa colaboración do Comité Consultivo Externo.

A vixencia do SGC evidénciase polas modificacións realizadas para a súa mellora e adaptación dende 2019 (ver Memoria de calidade dos cursos 2019-20, 2020-21, 2021-22, 2022-23), estando en continua revisión, modificación e mellora.

Así, no curso 2022-23, dentro das AM propostas no Plan de melloras, actualizouse novamente o Manual do SGC e o Manual de procesos, modificacións que foron aprobadas na CCC, e posteriormente na Xunta de Facultade do 21/12/2023, sendo finalmente aprobadas pola CCPdCG o 22/04/2024. Entre outras, actualizouse o Manual do SGC para a incorporación de novos indicadores, relacionados coa avaliación pola EAEVE, e os indicadores propios do centro, e revisouse a composición das Comisións de Calidade e de Título. Modificáronse tamén os procesos *PE-01. Planificación Estratéxica* e *PE-02. Revisión e mellora*, para ter en conta as recomendacións feitas no Informe final de certificación da implantación do SGC elaborado pola ACSUG.

Ademais, na reunión da CCC do 07/09/2023 foron revisados os procesos *PC-03. Apoio a estudantes* e *PC-04. Desenvolvemento das ensinanza*s, en concreto o apartado de "Xestión das prácticas externas". Se ben despois da súa revisión acordouse non modificar os procesos, deseñouse un protocolo interno que recolle o fluxo do proceso de asignación de titores académicos en coordinación cos departamentos e o centro (ver acta CCC 07/09/2023).

1.7. Análise da satisfacción.

Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Con respecto aos mecanismos de recollida de información, ademais dos indicadores e informes proporcionados polos servizos centrais da universidade, correspondentes ao SGC, que recollen información sobre os aspectos relevantes, como a docencia, as titulacións, servizos, mobilidade, etc., o centro dispón dun protocolo propio, as *reunións de valoración de semestre*, e dunha serie de enquisas e informes, así como indicadores propios, para recoller dun xeito máis específico a información dos grupos de interese.

A CCPdCG, na súa sesión do 22/04/2024, aprobou as modificacións dos procesos *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas* e o *PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades* do Manual de procesos do centro, e a modificación do punto 5 "Informes e Indicadores" do Manual do SGC, que recollen as melloras feitas que afectan aos procedementos de recollida de información.

Entre estes mecanismos, dispónse xa para a súa análise, desde o curso 2021-22, dunha enquisa sobre as actividades do Laboratorio de Habilidades Clínicas (LHC) e o nivel de satisfacción do alumnado co LHC. Tamén se dispón, desde o curso 2022-23, de enquisas de satisfacción sobre a docencia nas prácticas tuteladas do Rotatorio Clínico Hospitalario do Grao en Veterinaria, e de enquisas para coñecer o perfil de ingreso para o Grao en Veterinaria, dirixida a estudantes de primeiro curso.

Outros indicadores específicos son os da acreditación internacional do centro polo ESEVT (European System of Evaluation of Veterinary Training), levado a cabo pola axencia EAEVE; para o cálculo destes indicadores é necesario recoller información, entre outra, do tipo de docencia impartida no Grao en Veterinaria e os recursos empregados (instalacións, equipamento, servizos, animais sans e pacientes, persoal académico e de administración e servizos, etc.), balance económico, número de estudantes totais e egresados, horas teóricas e prácticas no currículo, etc. Estes indicadores están incluídos dentro do *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, como indicadores propios da facultade para o Grao en Veterinaria.

Estes indicadores, así como os resultados destas enquisas atópanse dispoñibles para os grupos de interese na intranet da páxina web do centro dentro do apartado de calidade, na carpeta de "[Enquisas e indicadores propios do centro](#)".

En cursos posteriores cóntase ir incorporando outras enquisas propias do centro, en concreto as enquisas sobre a satisfacción coa rúbrica elaborada para a avaliación dos TFGs (GrV-AM-9 do Plan de Melloras 2022-23).

Dentro do proceso PC-05, as Comisións de título analizan a información e resultados proporcionados pola SCVTI, xunto cos informes

obtidos das reunións de valoración de semestre, no caso do Grao en Veterinaria, e as enquisas e indicadores propios do centro, e elaboran os autoinformes de seguimento, de onde saen posibles accións de mellora que se inclúiran na Memoria de Calidade do centro. Toda esta información, está dispoñible na documentación do SGC do centro no apartado de calidade da súa páxina web (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade/documentacion-sgc>).

Cómpre salientar o problema que persiste, ano tras ano, da baixa participación, sobre todo do estudantado, nas enquisas de valoración. Desde o centro, dentro das actividades de calidade, continúaase a promover a participación nas enquisas de satisfacción distribuídas polo Centro de Datos e Procesos a través de correos aos distintos grupos de interese, con información sobre a súa utilidade e as datas das enquisas; así mesmo, fixéronse pequenas charlas informativas para animar aos estudantes a participar nestas enquisas (sesión de benvinda do alumnado de novo ingreso, reunión cos/as delegados/as de curso e representantes do estudantado na xunta de facultade), e deseñouse un modelo de cartel para difundir os distintos períodos de enquisas a través das pantallas informativas do centro e da conta de Instagram da facultade. Así mesmo, solicitouse aos delegados/representantes que animen aos compañeiros a participar nas enquisas de satisfacción, a través dos grupos de *watsapp*. Tamén se animou ao profesorado a reservar uns minutos para a resposta de enquisas durante a clase.

A tenor dos resultados do curso 2023-24 para o Grao en Veterinaria, parece que a acción de animar ao profesorado a deixar uns minutos durante a clase para que os estudantes respondan as enquisas resultou eficaz, xa que a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida mellorou de forma notable (IN48G: 59,24 vs 24,12% no curso 2022-23). Pola súa banda, a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF. 14), mantense en valores similares (54,07%) a cursos anteriores: 2022-23 (60,43%), 2021-22 (54,26%), 2020-21 (48,87%). Pola contra, continúa a ser un problema a escasa participación (8,73%) nas enquisas de satisfacción coa titulación (INF.22); ao igual que a baixa participación (7,06%) dos egresados nas enquisas de satisfacción (INF. 09) e a do alumnado saínte dos programas de mobilidade, con 3 enquisas cubertas de 20 convidados (15% (INF.04)). A taxa de participación dos titores profesionais nas enquisas de satisfacción coas prácticas externas foi dun 38,26% (INF. 07), con 57 enquisas cubertas de 149 convidados.

Do mesmo xeito, os datos de participación nas enquisas sobre o Máster de Xenómica e Xenética foron moi satisfactorios, subindo dun 38,46% no 2022-23 a un 71,43% no 2023-24 (IN48M), ao igual que a taxa de participación nas enquisas de satisfacción sobre a titulación (INF.22: 26,67% vs 6,67% no curso 2022-23). Pola contra, a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF. 14), descendeu (33,33%) respecto a cursos anteriores: 2022-23 (61,54%), 2021-22 (64,29%). A taxa de participación dos titores profesionais nas enquisas de satisfacción coas prácticas externas foi dun 56,25% (INF. 07), con 9 enquisas cubertas de 16 convidados.

Outro punto importante a destacar en relación ao máster é que, ao ser interuniversitario, as enquisas de ambas universidades son diferentes e, por tanto, son difíciles de analizar conxuntamente, xa que non se formulan as mesmas preguntas.

Aínda así, a pesar da baixa participación en certas enquisas, os resultados en canto ao grao de satisfacción son en xeral moi bos, tanto no caso do Grao en Veterinaria, como do Máster. Os resultados de ditas enquisas analízanse máis polo miúdo na directriz 2 e 3 desta memoria.

Como se ven sinalando en anos anteriores, no caso das enquisas de satisfacción proporcionadas desde a área de calidade da USC, é importante coñecer o número de participantes que cubriron a enquisa, e o número posible de participantes que poderían cubrila, para ter unha idea da representatividade das mesmas, xa que continua a faltar ese dato en algunha delas, como é o caso da taxa de participación dos estudantes e dos titores académicos nas enquisas de satisfacción coas prácticas externas.

Aínda así consideramos que o sistema de recollida de información a través das enquisas, que se fan de forma centralizada pola SCVTI, aporta unha información útil para o desenvolvemento do SGC.

Para o resto de mecanismos de recollida de información relativa a queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese, contamos cos formularios dispoñibles na páxina web do centro, e co servizo que proporciona de xeito centralizado a Oficina de Análises e Reclamacións (OAR).

De acordo co establecido no manual do SGC, proceso *PS-05. Xestión das incidencias(SQR)*, na páxina web da facultade existe un acceso directo a un formulario ([Queixas e suxestións](#)) para que os usuarios (calquera membro da USC) poidan achegar calquera tipo de suxestión ou reclamación, as cales son recibidas directamente no decanato.

Se a queixa ou suxestión excede o ámbito de resolución do centro, derivase ao servizo que corresponda. Reciprocamente, as

incidencias recibidas pola Oficina de Análise de Reclamacións da USC (OAR) que afectan aos aspectos que xestiona a Facultade, recíbense e tramítanse no centro.

A maiores, na web propia do Máster hai unha caixa de correo propia para queixas e suxestións. Ademais, esta web, proporciona un enlace directo ao SGC dos centros responsables, tanto da USC como da UVIGO, á caixa de correo de queixas e suxestións e aos servizos de xestión académica das mesmas.

Todas as reclamacións e queixas descríbense e coméntanse de forma máis completa nas directrices 2 e 3 desta memoria de calidade.

Segundo o recollido no proceso *PS-05. Xestión das incidencias*, as incidencias tratadas internamente pola Facultade, e aquelas das que esta tivese que informar a outros órganos, son recompiladas polo/a responsable de calidade do centro nun informe, para a súa análise posterior pola CCC, de acordo co recollido no proceso *PE-02. Revisión e mellora*; estes informes están dispoñibles na AASX.

Dispónse ademais doutro formulario para comunicar calquera incidencia relativa ás instalacións e servizos da Facultade (calefacción, fontanería, electricidade, ...). Este formulario recíbese na conserxería para actuar directamente naqueles aspectos que entren no seu ámbito de competencias e, se non, comunícanse á Oficina de Xestión de Infraestruturas (OXI) e ao decanato: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria>: "Acceso a formularios"

Accións de mellora e puntos a destacar en relación á directriz 1:

Puntos a sinalar:

Queda pendente dentro da AM do centro *FV-AM-01(2023-24)*. *Mellora e axuste dos procesos de recollida de información dentro do SGC*, a prórroga da elaboración dun protocolo interno de recollida de datos para o cálculo dos indicadores ESEVT, para que os indicadores estean dispoñibles ao comezar o proceso de seguimento do título, toda vez que a experiencia no proceso de acreditación europea en marzo de 2025 axudará a desenvolver un deseño máis eficaz do protocolo interno.

Dentro desta mesma AM, tamén se desenvolverá un documento no que se recollan as deficiencias atopadas na información recibida desde o SCVTI/Centro de Datos e Procesos, tales como a ausencia de datos de participación nalgúns enquisas.

Propostas de mellora

Actualizar/Revisar o protocolo interno para as modificacións da memoria do Grao, xa que o protocolo de modificación das fichas das materias foi aprobado na Xunta de Facultade nas sesións do 15 de maio de 2017 e do 19 de decembro de 2019.

Promover desde as materias de grao, en colaboración co estudantado, publicacións no Instagram da facultade das actividades desenvolvidas en prácticas, dentro da *GrV-AM-02, (2023-2024)*.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

- cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
- cumprimento de guías docentes;
- procedementos de coordinación,
- análise do perfil real de ingreso/egreso,
- análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
- Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

2.1. Adecuación de procedementos.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción dos programas formativos.

O proceso estratéxico PE-02. *Revisión e mellora* no seu desenvolvemento contempla que “Se como resultado da análise do funcionamento dos títulos se propón levar a cabo unha modificación do título ou mesmo a súa extinción, realizarase de acordo co proceso institucional PI-01-Deseño, modificación e extinción de programas”.

Trátase dun dos procesos incluídos a nivel Institucional no Mapa de Procesos do Manual do SGC, e polo tanto con actuacións comúns a tódolos títulos da USC conforme aos programas da ACSUG para a xestión dos mesmos.

As modificacións non substanciais que se fan cada curso, quedan referidas no correspondente epígrafe dos informes de seguimento dos títulos en cuestión, así como no apartado 4 desta memoria de calidade.

2.2. Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Para cada un dos aspectos mencionados neste epígrafe con respecto ao Grao en Veterinaria, pódese consultar a información recollida no [Informe de seguimento do Grao en Veterinaria](#), onde se analizan os diversos aspectos relativos ao desenvolvemento do programa formativo. Hai que sinalar que este curso non se realizou o informe de seguimento anual do Máster en Xenómica e Xenética, debido a proximidade temporal da renovación da acreditación do título (12/12/2024), polo que dita análise quedará reflectida nos distintos apartados desta Memoria de Calidade.

As Comisións de Título son os órganos encargados de analizar, anualmente, o desenvolvemento e os resultados dos programas formativos, de avaliar o cumprimento da memoria verificada do título (MVT) e a conveniencia de modificala ou actualizala; tamén analizan o cumprimento dos programas das materias, a adecuación dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe, e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. Nas actas das reunións celebradas poden apreciarse os procedementos relativos á revisión e á mellora dos programas formativos que se levan a cabo.

Durante o curso 2023-24 levouse a cabo a revisión e mellora dos programas formativos, para garantir o cumprimento das memorias verificadas. Un aspecto importante deste seguimento foi a aprobación e supervisión do grao de cumprimento das guías docentes cos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que figuran nas memorias dos títulos.

GRAO EN VETERINARIA

2.2.1. Memorias verificadas de Título: cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:

A Memoria do Grao en Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela foi elaborada segundo as indicacións da ORDE ECI/333/2008, do 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da Profesión Veterinaria, e obtivo a Verificación positiva do Ministerio de Educación o 2 de xullo de 2010 conforme se adecúa ás previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos

universitarios oficiais, agora derogado polo Real Decreto 822/2021 de 8 de setembro, que require unha modificación para a asignación dun ámbito de coñecemento no canto de rama de coñecemento do grao, a cal xa se realizou no 2023-24 (aprobada por Consello de Goberno o 27/12/2023). A acreditación deste grao foi renovada o 11 de xullo de 2017.

Ou documento da Memoria de Grao ten varias versións segundo vanse incorporando as modificacións aprobadas da mesma. No curso 23-24 o grao impartíuse segundo ou indicado na [Memoria de Grao](#) publicada na páxina web do centro (versión 12, 26/01/2023) en canto ás competencias que deben adquirir os estudantes, así como ao desenvolvemento das actividades académicas, ás metodoloxías docentes aplicadas e aos sistemas e criterios de avaliación.

As propostas de modificación da memoria do título xorden como resultado do seguimento do título e dunha consulta anual ás materias para detectar aspectos a mellorar; outras veces son causadas por cambios na normativa, como foi o caso da modificación que se fixo no 2023-24 de adscrición do título de Grao en Veterinaria ao ámbito de coñecemento “Veterinaria”, cambiando o texto “Rama de coñecemento: Ciencias da saúde”, por “Ámbito de coñecemento: Veterinaria”. Este cambio era necesario como adaptación á nova normativa recollida no Real Decreto 822/2021. Ademais, emendouse unha inconsistencia na distribución de materias nos bloques de materias básicas e obrigatorias ([ver modificacións das memorias](#)).

Estas modificacións para a mellora do título son revisadas e analizadas tanto pola Comisión de Título, como pola Comisión de Calidade, quen emite un informe sobre a súa idoneidade antes da súa aprobación pola Xunta de Facultade.

2.2.2. Guías docentes: cumprimento de guías docentes

As guías docentes de cada unha das materias que conforman o plan de estudos foron publicadas na páxina web institucional do centro antes do inicio do período de matrícula ([programacións docentes](#)). Nelas atópase recollida a información referente ás competencias, actividades formativas, metodoloxía e distribución temporal de tarefas, sistemas e criterios de avaliación, etc.

As guías docentes de todas as materias foron revisadas polos departamentos e a Comisión do Grao, antes de ser aprobadas en Xunta de Facultade e publicadas na páxina web, para asegurar que cumpran o establecido na memoria do título.

O curso 2023-2024 impartíuse segundo as guías docentes aprobadas por Xunta de Facultade o 05/06/2023. Calquera posible desviación con respecto ao programa pódese detectar nas reunións de valoración semestral, e procédese tomando as medidas oportunas.

2.2.3. Coordinación: procedementos de coordinación,

Coordinación da actividade semestral e coordinación vertical

Durante o curso 2023-24 continuouse traballando no avance da coordinación horizontal (como se recolle nos informes de valoración semestral dispoñibles na AASX) e vertical (evidenciado no seguimento das accións de mellora GrV-AM-09 (2020-2021), GrV-AM-01 (2021-2022), GrV-AM-03 (2021-2022), GrV-AM-01 (2022-2023) e GrV-AM-09 (2023-2024) na AASX, nas Memorias de Calidade e en previos informes de seguimento do título, tanto no referente aos contidos e a súa secuenciación temporal, como á distribución das competencias do grao entre as diferentes materias. Dado que para o curso 2024-25 facía falta ter un sistema de avaliación de competencias a día un para a acreditación da EAEVE, no curso 2023-24 elaborouse un mapa de competencias a día un de todo o Grao (GrV-AM-09, Curso 2023-2024, tarefa 1) que facilitará a tarefa de mellorar a coordinación horizontal e vertical nos cursos seguintes. Unha vez identificadas todas as materias nas que se traballa unha determinada competencia, comezouse a realizar reunións para detallar os contidos, actividades e resultados de aprendizaxe nas distintas materias para cada competencia (GrV-AM-09, Curso 2023-2024, tarefa 2, 26 de 38 competencias a día un revisadas), e establecer puntos de control nos que se avalíe a progresión na consecución da mesma que figuren explicitamente na programación docente (GrV-AM-09, Curso 2023-2024, tarefa 3, materias de primeiro curso e Rotatorio Clínico Hospitalario).

Nas reunións de valoración semestral valorase o solapamento de contidos, de existir, e tómanse medidas correctoras. A Comisión de Grao revisou as cuestións de coordinación expostas nestas sesións e estableceu accións para arranxalas (Acta da sesión ordinaria do 18 de abril do 2024).

Coordinación das Prácticas Tuteladas (Prácticas externas curriculares obrigatorias).

Desde o curso 2014-15 existen coordinadores específicos para as materias de prácticas tuteladas, do mesmo xeito que ocorre con calquera outra materia do plan de estudos. Ademais, o centro conta co Comité de Prácticas Tuteladas e Externas desde decembro

de 2019, como se recolle no Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro, que é fundamental para a coordinación destas materias. A pesar do seu carácter multidisciplinar, son materias moi diferentes do resto, nas que a figura do coordinador é clave para resolver todas as cuestións relativas ao desenvolvemento de cada quenda de estancias, levar a cabo a interlocución cos titores profesionais e académicos, e harmonizar os criterios na valoración das memorias sobre o traballo realizado que o estudiantado debe entregar sobre o traballo realizado.

Coordinación das Prácticas Externas (Prácticas externas curriculares optativas).

Ao amparo do Real decreto 592/2014 existe a posibilidade de realizar prácticas externas optativas coordinado polo Vicedecanato de Prácticas externas. Toda a normativa que as regula pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicas>

Coordinación da materia Traballo Fin de Grao.

O Título conta cunha comisión específica que se encarga de organizar e coordinar toda a actividade relacionada con esta materia.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/tfg>

Co fin de mellorar a inserción dos nosos estudantes no mercado de traballo, continuarase co programa de paquetes formativos Estancias-TFGs, implantado no curso 2020-21. Nesta modalidade, o estudante pode realizar a maioría dos 30 créditos que supoñen as prácticas tuteladas e o TFG nunha mesma empresa, o que lle proporciona máis tempo para coñecer o traballo da empresa en cuestión e, á empresa, unha fonte de información valiosa para futuras ofertas de emprego. No curso 23-24 ofertáronse 14 destinos para paquetes formativos ([oferta de TFGs 2023-2024](#) na intranet da USC ou anexo [E24](#) Propostas TFG 2023-24", que se inclúe como información anexa), dos cales 8 foron seleccionados polos estudantes. Este programa contou tamén co apoio do Campus Terra en forma de axudas económicas aos estudantes e coa oferta, por parte dalgunhas empresas, de facilidades para o aloxamento durante a estancia.

Coordinación das prácticas externas extracurriculares.

Os estudantes teñen a opción de facer prácticas voluntarias ao longo de todo o curso unha vez que teñen superados 90 créditos. Estas prácticas non forman parte do plan de estudos, pero figuran no expediente académico e no suplemento europeo ao título. No curso 2023-24 realizáronse dúas convocatorias por parte do Consello Social, unha no mes de febreiro e outra no mes de setembro, e outra convocatoria aberta na que o estudiantado pode propor novos convenios. A xestión administrativa das mesmas realízase a través do consello social, co apoio da unidade administrativa da facultade. A coordinadora da materia, e titora académica dos estudantes, é a vicedecana responsable de prácticas externas.

2.2.4. Perfil ingreso/egreso. Análise do perfil real de ingresos/egreso,

No curso académico 2023-24, de novo, a "Taxa de Ocupación" (IN12G), definida como a relación porcentual entre a matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04G) e o número de prazas ofertadas (IN01G), alcanzou un valor moi próximo ao 100% (110 prazas ofertadas e 118 estudantes matriculados por preinscrición), indicando que o proceso de admisión está a funcionar adecuadamente.

Curso académico	Número de prazas ofertadas (IN01G)	Matrícula (IN02G)	Matrícula de acceso (IN03G)	Matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04G)	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN05G)	Taxa de ocupación (IN12G)
2019-20	110	679	115	108	- 5,26	98,18%
2020-21	110	667	117	111	2,78	100,91%
2021-22	110	648	123	113	1,80	102,73%
2022-23	110	656	120	113	-	102,73%
2023-2024	110	672	126	118	-	107,27%

En canto á procedencia xeográfica do alumnado matriculado, como se mostra na seguinte táboa, os datos indican que a demanda para cursar o Grao en Veterinaria na USC supera amplamente o ámbito da Comunidade Autónoma (indicadores IN08G e IN09G). A porcentaxe de estudantes procedentes de fóra de Galicia está próximo ao 50% do total do alumnado matriculado e mantense

estable nos últimos cursos.

Curso académico	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Estudantes nacionais de fóra de Galicia (%) – (IN09G)	50,96	49,78	49,54	48,17	49,4
Estudantes estranxeiros (%) – (IN08G)	4,12	3,90	3,40	3,05	3,42
Estudantes de Galicia (%)	44,92	46,32	47,06	48,78	47,18

Os criterios de admisión de estudantes para o acceso ao ensino superior están definidos pola Orde do 24 de marzo de 2011 que regula as probas de acceso aos ensinos oficiais de grao e polo proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG nº66 do 24 de abril de 2011), e regulado pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG - <http://ciug.gal/>) que aplica os criterios de adecuación e ponderación das diferentes modalidades de acceso ao perfil dos diferentes graos; estes criterios axústanse perfectamente aos requisitos e perfil de acceso que describe a memoria do noso título.

Os valores dos indicadores da nota media de acceso por preinscrición (IN06G), e a porcentaxe de estudantes que acceden ao grao con puntuación igual ou superior a seis (IN07G), no curso 2023-24, foron de 11,81 e 100% respectivamente, e reflicten o axeitado nivel formativo do alumnado que accede aos estudos do Grao en Veterinaria.

Nota media de acceso por preinscrición (IN06G)				
2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
11,11	11,82	12,03	11,88	11,81

Sinalar que durante o curso 2023-24 o número de estudantes procedentes de estudos de Formación Profesional mantense elevado igual que en cursos anteriores, tal como reflíctese no IN04G-Matricula de novo ingreso por preinscrición (INF CIUG):

IN04G. Matricula de novo ingreso	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Adaptación desde plans en extinción	0	0	0	0	0
Continuación de estudos (traslado)	3	4	0	0	0
Formación Profesional	22	31	20	34	28
Maiores de 25 anos	1	2	0	2	2
PAAU	85	76	88	77	87
Titulados	2	2	2	1	1
Validación parcial de estudos estranxeiros	2	2	0	0	0
Deportes			1	2	0
Diversidade funcional			2	0	1

Ademais, obsérvase un claro perfil vocacional no alumnado que accedeu ao grao, posto que unha gran maioría elixiu estes estudos en primeira opción. A relación porcentual de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados sobre o núm. de prazas ofertadas (IN10G) foi de 99,09% no curso 2023-24, valor que se mantén moi elevado ao longo do tempo, reforzando a idea do gran interese dos futuros universitarios por cursar estes estudos na nosa Facultade.

Segundo os datos do Ministerio de Educación (<https://www.ciencia.gob.es/Ministerio/Estadisticas/SIIU/UCT.html>) o Grao en Veterinaria da USC ten unha taxa de preferencia da titulación do 559,09 %

Outro aspecto que reflicte a coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título, é a baixa taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G), con un valor de 7,87%, semellante ao dos cursos anteriores. O valor da taxa de abandono é significativamente menor que o valor medio deste parámetro no conxunto das titulacións da USC (17,52%). Por outra banda, a taxa de abandono final definida polo RD 1393/2007 (IN41G) baixa tamén con respecto ao curso anterior, e está por baixo dos valores medios da USC (20,13%).

Taxas de abandono	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G)	7,14%	8,43%	2,41%	7,79%	7,87%
Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G)	13,73%	10,47%	5,26%	9,52%	13,25%

En relación coas taxas de abandono hai que ter en conta, ademais, que cada ano aproximadamente o 50% do alumnado de novo ingreso procede de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e constatouse que un certo número ao longo dos seus estudos trasladan o seu expediente a facultades máis próximas ao seu lugar de orixe, o que incrementa as taxas de abandono, a pesar de que o estudante mantén o seu vínculo co título escollido, o que reflicte a coherencia do perfil de ingreso establecido na memoria.

Finalmente, sinalar que se detectou unha demanda de profesionais veterinarios no sector de produción animal que non está cuberta actualmente, posiblemente polo perfil profesional que escollen os egresados. Neste sentido, en conxunción coas accións de orientación profesional durante a titulación, fai falta facer unha análise das preferencias laborais dos novos estudantes, de modo que poidamos instaurar accións para fomentar a captación dunha porcentaxe de estudantes interesados no sector produtivo, e facer un seguimento do éxito desas accións. Nesta liña de acción, no curso 2022-23, comezouse a aplicar aos estudantes de novo ingreso unha enquisa deseñada como acción de mellora no curso anterior, para recoller as preferencias de ámbito de traballo dentro da profesión veterinaria, entre outra información (GrV-AM-18, curso 2021-22). Os resultados desta enquisa mostran unha clara preferencia pola clínica de animais de compañía e parques zoolóxicos, acuarios ou similares; as industrias agroalimentarias son a saída profesional menos escollida (ver táboa). As medidas tomadas respecto diso figuran na sección "3.2. *Admisión do alumnado (accións de captación)*"

Resultados sobre preferencias profesionais da enquisa propia de perfil de ingreso (ordenados por preferencia, número de enquisas: 104).		
Orientación profesional que che gustaría levar a cabo tras estudar o Grao en Veterinaria (escoller cales)	2022-23	2023-24
Parques zoolóxicos, acuarios, reservas de animais, centros de rescate	69	60
Clínica veterinaria de animais de compañía (cans, gatos)	65	65
Clínica veterinaria de animais exóticos	53	45
Clínica veterinaria de animais de produción	34	29
Produción animal (granxas, cooperativas,	28	24
Investigación e/ou educación	25	23
Funcionario da administración (saúde pública, seguridade alimentaria,...)	14	8
Biodiversidade e medio ambiente	11	18
Outras	7	5
Industrias agroalimentarias (matadoiros, industrias lácteas, fábricas de penso, ...)	5	0

En canto ao perfil de egreso, a taxa de gradación (IN37G) situouse no 73,49 % no curso 2023-24, estabilizando o seu valor despois dos cambios importantes dos anos anteriores nos que, tras alcanzar o valor máis alto no curso 2021-22, o curso pasado rexistrou un dos valores máis baixos cun 57,14%, o que demostra o sinalado no informe de seguimento do curso 2021-22 sobre o efecto da pandemia na taxa de gradación. Ademais, está moi por encima do obxectivo marcado na memoria do Grao, onde se establecía nun mínimo do 30%. Este valor sitúase xa por encima dos obtidos na antiga Licenciatura en Veterinaria, o cal dá mostra do razoable avance do grao, e a efectividade da docencia impartida, posto que unha boa parte do profesorado e infraestruturas son as mesmas. Con todo, é unha demanda de todas as Facultades de Veterinaria de España diante do Ministerio de Educación, a necesidade de contar con 30 ECTS adicionais aos 300 actuais, que permitirían desenvolver a formación práctica preprofesional do último semestre sen afectar o resto do programa formativo nos 9 semestres anteriores; non hai dúbida de que a comprensión á que hai que someter os contidos de todas as materias por esta causa afecta á progresión dos estudantes e, por tanto, aos valores que se desprenden deste indicador.

IN37G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total (%)	67,65	70,93	82,89	57,14	73,49

A taxa de éxito dos egresados (IN50G) tivo un valor próximo ao 90% (89,28 no curso 2023-24), mellorando aos cursos previos á pandemia (91,64% - curso 2022-23, 88,01% - curso 2021-22, 85,6% - curso 2020-21 e 81,36% - curso 2019-20). No curso 2019-20 apreciamos unha baixada que cremos que se debe a que se graduaron un maior número de estudantes que xa levaban varios anos matriculados e que fixeron que empeorase tanto este indicador, que leva mellorando desde curso 2020-21, alcanzándose o nivel máis alto no curso pasado e neste volve estar próximo ao 90%.

Os datos máis recentes de inserción laboral dos nosos titulados que figuran no informe EIL-SIIU proporcionan valores de 78,95%, para as taxas de inserción laboral ao 4º ano tras a finalización dos estudos, sen cambios destacados con respecto aos anos precedentes. No informe EIL-ACSUG a porcentaxe de graduados no ano 2015 que estaban a traballar en xaneiro a marzo do 2021 foi do 81%.

Taxa de afiliación á seguridade social (SIIU)	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
2º ano tras gradación	73,68	68,66	77,78	78,95
4º ano tras gradación	84,21	83,58	72,84	78,95

Os datos do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades indican que o 92% de nosos egresados teñen un contrato como veterinarios titulados, o 76,9% teñen un contrato indefinido (segundo INF.EIL-SIIU_2023-24). A taxa de afiliación á seguridade social é do 77,2 % o 4º ano despois da súa gradación (2018-19), un 17,28 % son autónomos ([QEDU](#)). Estes datos son similares aos obtidos a nivel nacional que indican que dos veterinarios graduados no curso 2018-19, no 2023 tiñan unha taxa de afiliación á seguridade social do 77,35 % ([QEDU](#)).

A participación dos membros do Comité Consultivo Externo como órgano de asesoramento establecido no SGC é unha vía importante para realizar unha prospección de cara á mellorar o éxito laboral dos nosos titulados. Os membros deste Comité Consultivo proveñen de distintos ámbitos do exercicio da profesión veterinaria e estase desenvolvendo un programa de sesións divulgativas por parte destes profesionais para dar a coñecer aos grupos de interese o amplo rango de saídas profesionais desta titulación, o cal pode fomentar a inserción laboral e o éxito profesional dos nosos egresados, e forma parte do PAT do centro.

2.2.5. Resultados da aprendizaxe: análise de que se acadan resultar de aprendizaxe previstos na memoria.

Os resultados da aprendizaxe, tal e como reflicte a Memoria do Grao en Veterinaria, así como os diferentes informes de seguimento do título, avalíanse a través das competencias asignadas: Xenéricas, Disciplinares, Profesionais, Académicas e Transversais.

As actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación están debidamente explicados nas guías docentes das materias do Grao. Nelas enuméranse todas as competencias asignadas a cada materia, o temario, desenvolvemento práctico e sistema de avaliación empregado, axustándose razoablemente ao obxectivo da súa adquisición. Antes de finalizar o Curso Académico, e en previsión do seguinte, cada Guía Docente é revisada polo profesorado implicado, e posteriormente pola Comisión de Grao – que verifica a coherencia do seu contido en relación co establecido na memoria de verificación do título e cos criterios establecidos en Xunta de Facultade e, de ser o caso, devolve aos profesores a relación de correccións necesarias –, aprobada polo Departamento correspondente e remitida ao Centro para a súa aprobación en Xunta de Facultade.

Nas reunións de valoración semestral revísanse, entre outros aspectos, a adquisición por parte do alumnado das competencias características do título, que se corresponden coas profesionais. Ademais, estes aspectos que se analizan nas reunións de valoración semestrais téñense en conta de face á revisión e mellora do plan de estudos.

Os indicadores utilizados para a consecución da acreditación europea do título serven tamén como instrumento para avaliar a idoneidade da docencia para a consecución das competencias do grao. Todos os indicadores referentes a número de prácticas, prácticas clínicas e prácticas de seguridade alimentaria e saúde pública (I4, I5 e I6) son superiores ao valor mínimo requirido, e tamén ao valor medio do indicador para todas as facultades asociadas. O número de casos intra- e extramuros de animais de compañía, ruminantes, porcos, cabalos e outras mascotas (I8-I13) tamén está por encima dos valores mínimos, igual que o número de necropsias de animais de compañía, de ruminantes e porcino e outras mascotas (I14, I15 e I17). O único indicador que se atopa lixeiramente por baixo do límite de referencia é o de necropsias en cabalos (I16), haberá que esperar para avaliar si as medidas correctoras tomadas, como parte do plan de melloras 2023-2024, son eficaces para aumentar este indicador nos cursos seguintes. Os dous indicadores que proporcionaron valores negativos no pasado con respecto á referencia de 2019: as prácticas extramuros

de seguridade e calidade alimentaria e saúde pública (I7) e as necropsias de ruminantes e porcos (I18) neste curso xa teñen un valor positivo, o que indica que as medidas que se estableceron, como a modificación dalgunhas actividades docentes e acordos con empresas destes sectores conseguiron mellorar a calidade da formación do estudiantado. Aínda que neste momento os nosos indicadores están por encima dos valores mínimos, dado a pouca marxe de diferenza, é conveniente reforzar o número de casos de equino e porcino, e o número de necropsias en ruminantes, equino e porcino.

Recentemente ideouse un sistema de seguimento da consecución por parte do estudante das competencias a día un establecidas pola FEVE, e nas que se fundamenta a acreditación da EAEVE, coa inclusión de obxectivos de aprendizaxe sumativos obrigatorios que o estudante debe superar para poder graduarse. Este sistema implementouse en primeiro curso e na materia Rotatorio Clínico Hospitalario. Elaboráronse dous documentos de rexistro de adquisición de competencias a día 1 (EAEVE), un deles para as materias de primeiro curso e outro para a materia Rotatorio Clínico Hospitalario, que se entregaron aos estudantes para que poidan realizar un seguimento da súa progresión na consecución de obxectivos de aprendizaxe non sumativos e sumativos conducentes á adquisición das competencias profesionais, cunha clara identificación daqueles que é obrigatorio superar para graduarse (GrV-AM-03, 2022-2023).

Dispomos dalgunhas taxas que axudan a estimar os resultados da aprendizaxe, e que xa estaban recollidas na memoria de verificación do título.

A taxa de éxito (IN35G) cun valor de referencia na memoria do título do 75%, mostra de maneira constante valores media para a totalidade do grao por encima do 80%, alcanzando un valor de 84,2% no curso 2023-24, similar aos cursos anteriores, coa excepción do curso 2019-20. O 2019-20, excepcionalmente, tiñamos unha porcentaxe por encima do 95%, a sospeita de que se debeu á realización dos exames de forma telemática por motivo da crise sanitaria e o confinamento causado pola COVID-19, parece apoiada polo feito de que os valores da taxa volveron a niveis pre-pandemia desde o curso 2020-21:

IN35G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	92,09	72,82	75,07	78,40	83,45
2º curso	98,90	81,67	79,89	77,43	80,15
3º curso	97,68	83,55	82,85	85,53	87,17
4º curso	95,43	81,92	79,56	78,76	80,4
5º curso	94,99	92,42	90,16	87,03	91,73
Total (%)	95,84	82,57	81,27	81,07	84,2

A taxa de éxito adoita ser máis baixa nos primeiros cursos, probablemente pola adaptación aos estudos universitarios dos novos estudantes, aínda que no curso 2023-24 parece ser lixeiramente superior á de anos anteriores. En xeral, a taxa de éxito por materias varía, pero non mostra valores alarmantemente baixos para ningunha delas de forma continuada nos últimos cursos académicos. Destacar que no curso 2020-21 algunhas materias informaron nas reunións semestrais de taxas de éxito baixas con respecto a anos anteriores, como se observa tamén no INF17, para as que non atoparon explicación. É posible que a excepcionalidade do curso 2019-20 repercutise no nivel académico dos nosos estudantes e que lles dificultase afrontar novos coñecementos sen unha boa base inicial ou que a continuación da situación excepcional durante o 2020-21 afectase o rendemento dos estudantes. No curso 2021-22 a taxa de éxito nas materias máis afectadas por esta caída de valores post-pandemia, tivo valores similares aos anteriores ao curso 2019-20 (comparación no INF17 cos cursos 2021-22 e 2020-21). Neste curso 2023-24 a taxa de éxito da gran maioría das materias mantívose similar á do curso 2022-23, e naquelas materias en que no curso 2022-2023 detectouse unha caída de máis de 10 puntos con respecto ao curso anterior, os valores volveron a niveis próximos aos previos, o que indica que se tratou dunha circunstancia puntual e non dunha tendencia sostida.

A taxa de rendemento (IN34G) seguiu un curso ascendente, alcanzando valores máximos do 81% no 2015-16, e desde o curso 2016-17 estabilizouse, cunha media para o grao próximo ao 79%. O curso 2019-20 observamos un importante incremento que se atribuíu á adaptación académica á pandemia do COVID-19. Neste curso xa atopamos de novo un nivel próximo ao 80 %, é dicir a

valores pre-pandemia rompendo cunha tendencia descendente dos últimos 3 anos, probablemente como corrección ao valor anormalmente alto do curso 2019-20:

IN34G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total (%)	93,38	78,06	76,35	75,51	79,73

Finalmente, a taxa de avaliación (IN36G) ten medias para a totalidade do título por encima do 90%, mantendo valores similares aos dos cursos previos ao 2019-20, Consideramos que os resultados son certamente satisfactorios.

IN36G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total (%)	97,43	94,54	93,95	93,15	94,69

Estas taxas están, sen dúbida, influídas polas metodoloxías docentes e de avaliación, destacando o recoñecemento pola USC da innovación docente realizada no noso centro, segundo a convocatoria de 2022, no que se recoñece a innovación docente no período do 1 de xaneiro de 2020 ao 30 de outubro de 2022.

2.2.6. Satisfacción coa Titulación.

Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación

En relación ao nivel de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42G) temos un valor de 2,95, algo inferior ao resto de cursos dos que temos información. Os datos desagregados para o Grao en Veterinaria (INF09) do curso 2023-24 revelan que hai moi poucas enquisas cubertas (4 en total) que dean valor aos resultados obtidos (participación do 9,09% con 2 enquisas cubertas de 22 posibles no primeiro semestre, e 3,17%, con 2 enquisas cubertas de 63 posibles no segundo semestre).

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida mantense a un nivel moi alto, con valores medios nas enquisas de satisfacción desde o curso 2016-17 por encima de 4 puntos sobre un máximo de 5, para alcanzar o nivel máis alto no curso 2022-23 con 4,3 puntos, que se mantén neste curso 2023-24 (IN46G).

IN46G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	4,09	4,23	4,07	4,3	4,3

A taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN48G) neste curso 2023-24 foi a máis alta dos últimos anos con moita diferenza, duplicando os valores medios dos cursos pasados. No curso 2016-17 realizamos unha acción de mellora para tentar aumentar a porcentaxe de participación porque sempre foi unha taxa con valores baixos que tiñamos que mellorar. Esta acción deu resultados positivos xa que no ano seguinte a taxa de resposta subiu do 25,26% até o 31,85%. Con todo, o ano seguinte volveu baixar o que fixo que tivéssemos que facer un novo esforzo para incentivar a participación do estudantado. Durante tres anos conseguimos manter os niveis por encima do 30%, até o curso pasado que obtivemos un valor de 24,12%. Como consecuencia deste descenso de participación iniciouse unha campaña de concienciación do profesorado e estudantado, como xa se comentou na anterior directriz, non soamente enviando correos electrónicos a través de listas de distribución, o cal se fixo todos os anos, senón tamén a través de conversacións informais, para concienciar aos profesores de que deixasen uns minutos en clase para que os estudantes respondan as enquisas e aos representantes do estudantado para promover as respostas entre os seus compañeiros. É moi importante que todo o PDI saibamos transmitir a importancia das enquisas de satisfacción para así fomentar o compromiso do alumnado coa calidade da titulación.

IN48G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total (%)	33,23	31,46	30,48	24,12	59,24

A satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (IN19G) é máis que notable e no presente curso temos unha puntuación de 4,52.

Neste curso recolléronse por terceira vez os datos de satisfacción coas actividades postas a disposición dos estudantes no laboratorio de habilidades clínicas, que conseguiu un valor global de 3,9 puntos nunha escala de 1-5, cun total de 1906 visitas e unha taxa de

participación nas enquisas do 4,19%. É posible que a redución da taxa de participación nas enquisas neste curso débese a un cambio na forma en que as enquisas se pon a disposición dos estudantes; tentárase unha volta ao sistema anterior cunha distribución personalizada das enquisas no primeiro semestre do curso 2024-25, aínda que o alto número de visitas dificulta este procedemento, e no segundo semestre probarase un sistema de resposta a través da plataforma Forms.

Ademais, os resultados da enquisa propia dirixida a recoller información sobre a materia “Rotatorio Clínico Hospitalario”, aplicada a estudantes desta materia por primeira vez no curso 2022-23, neste curso 2023-24 indican que a satisfacción media é de 7,43 sobre 10, cunha participación do 59,2 %. Polo momento, os resultados non son comparables cos do curso anterior debido a que se realizaron modificacións para mellorar a recollida de información a través da enquisa.

En relación coa satisfacción do profesorado coa docencia impartida, os resultados obtidos son tamén bos, con valores próximos aos 4 puntos nos últimos cursos, observándose un descenso no curso 2019-20 que tamén cremos que pode estar relacionados coas dificultades que tivemos para poder realizar unha docencia telemática de calidade durante o período de confinamento pola COVID-19; a progresiva recuperación da normalidade académica no curso 2020-21 fixo que aumentase o grao de satisfacción, tendencia que segue á alza xa que este ano tivemos un valor de 4,35, un dos niveis máis altos dos últimos anos (IN47G), cunha participación do 54,07% (INF.14), tamén das mellores dos últimos anos.

IN47G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	3,98	4,05	4,31	4,37	4,35

A satisfacción doutros grupos de interese engloba como un colectivo de especial importancia aos titores profesionais en relación cos programas de prácticas externas. A satisfacción deste colectivo de titores externos (IN20G) mantense por encima de 4 sobre 5 nos últimos cursos, con 4,46 puntos no presente curso 2023-24, que pode considerarse un valor excelente, mesmo superior ao do curso pasado e cunha mellor taxa de participación, do 38,26 % (INF07).

IN20G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	-	4,53	4,62	4,3	4,46

A docencia depende deste persoal externo á Universidade para completar o plan de estudos. No Grao en Veterinaria, ademais, procede de moi diversos ámbitos, xa sexa clínico, da produción animal ou da inspección e control alimentario. Deste xeito o mantemento dunha alta satisfacción é garantía da sustentabilidade destes programas de prácticas, o cal é crítico e máis cando o número de estudantes é alto.

A satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas (IN21G) mellora notablemente os valores dos últimos cursos dos que temos información (2020-21 e 2021-22), cun valor de 4,58 aproxímase ao valor máis alto obtido no curso 2018-19 (4,76). Destacar que todos os ítem valorados no INF-08 teñen unha mellor puntuación que a obtida en cursos anteriores.

IN21G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	-	4,14	4,09	-	4,58

Tendo en conta a diversidade de centros de destino, é recomendable ter información de primeira man dos titores profesionais que, no caso do Grao en Veterinaria, recóllese a través do contacto cos coordinadores das prácticas tuteladas e dos titores académicos, e que, en xeral, indica un alto grao de satisfacción co desempeño das actividades polos nosos estudantes. En relación con este tema, realizouse no curso 2023-24 un curso para o profesorado do centro sobre organización e titorización deste tipo de materias: Estratexias para o seguimento individualizado e coordinado do alumnado en prácticas (DPP.23far-12).

No relativo a queixas e suxestións de acordo co establecido non manual do SGC, proceso PS-05, na páxina web da facultade existe un formulario para que os usuarios (calquera membro da USC) poidan facer chegar calquera tipo de suxestión ou reclamación, como xa se mencionou anteriormente: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria> (Queixas e suxestións).

Durante o curso 2023-24 non se recibiu no centro ningunha queixa nin suxestión.

Ademais, dentro do alcance do sistema de xestión de calidade está contemplado o tratamento das queixas, suxestións e recursos administrativos tramitados na OAR. Segundo a información proporcionada pola OAR, durante o curso 2023-24 presentáronse 2 recursos da área académica, relativos ao Grao en Veterinaria, referentes aos temas de recoñecemento de estudos e de anulación de matrícula.

Tamén se presentou 1 queixa relativa aos convenios Erasmus:

1. Recursos da área académica da USC: 2			
Tema	Tipo	Petición	Resolución
02 VALIDACIONES	recurso potestativo de reposición	Solicitud de recoñecemento de estudos do Grao en Veterinaria UCM polos correspondentes do Grao en Veterinaria que se imparte na USC.	Estimar
07. ANULACIÓN DE MATRÍCULA	recurso potestativo de reposición	Anulación de matrícula formalizada no Grao en Veterinaria por non presentar documentación acreditativa do título que lle dá acceso aos ensinos universitarios, polo que solicita que se lle reactive a matrícula.	Estimar

2. Queixas e suxestións: 1			
Tema	Tipo	Texto	Estado
Erasmus-Convenios [T.ER]	Queixa	Quero presentar unha queixa ante a xestión das matrículas de honra no sistema de intercambio SICUE. Estas son xestionadas de forma análoga ás cualificacións, cando nos documentos oficiais pon que as MH non son unha cualificación, se non unha mención outorgada. Por iso, creo que non deberían tratarse como tal, xa que supón un desconto económico para o alumno. No meu caso, eu obtiven 24 créditos con MH na miña universidade de destino, e ao realizar as convalidacións soamente concedéronme 15 créditos. Isto foi así porque os 9 créditos restantes obtívenos en 2 materias de diferentes bloques, e ao non obter MH na outra materia do mesmo bloque non mo recoñeceron. Considero que é unha forma inxusta e errónea de xestionar unha MH, xa que como dixeran anteriormente non son cualificacións e deberían de recoñecerse na universidade de orixe	Desestimada

O grao de satisfacción dos grupos de interese supera o 4 sobre 5 en xeral, aínda que cando se detecta algún aspecto no que o grao de satisfacción é máis baixo, como foi o caso do contacto dos titores académicos cos profesionais, establécense accións de mellora ou cambios nos regulamentos internos.

MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA (MXX):

O Máster Universitario de Xenómica e Xenética é un máster interuniversitario (USC e UVIGO) coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela. Debido ao o seu carácter interuniversitario, faise imprescindible unha boa coordinación do estudo para o seu correcto desenvolvemento. Así, en cada unha das Universidades existe unha comisión académica do Máster (CAM) e para a coordinación hai unha Comisión Interuniversitaria de Coordinación do Máster (CCM) onde participan membros de ambas as comisións académicas (os coordinadores e secretarios académicos das dúas universidades e o coordinador de área externa). A composición destas comisións atópase dispoñible na web propia do estudo (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/aprobacion-do-máster>). Desde os inicios sempre se mantivo unha comunicación constante e fluída desde as CAM e a CCM cos coordinadores de cada materia, de face a deseñar os contidos das materias evitando duplicidades e baleiros.

A supervisión do **cumprimento do establecido na Memoria Verificada do Título (MVT)** corresponde ás diferentes comisións de ambas as universidades e en última instancia á CCC. O plan de estudos para o curso 2023-2024 (sexto curso de implantación) realizouse de acordo á memoria de título sen detectarse incidencias relevantes. De igual modo que nas súas edicións anteriores, no curso 2023-2024 ofertáronse todas as materias que se incluíron na memoria de verificación, engadíndose dende o curso 2020-2021 a materia "AG6. Compostos bioactivos en Plantas e a súa Xenética (P2201219)" na especialidade de "Aplicacións Xenéticas" e suprimíndose a oferta da materia optativa "AG2. Diagnóstico molecular de enfermidades e pragas de especies vexetais cultivadas (PP2201210A)", que realizaba as súas sesións de teoría e práctica na Estación Fitopatolóxica de Areeiro (Pontevedra), debido a problemas organizativos por xubilación de varios dos seus docentes e o número reducido de estudantes que a elixían. O desenvolvemento das actividades académicas, metodolóxicas, os sistemas de avaliación e cualificación tamén se corresponden cos establecido na memoria, tal e como

se pode comprobar consultando **as guías docentes publicadas na web propia do Máster e nas webs de cada universidade implicada:**

<https://www.mastergenomicaygenetica.com/programa>

<https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-salud/master-universitario-genomica-genetica>

<http://bioloxia.uvigo.es/es/estudios/master-en-genomica-y-genetica/>

As guías docentes das distintas materias foron revisadas polos coordinadores e as CAMs de cada universidade e a CCM, para asegurar que compren co establecido na memoria do título.

A docencia impártese na Facultade de Veterinaria da USC en Lugo, na Facultade de Bioloxía da USC en Santiago e na Facultade de Bioloxía da UVIGO en Vigo de maneira presencial e síncrona. Ademais, colaboran activamente centros de investigación do CSIC (onde agora está incorporado tamén o Instituto Español de Oceanografía), o Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS-CHUS), ben impartindo docencia e/ou acoitando estudantes para a realización das prácticas externas en empresa (PE) e/ou o traballo de fin de Máster (TFM).

O Máster oferta 30 prazas en total, 15 por Universidade e impártese dende o curso 2020-2021 exclusivamente na modalidade presencial. Todos os alumnos asistiron fisicamente aos laboratorios da Facultade de Bioloxía da UVIGO para realizar as prácticas da materia “Técnicas de análise xenética” (Código Materia USC: P2201106) e aos seus respectivos centros de impartición para os exames. Así mesmo, as PEs e TFM son presenciais. A Comisión valora positivamente o establecido xa que permite a consecución das competencias.

Un aspecto que se valora moi positivamente dende a Comisión Interuniversitaria do Máster é que todo o alumnado e os docentes utilizan o mesmo Campus Virtual da USC. Para iso, tanto o alumnado e profesores da UVIGO, así como os docentes de área externa, recibe unha conta de correo electrónico da USC (xa que é a universidade coordinadora) e toda a documentación das clases, e os avisos xestiónanse conxuntamente dende ese aplicativo. Esta ferramenta foi moi útil para a xestión da docencia nos diferentes escenarios docentes provocados pola pandemia de COVID-19. O desenvolvemento da docencia para o curso 2023-2024 realizouse sen ningún tipo de restrición á mobilidade, polo que non se tivo que aplicar ningún tipo de plan de continxencia.

O **perfil real de ingreso** correspóndese cos requisitos fixados na MVT. O alumnado que accedeu ao Máster por primeira vez na USC procedeu maioritariamente do grao ou licenciatura de Bioloxía (7/15), mentres que catro estudantes proviñeron de estudos no estranxeiro (dúas estudantes de Bioquímica, un de Bioloxía e unha de Medicina), 3 do Grao en Biotecnoloxía e 1 do Grao en Xenética (ver informe **4316711_I2_2023_2024**). Pola súa banda, na UVIGO procedeu na súa maioría do grao en Bioloxía (9 estudantes), con dous estudante procedentes do Grao en Biotecnoloxía, un graduado en Bioquímica e dous estudantes con estudos cursados no estranxeiro (un en enxeñeira biotecnolóxica e outra en medicina). Porén, os dous estudantes estranxeiros deixaron o estudo durante o mes de novembro de 2023 por motivos persoais e un deles non anulou a súa matrícula o que queda reflectido nos indicadores de éxito e rendemento (**IN34M**, **IN35M** e **IN36M**) desta universidade. Deste xeito, todos os estudantes entran nas titulacións preferentes que dan acceso ao Máster.

A evolución dos valores ao longo dos cinco últimos cursos dos distintos indicadores sobre o ingreso e captación do Máster, recóllense nas seguintes táboas:

IN02M: Matrícula					
	CURSO				
Universidade	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
USC	15	16	15	15	17
UVIGO	14	12	12	11	15

IN03M: Matrícula de acceso por primeira vez (entre parénteses móstrase o total do curso)						
	Estudio	CURSO				
Universidade		2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
USC	Diplomatura, Enxeñaría Técnica ou Arquitectura Técnica					
	Grao	10 (11)	13	12(13)	10 (12)	11 (12)
	Licenciatura, Enxeñaría ou Arquitectura	1 (2)	1 (3)	1 (2)		
	No aplica					

UVIGO	No consta					
	Sen asignar					
	Título estranxeiro dunha institución de educación superior no pertencente ao EEES	2			3	4 (1)
	Título Superior non Universitario					
	Total	13 (15)	14 (16)	13 (15)	13 (15)	15 (17)
	Diplomatura, Enxeñaría Técnica ou Arquitectura Técnica	(1)				
	Grao	10	7 (9)	8	9 (11)	12
	Licenciatura, Enxeñaría ou Arquitectura	3	(1)	(1)	1 (2)	
	No aplica					
	No consta					
	Sen asignar					
	Título estranxeiro dunha institución de educación superior no pertencente ao EEES		2	1 (3)	1 (2)	2 (3)
	Título Superior non Universitario					
	Total	13 (14)	9 (12)	9 (12)	11 (15)	14 (15)

IN04M: Matricula de novo ingreso por preinscripción

Universidade	CURSO				
	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
USC	13	14	13	13	15
UVIGO	13	9	9	11	14

IN08M: Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados

Universidade	CURSO				
	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
USC	6,67% (2/15= 13,33%; tendo en conta programas <i>incoming</i>).	6,25%	0,00%	6,67% (3/15 = 20,08 % tendo en conta programa BEME)	17,65%
UVIGO	7,69%	16,67%	11,11%	13,33 %	20,00 %

IN09M: Porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados

Universidade	CURSO				
	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
USC	33,33%	18,75%	33,33%	26,67%	17,65%
UVIGO	30,77%	44,44%	33,33%	21,67%	20,00 %

IN13M: Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC

Universidade	CURSO				
	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
USC	40,00%	56,25%	53,33%	46,67%	47,06%
UVIGO*	38,46%	33,33%	33,33%	14,29%	6,70 %

* Porcentaxe de matriculados que son titulados pola UVIGO

A nota media de acceso ao Máster estivo por enriba de 7,40 en ambas as universidades (indicador **IN06M**; media USC= 7,66; media UVIGO= 7,45), manténdose con respecto aos valores dos cinco primeiros cursos (medias na USC = 7,63 (2018-2019), 7,44 (2019-2020), 7,05 (2020-2021), 7,57 (2021-2022), 7,72 (2022-2023); medias na UVIGO= 7,25 (2018-2019), 7,40 (2019-2020), 7,48 (2020-2021), 6,77 (2021-2022), 7,39 (2022-2023)). Estes valores indican que o Máster é capaz de captar bos estudantes. Os indicadores sobre a demanda e interese atópanse resumidos na seguinte táboa:

Universidade	Curso Académico	Número de prazas ofertadas (IN01M)	Número de solicitudes (Datos propios Máster)	Nota media de acceso (IN06M)	% alumnos con nota de entrada superior a 6 (IN07M)	Taxa de ocupación (IN12M)
USC	2019-2020	15	41	7,44	90,91%	86,67%
USC	2020-2021	15	30	7,05	100%	93,33%
USC	2021-2022	15	52	7,57	100%	86,67%
USC	2022-2023	15	51	7,72	100%	86,67%
USC	2023-2024	15	70	7,66	93,33%	100%
UVIGO	2019-2020	15	28	7,40	100%	86,67%
UVIGO	2020-2021	15	32	7,48	100%	60%
UVIGO	2021-2022	15	24	6,77	100%	60%
UVIGO	2022-2023	15	28	7,39	100%	66,67%
UVIGO	2023-2024	15	42	7,40	100 %	100,00%

En canto ao **perfil de egreso e a consecución dos resultados previstos** na MVT, considérase que os estudantes adquiren as competencias recollidas na memoria. As taxas de avaliación (**IN36M**), rendemento (**IN34M**) e éxito (**IN35M**) foron moi elevadas en ambas as universidades(> 91 %), manténdose nos valores obtidos nos cursos previos:

IN34M: Taxa de rendemento					
	CURSO				
Universidade	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
USC	94,55%	95,59%	85,55%	95,32%	100%
UVIGO	93,84%	89,00%	89,00%	98,00%	91 %

IN35M: Taxa de éxito					
	CURSO				
Universidade	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
USC	99,62%	100,00%	100,00%	98,88%	100%
UVIGO	99,52%	97,00%	99,00%	100,00%	100 %

IN36M: Taxa de avaliación					
	CURSO				
Universidade	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
USC	94,91%	95,59%	85,55%	96,40%	100%
UVIGO	91,27%	91,00%	98,00%	98,00%	91 %

Con respecto ao **grao de satisfacción** do estudantado coa Planificación e Desenvolvemento do ensino, os valores na USC foron moi elevados (4,66/5, indicador **IN46M**), superando el dos dous cursos iniciais (3,85 para o curso 2018-2019 e sen datos para o curso 2019-2020) e moi parecido ao dos cursos 2020-2021 (4,71/5), 2021-2022 (4,47/5) e 2022-2023 (4,58/5). Para a UVIGO, a satisfacción tamén foi boa (3,38/5) e superando a maioría das edicións previas (3,05/5 para o curso 2018-2019, 3,17/5 para o curso 2019-20, 3,81/5 para

o curso 2020-2021, 3,75/5 para o curso 2021-2022 e 3,17/5 para o curso 2022/2023). Os valores das enquisas de satisfacción das preguntas relacionadas con información e transparencia na UVIGO foron de 3,67/5 para o curso 2023-2024, sendo este valor moi similar aos dos cursos previos (valor medio de 3,25/5, 3,56/5, 3,83/5 e 3,785 para os cursos 2019-2020, 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023 nesta universidade, respectivamente). Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación na USC (**4316711_INF.22_2023_2024**) o valor á cuestión "¿Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?" obtívose un valor de 4,75, moi superior ao do curso 2022-2023 (1,00/5), e similar aos obtidos en cursos previos (curso 2018-2019: 4,33/5; curso 2019-2020: 5,00/5; curso 2020-2021: 5,00/5; curso 2021-2022: 3,33/5). A valoración á pregunta "¿o Campus Virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?" o valor foi o máximo (5,00/5), superior ao do curso 2022-2023 (3,00/5), e tamén lixeiramente superior ou igual ao de cursos pasados (nos cursos 2019-2020 e 2020-2021 o valor foi de 5,00/5, mentres que nos cursos 2018-2019 e 2021-2022 o valor foi de 4,67/5). Non se obtivo información sobre a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (**IN23M**) para esta universidade, sendo a valoración global dos alumnos do curso 2023-2024 elevada (4,16/5; ver **4316711_INF.22_2023_2024**). Ademais, cabe destacar unha melloría nos indicadores obtidos no curso 2022-2023 (malia que eses datos non foron representativos porque procedían exclusivamente da enquisa dun estudante (6.67%), co valor máximo de participación acadado nos catro últimos cursos (26.67%, ver **4316711_INF.22_2023_2024**). Estes bos resultados tamén se reflectiron no grao de satisfacción dos estudantes co estudo (p.e. o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (**IN46M**) foi de 4,66/5),

Na USC, o grao de satisfacción xeral dos egresados do curso 2023-2024 coa titulación (**IN42M**) na USC non se obtivo, mentres que o valor foi de 4,07/5 na UVIGO. O valor obtido na USC para o curso 2021-2022 foi de 3,55/5, e a valoración dos estudantes do curso 2022-2023 (que son o grupo de egresados para os estimadores do curso 2023-2024) coa docencia recibida (**IN46M**) foi de 4,58/5, polo que se esperarían valores de **IN42M** semellantes ao obtido na UVIGO e en cursos previos nesa universidade. Pola súa banda, o profesorado tamén mostrou un elevado grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino, cuns valores de satisfacción coa docencia impartida (**IN47M**) elevados (4,50/5 en la USC para el 2023-2024 y 4,75/5 en UVIGO para el 2022-2023, último curso del que se dispón de información ao ser unha enquisa bianual), valores similares aos obtidos nos cursos anteriores. Ademais, o grao de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas (PEs) (**IN20M**) foi o máximo (4,41/5), en consonancia cos obtidos nos cursos previos (curso 2018-2019 = 4,57/5; sen datos para o curso 2019-2020; curso 2020-2021 = 4,33/5; curso 2021-2022 = 4,50/5; curso 2022-2023 = 5,00/5). Desgraciadamente non se tiveron valores para o grao de satisfacción dos titores académicos (**IN21M**). De calquera modo, as notas dadas polos titores (que se realizan de maneira conxunta entre titores externos e académicos) foron moi elevadas (nota máis baixa entre todos os alumnos do Máster = 8,75; o 96,2% delas > 9,00), indicando que tanto os titores externos como os académicos aproban o desenvolvemento desta actividade e o traballo realizado polo alumnado, ademais da organización levada a cabo polas comisións do Máster.

Aspectos a destacar e propostas de mellora

GRAO EN VETERINARIA

Acción de mellora: Dentro das accións de mellora iniciadas o curso anterior, como resultado da acción GrV-AM-09 (2023-2024), elaborouse un mapa de competencias a día 1 que identifica as materias implicadas na consecución de cada competencia e comezouse a traballar na coordinación vertical das competencias. Resultado da acción (GrV-AM-09, 2023-2024) elaborouse un procedemento para o seguimento da obtención das competencias a día 1 no primeiro curso e no Rotatorio clínico. Este procedemento, así como a coordinación vertical deberase continuar un ano máis para implantalo nos demais cursos do Grao.

Acción de mellora: Aínda que xa se está levando a cabo, é recomendable promover a participación de máis profesorado nas charlas temáticas do Programa A Ponte orientadas a facer visibles as saídas profesionais diversas dos veterinarios, polo que se continúa no curso 2024-25 á acción GrV-AM-01 (2023-2024).

Puntos a destacar: Nas reunións de valoración semestrais novamente indícase que o período de matrícula interfere coa organización da docencia, especialmente no primeiro semestre, provocando unha sobrecarga de traballo aos estudantes e profesorado.

MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA

A Comisión das ACSUG encargada da avaliación da renovación do estudo ao longo do 2024, indicou no se informe final de avaliación

para a Renovación da Acreditación emitido o 5 de novembro de 2024 “Se han identificado algunas diferencias entre la información presentada en la memoria del programa y las guías docentes en cuanto a la ponderación de los métodos de evaluación. Aunque estas discrepancias son limitadas y afectan a un número muy reducido de asignaturas, se sugiere que sean examinadas y corregidas”. Polo tanto, cómpre axustar e revisar a información engadida nas distintas Guías docentes do estudo no curso 2024-2025 para o 2025-2026.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os procedementos que rexen a organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e avaliación ao longo da vida académica do alumnado sintetízanse en diversos procesos clave do SGC da Facultade de Veterinaria: PC-01, *Análise do perfil de ingreso e captación*; PC-02, *Planificación das ensinanzas*; PC-03, *Apoio aos estudantes*; PC-04, *Desenvolvemento das ensinanzas*, e PC-05, *Análise de resultados e mellora dos programas*.

Na web da Facultade de Veterinaria recóllense os desenvolvementos específicos de normativas ou regulamentos para o centro ou cada unha das titulacións (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria>). Ademais, está o marco normativo que regula os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos, mediante normativas e regulamentos aprobados polo Consello de Goberno da USC.

Cada ano as comisións de título analizan o desenvolvemento destes procesos e os indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación en cada unha das titulacións. A continuación sintetízanse as conclusións destas análises, extraídas dos informes de resultados das correspondentes titulacións.

GRAO EN VETERINARIA

3.1. Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

Dado que Veterinaria é unha profesión regulada, o perfil formativo do título debe rexerse por unha normativa específica que condiciona o plan de estudos. A Memoria do Grao en Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela foi elaborada segundo as indicacións da ORDE ECI/333/2008, do 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da Profesión Veterinaria, e obtivo a Verificación positiva do Ministerio de Educación o 2 de xullo de 2010 conforme se adecúa ás previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzaas universitarias oficiais, agora derogado polo Real Decreto 822/2021 de 8 de setembro, que require unha modificación para a asignación dun ámbito de coñecemento no canto de rama de coñecemento do grao que se solicitou no 2023-24. O Consello de Universidades a través da súa Comisión de Verificación e Acreditación renovou a acreditación do título universitario oficial de Graduado/a en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela durante o ano 2017 segundo a normativa vixente, a partir do informe favorable emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Esta proposta adaptase plenamente ao disposto na Directiva Europea 2005/36/CE, trasposta á normativa española no RD 1837/2008, que regula os estudos de Veterinaria na contorna da Unión Europea, a cal esixe que os Plans de Estudo teñan unha duración mínima de 5 anos durante os que se cursen obrigatoriamente toda unha serie de materias dos tres perfís profesionais (Ciencias Clínicas e Sanidade Animal, Produción Animal, así como Hixiene, Tecnoloxía e Seguridade Alimentaria). Desde a implantación do título, a Directiva Europea 2005/36/CE foi levemente modificada por unha nova Directiva Europea 2013/55/UE, cuxo contido se traspuxo á lexislación española no RD 581/2017.

Durante o curso 2023-24, aplicáronse todas as normativas segundo o establecido, o que permitiu resolver as diferentes cuestións expostas polo alumnado sen que houbera incidentes destacables. Os estudantes teñen acceso a través da páxina web da Universidade, e a do propio Centro, a toda a normativa, e reciben información máis específica daquelas que consideramos fundamentais e que son as normativas de Prácticas Externas e Traballo Fin de Grao.

A normativa que rexe as materias do décimo semestre, momento en que os estudantes deben realizar as prácticas tuteladas externas (Rotatorio Clínico Hospitalario, Estancias Clínicas e Estancias non Clínicas), é a máis restritiva en canto aos requisitos no número de créditos superados necesarios para poder matricularse nelas, e a incompatibilidade de cursar simultaneamente outra materia en primeira matrícula dado que se consideran "materias a tempo completo". Debido a estas restricións para matricularse das materias do décimo semestre, e para evitar o posible atasco que estas normas poderían supor para a axeitada progresión dos estudantes, implantouse a inclusión no noso grao dun undécimo semestre cuxo contido é exactamente igual ao décimo. Desta forma, aqueles estudantes que, por diversas circunstancias, non poidan completar, nos exames de xuño-xullo, a totalidade dos créditos mínimos superados necesarios para matricularse destas materias no ano que lles corresponde; así, no curso seguinte poden matricularse e cursar as materias do décimo semestre da titulación no período de setembro a decembro, como un undécimo semestre, o que lles permite graduarse sen ter que consumir todo un curso académico adicional.

A tramitación das solicitudes de recoñecementos non é un procedemento académico que se xestione de inicio a fin na Facultade de Veterinaria. Os estudantes presentan as súas solicitudes na UXA, e dende alí, polos medios establecidos (aplicación FLEXIA) pídesse informe ao centro.

As solicitudes clasifícanse en:

- Estudantes procedentes doutras titulacións da USC.
- Estudantes procedentes dun Grao en Veterinaria doutras facultades do estado español.
- Estudantes procedentes doutras titulacións a nivel estatal.
- Estudantes procedentes de estudos iniciados fóra de España, maioritariamente da titulación de veterinaria de universidades iberoamericanas.

No organigrama da Facultade de Veterinaria non existe unha Comisión de Validacións, sendo a Xunta de Facultade ou, no seu caso, a Comisión Permanente, quen asume esta competencia. Así pois, as solicitudes recibidas no Centro remítense aos coordinadores das materias obxecto de recoñecemento, que son os responsables de emitir un informe motivado; este é vinculante para a decisión que se tome. De existir antecedentes, para solicitudes sucesivas aplícase o mesmo criterio das informadas previamente. Para o alumnado procedente de Facultades de Veterinaria de España empréganse as táboas de equivalencia entre Graos de Veterinaria elaboradas pola Conferencia de Decanos, que se actualizaron recentemente en relación coa GrV-AM-07 (curso 2022-2023).

No curso 2023-24 tramítáronse os expedientes de recoñecemento de estudos de 19 estudantes:

- 6 estudantes procedentes do Grao en Veterinaria iniciado noutras facultades de España
- 2 estudantes procedentes doutros Graos da USC
- 2 estudantes procedentes doutros Graos iniciados en facultades de fóra da USC

- 8 estudantes procedentes dunha titulación iniciada nunha Universidade estranxeira
- 1 estudante procedente dun ciclo formativo

Para o noso título non se pode establecer o recoñecemento de créditos procedentes de Ciclos Superiores de Formación Profesional por créditos obrigatorios, xa que ao tratarse dunha Profesión Regulada aplícase o Art. 6 punto 4 do Real Decreto 1618/2011, que neste caso particular impide o recoñecemento dos devanditos créditos ao non responder as condicións esixidas para garantir a cualificación profesional necesaria. Sen embargo estase a estudar a posibilidade de recoñecemento de créditos optativos.

3.2. Admisión do alumnado (accións de captación).

Un bo indicador do interese do Grao é a “Taxa de Preferencia da Titulación”, definido como a relación porcentual entre o número de estudantes que elixen un grao en primeira opción e o número de prazas ofertadas nese grao. Como se mostra na seguinte táboa, segundo os datos publicados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, o Nivel de Preferencia da Titulación no Grao de Veterinaria da USC (ver táboa), mantense moi elevado ao longo dos anos, con tan so pequenas variacións, sendo moi superior ao valor medio do total de titulacións da USC no 2022-2023 (264,1%).

Fonte dato: [Indicadores de preinscripción por rama de enseñanza \(universidades.gob.es\)](https://indicadores.de.preinscripcion.por.rama.de.enseñanza.universidades.gob.es).

Facultade de Veterinaria - Universidade de Santiago de Compostela			
Curso académico	Número de prazas ofertadas	Preinscritos en primeira opción	Taxa de preferencia da Titulación (Indicador de Demanda)
2019-20	110	512	465,5%
2020-21	110	730	663,6%
2021-22	110	642	583,6%
2022-23	110	677	615,5%
2023-24	110	615	559,1%

Ademais, a vixencia do interese científico e profesional da titulación de Veterinaria está avalada polo documento marco da FVE acerca da estrutura profesional veterinaria (<https://www.fve.org/cms/wp-content/uploads/Regulating-of-the-veterinary-profession.pdf>), o recoñecemento por parte da Organización Mundial da Saúde (OMS) do Veterinario como profesional sanitario (<https://www.who.int/es>), o recoñecemento que a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura (FAO) fai do Veterinario como profesional agrario (<http://www.oie.int/es/>), así como a insistencia da Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) no fortalecemento dos servizos veterinarios oficiais (<http://www.fao.org/home/es/>).

De acordo con estes avais, o veterinario perfírase como un elemento clave no armazón sanitario e agrario de calquera sociedade, podendo desenvolver o seu traballo en diferentes niveis do sector público e privado.

En abril de 2015 a FVE publicou unha macroenquisa realizada sobre 13.000 veterinarios en 24 países da UE, que permite comparar os datos demográficos, o mercado de traballo e os indicadores financeiros da profesión veterinaria en Europa (<https://www.fve.org/publications/survey-of-the-veterinary-profession-in-europe>). Unha das súas conclusións finais recollida no sumario desta publicación, afirma que no futuro serán necesarios máis veterinarios nas áreas de benestar animal, control de enfermidades e medio ambiente, así como para cubrir as crecentes demandas dos propietarios de animais de compañía e animais exóticos.

En 2022, un comunicado conxunto da FVE e a CPME (Standing Committee of European Doctors) (<https://fve.org/publications/european-doctors-and-veterinarians-reaffirm-their-partnership-on-one-health/>), destaca a importancia da colaboración entre médicos e veterinarios fronte ás crecentes ameazas transfronteirizas, como a propagación de enfermidades zoonóticas infecciosas e o aumento da resistencia aos antibióticos, máxime coa recente aparición do Covid-19. A colaboración entre médicos e veterinarios é esencial para responder adecuadamente a estes desafíos globais.

Aínda que é evidente que polo momento non hai un problema de demanda do grao, igualmente desenvólvense unha serie de accións de captación, principalmente vehiculadas a través do [programa A Ponte](#), como a participación nos encontros con orientadores e estudantes ou as charlas de divulgación impartidas por profesores desta facultade, e do [Campus de Verán XuvenCiencia](#), que inclúe diversas actividades dirixidas a estudantes e profesores de bacharelato. Cada ano o [plan de captación](#) recolle as accións previstas para o curso seguinte, o cal se elabora considerando o informe de accións executadas neste curso.

Co obxecto de dar resposta á demanda de profesionais veterinarios no sector da produción animal que non está cuberta actualmente, analizouse a preferencia profesional dos estudantes de novo ingreso mediante enquisas (ver resultados das enquisas na sección “2.2.4 Perfil ingreso/egreso. Análise do perfil real de ingresos/egreso”). Os resultados desta enquisa mostran unha clara preferencia pola clínica de animais de compañía e menor preferencia de saídas profesionais relacionadas co sector produtivo. Realizáronse varias accións para tentar incrementar a afluencia de estudantes interesados

nestas saídas profesionais. O vídeo de presentación do título para o programa A Ponte (elaborado como unha acción de mellora do curso 2020-21, e actualizado como acción de mellora GrV-AM-03 (2023-2024)) pode contribuír a visibilizar o papel do veterinario nas producións, o que se complementa con visitas a centros de Formación Profesional relacionados co mundo gandeiro e institutos de educación secundaria, para despertar o interese. Aínda con estas medidas realizadas neses últimos cursos, é evidente que debemos reforzar a visibilización doutras saídas laborais da profesión tanto para posibles futuros estudantes como para a sociedade en xeral, polo que no curso 2023-24 comezouse a impartir, por parte dalgúns profesores, charlas temáticas no programa A Ponte, enfocadas a visibilizar o traballo do veterinario en sectores da profesión menos coñecidos.

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

Non procede.

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

Orientación académica

A Facultade de Veterinaria conta con diferentes figuras que, xunto cos servizos centralizados na Unidade de Xestión Académica (UXA) do Campus, permiten unha atención personalizada aos estudantes en calquera momento do proceso formativo.

Estas figuras son:

- Decano do Centro
- Vicedecanato de Calidade; Vicedecanato de Ordenación Docente; Vicedecanato de Prácticas Externas, Relacións Institucionais e Mobilidade
- Secretaría do Centro
- Unidade de Apoio á Xestión
- Coordinación do Grao
- Coordinación de semestre
- Coordinación de prácticas tuteladas
- Alumnos titores

Os servizos de orientación académica recóllense no [Plan de Acción Tutorial](#) do centro, e aínda que os estudantes utilizan os servizos de orientación académica en calquera momento do seu proceso formativo, estes cobran especial importancia no primeiro semestre, cos estudantes de novo ingreso, para os que o Centro dispón dun plan de acollida e orientación (ver apartado “5.4 Programas de acollida” ([Programa de acollida](#))).

Tamén no primeiro curso actualmente o centro aplica un protocolo propio de detección de alumnos en risco de abandono (estudantes de 1º curso de nova matrícula que non superan ningunha materia do primeiro semestre), sen ter que esperar á comunicación centralizada destes datos. Con estes estudantes lévese a cabo un protocolo de tutorización, orientación e seguimento individualizado para avaliar e corrixir, na medida do posible, as causas potenciais do baixo rendemento académico.

Dentro das actividades de tutorización e orientación laboral xorde unha nova iniciativa que é a creación de “Aulas de formación da Facultade de Veterinaria” nas que se organizan actividades, para aqueles estudantes interesados, que promoven unha maior formación nun sector laboral concreto e, especialmente, un contacto directo do alumnado con profesionais que traballan nese campo. Dentro desta actividade púxose en marcha neste curso a “Aula de porcino” e a “Aula de ruminantes” (GrV-AM-07, 2023-24).

Servizo de Orientación Profesional

Desde o curso 2004-05, o Centro organizou Xornadas de Orientación Laboral dirixidas principalmente a alumnos dos últimos cursos do Grao. Ademais, contamos tamén coa participación da responsable da área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo que lles informa sobre o modo de preparar un Currículo ou de afrontar unha entrevista de traballo, e da [Área de Orientación Laboral e Emprego da USC](#).

Servizos de atención ao estudante

Ademais dos sistemas xerais de información da USC centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, os estudantes da Facultade de Veterinaria teñen servizos onde se realiza unha atención personalizada:

- Secretaría do Centro.
- Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

Desde o centro estamos a traballar en potenciar o uso da páxina web da Facultade e o correo electrónico, como medios de acceso á información dos

estudantes, todo iso sen prexuízo de que o estudantado se dirixa ás nosas dependencias co fin de resolver problemas concretos.

3.5. Mobilidade.

Ofértanse como destinos de mobilidade 9 facultades españolas e 16 europeas, ademais de destinos iberoamericanos con convenios bilaterais ([web do centro](#)). A proporción de alumnos propios que deciden participar en programas de mobilidade descende algo respecto de anos anteriores exceptuando os cursos da pandemia. No curso 2023-24 o indicador correspondente (IN17G) non está dispoñible, como ocorreu nos últimos cursos. Datos internos do centro mostran que nese curso participaron 22 estudantes en programas de mobilidade: 7 no programa ERASMUS vs 15 no curso 2022-23, 9 no programa SICUE vs 15 no curso 2022-23 e ningún en convenios bilaterais. O valor do indicador IN17G calculado no centro con estes datos é de 2,38.

IN17G	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total (%)	4,06	-	2,25*	4,62*	4,57*	2,38*

* Calculado polo centro

Participación no programa ERASMUS

Estudantado propio	Destino	Estudantes	País	Prazas ofertadas
	FREIE UNIVERSITÄT BERLIN	2	Alemaña	2
	UNIVERSITÀ DI BOLOGNA - ALMA MATER STUDIORUM	1	Italia	2
	UNIWERSYTET PRZYRODNICZY WE WROCLAWIU	4	Polonia	4
Estudantado alleo	Orixe	Estudantes	País	Prazas ofertadas
	UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI TERAMO	6	Italia	5
	UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI MESSINA	2	Italia	2

Participación no programa SICUE:

Estudantes propios	Universidade de destino		Estudantes	Prazas ofertadas
	Universidad Cardenal Herrera-CEU		1	2
	Universidad Complutense de Madrid		1	2
	Universidad de Córdoba		1	2
	Universidad de Extremadura		2	2
	Universidad de Las Palmas de Gran Canaria		1	1
	Universidad de León		1	2
	Universidad de Zaragoza		2	2
Estudantes alleos	Universidade de orixe		Estudantes	Prazas ofertadas
	Universidad de León		2	2
	Universidad Complutense de Madrid		1	2
	Universidad de Córdoba		2	2
	Universidad Católica de Valencia San Vicente Mártir		1	2
	Universidad Autónoma de Barcelona		1	2

Participación no programa bilateral:

Estudantes alleos	UNIVERSIDADE DE ORIXE	País	Estudantes
	UNIVERSIDAD JUÁREZ DEL ESTADO DE DURANGO	1	México
	Universidade Federal do Recôncavo da Bahia	1	Brasil
	UNIVERSIDAD AUTÓNOMA DE BAJA CALIFORNIA	1	México
	UNIVERSIDADE PAULISTA (UNIP)	1	Brasil
	Universidade Federal de Mato Grosso (UFMT)	1	Brasil
	PONTIFICIA UNIVERSIDAD CATÓLICA DE CHILE	1	Chile
	UNIVERSIDAD SANTO TOMÁS (CHILE)	1	Chile
	UNIVERSIDAD DE GUANAJUATO	1	México
	Universidade de Brasília (UnB)	1	Brasil
	Universidade de Passo Fundo (UPF)	1	Brasil
	PONTIFICIA UNIVERSIDADE CATÓLICA DE MINAS GERAIS (PUCMINAS)	1	Brasil

No caso dos alumnos alleos que nos visitan, a porcentaxe de estudantes que nos visitan sufriu un lixeiro incremento (IN18G):

IN18G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total (%)	3,09	1,95	3,40	2,44	4,02

A enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes coa mobilidade (INF04) dá un valor global de 4,45 sobre 5 (participación do 15 % dos invitados).

Cabe aquí considerar as mesmas razóns expostas nos informes anteriores, que consideramos poden axudar a entender estas porcentaxes de mobilidade; lamentablemente son situacións de tipo estrutural, polo que non resulta fácil deseñar solucións a curto ou medio prazo para tentar variar a tendencia:

- Falta de homoxeneidade dos plans de estudo, especialmente nos cursos superiores, que fai difícil o recoñecemento de estudos.
- Os requisitos para participar nos programas de mobilidade (esencialmente o núm. de ECTS cursados á hora de facer a solicitude) reducen as posibilidades de realizar unha estancia, precisamente aos estudantes dos últimos anos do título.
- Falta de axudas económicas suficientes, ou total ausencia en función do programa de que se trate.
- Imposibilidade de establecer convenios -por saturación en destino- con universidades do mundo anglosaxón onde o nivel de competencia profesional é máis atractivo para os aspirantes a facer mobilidade.
- Ausencia de materias impartidas en inglés no noso título, o que favorecería a chegada de estudantes da contorna Erasmus. Esta situación é unha constante nas consultas recibidas cada ano, procedentes de estudantes maioritariamente da UE, pero tamén do norte de África, e mesmo o sureste asiático.

Para facilitar o intercambio de estudantes con outras facultades de España realizouse unha revisión das táboas de recoñecemento de créditos elaboradas pola conferencia de decanos (dentro da GrV-AM-07, 2022-2023) que axude a racionalizar as decisións relativas a acordos de intercambio para a situación individual de cada estudante.

A pesar destes datos xerais, débese ter en conta que, se consideramos os cursos medios, os estudantes que figuran como estudantes en mobilidade nalgúns materias supera o 10% en moitos cursos académicos, o que se pode apreciar nas listaxes de estudantes dalgúns materias de 4º curso dispoñibles na secretaría virtual, como se discutíu durante a elaboración deste informe pola Comisión de Título.

Decidiuse retirar un destino da proposta de destinos Erasmus no curso académico 2023-24, ao considerar que non se adaptaba aos estándares de calidade para a formación dos nosos estudantes.

Información básica sobre mobilidade e enlaces ao contido de cada programa na web do Centro:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/mobilidade>

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

As actividades formativas e metodoloxías docentes están debidamente explicados nas guías docentes das materias do Grao. Nelas enuméranse todas

as competencias asignadas a cada materia, o temario, desenvolvemento práctico e sistema de avaliación empregado, axustándose razoablemente ao obxectivo da súa adquisición. Antes de finalizar o Curso Académico, e en previsión do seguinte, cada Guía Docente é revisada polo profesorado implicado, e posteriormente pola Comisión de Grao – que verifica a coherencia do seu contido en relación co establecido na memoria de verificación do título e cos criterios establecidos en Xunta de Facultade e, de ser o caso, devolve aos profesores a relación de correccións necesarias –, aprobada polo Departamento correspondente e remitida ao Centro para a súa aprobación en Xunta de Facultade.

Cabe destacar que o desenvolvemento das actividades académicas vese afectado polo período de matrícula, especialmente en primeiro curso, xa que os estudantes que se incorporan tarde, non poden realizar algunhas das prácticas, afectando a varias materias. Cando é posible faise unha adaptación da actividade docente.

O tamaño dos grupos para as distintas actividades formativas realizadas durante o curso 2023-24 axustouse ao indicado na Planificación Académica Anual da Universidade; <https://www.usc.gal/es/servicios/unidades/servicio-gestion-oferta-programacion-academica-sxopra>.

Con todo, a realidade apártase dos valores medios e debe ser tida en consideración como contorna de traballo para cada curso académico. Así, as actividades interactivas reais no grao, e o tamaño dos grupos que vén establecido pola normativa de xestión académica que manexa o SXOPRA para toda a USC, é o seguinte:

- Prácticas de encerrado: 80 alumnos/grupo
- Seminarios: 30 alumnos/grupo
- Titorías: 10 alumnos /grupo
- Prácticas de laboratorio, prácticas de campo e prácticas de computador: 20 alumnos /grupo, que se reduce a menos de 15 nalgúns materias con suficiente capacidade docente mediante a creación de grupos de centro. Os grupos de centro non se reflicten no Plan Docente Anual inicial, pero si no Plan de Ordenación Docente.
- Prácticas clínicas non asistenciais e visitas activas: 10 alumnos /grupo
- Prácticas clínicas asistenciais: 7 alumnos/grupo.
- Prácticas externas e TFG: 1 alumno/a.

O indicador IN32G mostra información relativa ao tamaño medio dos grupos de docencia interactiva. Obsérvase un lixeiro aumento do tamaño dos grupos neste último ano.

Media de estudantes por grupo de docencia interactiva- (IN32G)					
Curso académico	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grupos de seminario	28,27	26,46	26,47	27,93	30,43
Grupos de laboratorio	19,87	18,39	19,10	20,10	21,93
Grupos clínicos	9,43	9,00	9,10	8,78	9,63
TOTAL	14,94	13,97	14,19	14,16	15,46

Recentemente, revisouse o tamaño dos grupos nalgúns prácticas dados os comentarios xurdidos nas valoracións semestrais referentes á seguridade e ao benestar animal en prácticas realizadas con animais. Isto levou a unha reconsideración dos tamaños dos grupos nas prácticas con riscos potenciais, e un axuste do número de estudantes por grupo, sempre que puidese ser asumido polo profesorado existente. O 2023-24 foi o segundo curso impartido tras implementar esta mellora, por agora, parece que foi unha medida correctora satisfactoria, a xulgar pola ausencia de incidencias nas materias afectadas.

Os indicadores utilizados para a consecución da acreditación europea do título serven tamén como instrumento para avaliar a idoneidade da docencia para a consecución das competencias do grao. Todos os indicadores referentes a número de prácticas, prácticas clínicas e prácticas de seguridade alimentaria e saúde pública (I4, I5 e I6) son superiores ao valor mínimo requirido, e tamén ao valor medio do indicador para todas as facultades asociadas. O número de casos intra- e extramuros de animais de compañía, ruminantes, porcos, cabalos e outras mascotas (I8-I13) tamén está por encima dos valores mínimos, igual que o número de necropsias de animais de compañía, de ruminantes e porcino e outras mascotas (I14, I15 e I17). O único indicador que se atopa lixeiramente por baixo do límite de referencia é o de necropsias en cabalos (I16), haberá que esperar para avaliar si as medidas correctoras tomadas, como parte do plan de melloras 2023-2024, son eficaces para aumentar este indicador nos cursos seguintes. Os dous indicadores que proporcionaron valores negativos no pasado con respecto á referencia de 2019: as prácticas extramuros de seguridade e calidade alimentaria e saúde pública (I7) e as necropsias de ruminantes e porcos (I18) neste curso xa teñen un valor positivo, o que indica que as medidas que se estableceron, como a modificación dalgúns actividades docentes e acordos con empresas destes sectores conseguiron mellorar a calidade da

formación do estudantado. Aínda que neste momento os nosos indicadores están por encima dos valores mínimos, dado a pouca marxe de diferenza, é conveniente reforzar o número de casos de equino e porcino, e o número de necropsias en ruminantes, equino e porcino.

Como aspecto singular do noso centro considerase un complemento esencial dentro da metodoloxía de formación dos/as nosos/as estudantes o uso do laboratorio de habilidades clínicas como un espazo para a aprendizaxe autónoma orientada ao desenvolvemento de habilidades traballadas nas clases prácticas que promova a confianza e destreza do estudante á hora de realizar prácticas en animais.

Cabe destacar nesta sección o recoñecemento pola USC da innovación docente realizada no noso centro, segundo a convocatoria de 2022, no que se recoñece a innovación docente no período do 1 de xaneiro de 2020 ao 30 de outubro de 2022, así como o recoñecemento do título co Selo de Grao de Excelencia en 2024.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

Os resultados da aprendizaxe, tal e como reflicte a Memoria do Grao en Veterinaria, así como os diferentes informes de seguimento do título, avalíanse a través das competencias asignadas: Xenéricas, Disciplinares, Profesionais, Académicas e Transversais.

Os sistemas de avaliación especifícanse nas [programaciones docentes](#) de cada materia.

Realízanse reunións de valoración para cada semestre onde, entre outros aspectos, considérase a adquisición por parte do alumnado das competencias características do título, que se corresponden coas profesionais. Ademais, estes aspectos que se analizan nas reunións de valoración semestrais téñense en conta de cara á revisión e mellora do plan de estudos.

Recentemente ideouse un sistema de seguimento da consecución por parte do estudante das competencias a día un establecidas pola FEVE, e nas que se fundamenta a acreditación da EAEVE, coa inclusión de obxectivos de aprendizaxe sumativos obrigatorios que o estudante debe superar para poder graduarse. Este sistema implementouse en primeiro curso e na materia Rotatorio Clínico Hospitalario. Elaboráronse dous documentos de rexistro de adquisición de competencias a día 1 (EAEVE), un deles para as materias de primeiro curso e outro para a materia Rotatorio Clínico Hospitalario, que se entregaron aos estudantes para que poidan realizar un seguimento da súa progresión na consecución de obxectivos de aprendizaxe non sumativos e sumativos conducentes á adquisición das competencias profesionais, cunha clara identificación daqueles que é obrigatorio superar para graduarse (GrV-AM-03, 2022-2023).

3.8. Prácticas externas.

O estudantado debe cursar para poder graduarse as materias de prácticas tuteladas externas obrigatorias, Rotatorio Clínico Hospitalario, Estancias Clínicas e Estancias non Clínicas. Nestas materias soamente pode matricularse o estudantado que ten menos de 81 créditos pendentes para finalizar os seus estudos. O Rotatorio Clínico Hospitalario realízase no Hospital Clínico Veterinario Universitario Rof Codina seguindo a programación da materia publicada na páxina web do Centro.

As materias de Estancias Clínicas e Estancias non Clínicas consisten na realización de prácticas en empresas ou en entidades públicas ou privadas. Nestas materias o/a estudante conta cun/ha titor/a profesional no centro de destino e un/ha titor/a académico na facultade.

Adicionalmente o estudantado ten a oportunidade de escoller a materia optativa "Prácticas externas" a partir do 4º curso que permite a realización de prácticas adicionais en empresas ou entidades públicas ou privadas.

Ademais, os estudantes poden realizar prácticas voluntarias, unha vez superados 90 créditos, organizadas polo Consello Social, que non forman parte do plan de estudos, pero figuran no expediente académico e no suplemento europeo ao título.

Na páxina web do centro ou estudantado dispón de toda a información relacionada con desenvolvemento das materias incluída a avaliación.

Así mesmo, os estudantes teñen dispoñible na intranet do centro unha listaxe de destinos con todas as institucións (máis de 360) coas que hai convenios vixentes ([E20](#)) para estas prácticas, onde figura unha descrición breve da actividade, que axuda aos estudantes a seleccionar o destino. Aínda así, os estudantes poden propor destinos adicionais nos que realizar as prácticas despois da formalización dun convenio.

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/practicas>

Como se mostra na seguinte táboa, practicamente todo o alumnado egresado no curso 2023-24 realizou prácticas en empresas e institucións ao longo dos seus estudos acollidos a convenios coa USC (IN22G).

Porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22G)				
2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
97,3%	99,15%	96,74%	100%	98,25

En realidade, a realización de prácticas externas é obrigatoria para poder graduarse, así que, aínda que se realicen noutra universidade, todo o alumnado egresado cumpriu este requisito.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

A oferta de traballos fin de grao publícase na páxina web da Facultade de Veterinaria. A asignación, supervisión e avaliación realízase segundo a normativa dispoñible e os estudantes e profesores teñen acceso á información acerca dos prazos oficiais para cada etapa do proceso. Os tribunais de avaliación dispoñen dunha guía e unha rúbrica para establecer a cualificación do traballo. O proceso desenvólvese sen incidencias salientables.

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

Dispomos dalgúns taxas que axudan a estimar os resultados da aprendizaxe, e que xa estaban recollidas na memoria de verificación do título; a taxa de éxito (IN35G) cun valor de referencia na memoria do título do 75%, mostra de maneira constante valores media para a totalidade do grao por encima do 80%, alcanzando un valor de 84,2% no curso 2023-24, similar aos cursos anteriores, coa excepción do curso 2019-20. O 2019-20, excepcionalmente, tiñamos unha porcentaxe por encima do 95%, a sospeita de que se debeu á realización dos exames de forma telemática por motivo da crise sanitaria e o confinamento causado pola COVID-19, parece apoiada polo feito de que os valores da taxa volveron a niveis pre-pandemia desde o curso 2020-21:

IN35G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	92,09	72,82	75,07	78,40	83,45
2º curso	98,90	81,67	79,89	77,43	80,15
3º curso	97,68	83,55	82,85	85,53	87,17
4º curso	95,43	81,92	79,56	78,76	80,4
5º curso	94,99	92,42	90,16	87,03	91,73
Total (%)	95,84	82,57	81,27	81,07	84,2

A taxa de éxito adoita ser máis baixa nos primeiros cursos, probablemente pola adaptación aos estudos universitarios dos novos estudantes, aínda que no curso 2023-24 parece ser lixeiramente superior á de anos anteriores.

En xeral, a taxa de éxito por materias varía, pero non mostra valores alarmantemente baixos para ningunha delas de forma continuada nos últimos cursos académicos. Destacar que no curso 2020-21 algunhas materias informaron nas reunións semestrais de taxas de éxito baixas con respecto a anos anteriores, como se observa tamén no INF17, para as que non atoparon explicación. É posible que a excepcionalidade do curso 2019-20 repercutise no nivel académico dos nosos estudantes e que lles dificultase afrontar novos coñecementos sen unha boa base inicial ou que a continuación da situación excepcional durante o 2020-21 afectase o rendemento dos estudantes. No curso 2021-22 a taxa de éxito nas materias máis afectadas por esta caída de valores post-pandemia, tivo valores similares aos anteriores ao curso 2019-20 (comparación no INF17 cos cursos 2021-22 e 2020-21). Neste curso 2023-24 a taxa de éxito da gran maioría das materias mantívose similar á do curso 2022-23, e naquelas materias en que no curso 2022-2023 detectouse unha caída de máis de 10 puntos con respecto ao curso anterior, os valores volveron a niveis próximos aos previos, o que indica que se tratou dunha circunstancia puntual e non dunha tendencia sostida.

Os valores da taxa de avaliación por materias (INF.19) manteñen en xeral valores moi altos. A materia obrigatoria coa taxa de avaliación máis baixa é o TFG (73,15 %), o que probablemente se deba á necesidade de ter superados todos os demais créditos do título para defender o traballo e tamén ao seguimento do traballo polos titores que lle axuda ao estudante a valorar se está preparado para presentarse a avaliación. Esta taxa, que no curso anterior foi bastante inferior (57,43%) é, quizais debido á maior taxa de éxito en cursos previos, debido á pandemia, que fai que a volta á normalidade neste aspecto repercuta nunha caída dos valores deste indicador, recuperouse a niveis similares ao curso 2020-21.

A taxa de rendemento (IN34G) seguiu un curso ascendente, alcanzando valores máximos do 81% no 2015-16, e desde o curso 2016-17 estabilizouse, cun promedio para o grao próximo ao 79%. O curso 2019-20 observamos un importante incremento que se atribuíu á adaptación académica á pandemia do COVID-19. Neste curso xa atopamos de novo un nivel próximo ao 80 %, é dicir a valores pre-pandemia rompendo cunha tendencia descendente dos últimos 3 anos, probablemente como corrección ao valor anormalmente alto do curso 2019-20:

IN34G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total (%)	93,38	78,06	76,35	75,51	79,73

Finalmente, a taxa de avaliación (IN36G) ten promedios para a totalidade do título por encima do 90%, mantendo valores similares aos dos cursos previos ao 2019-20, Consideramos que os resultados son certamente satisfactorios.

IN36G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total (%)	97,43	94,54	93,95	93,15	94,69

3.11. Satisfacción do Alumnado.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida mantense a un nivel moi alto, con valores medios nas enquisas de satisfacción desde o curso 2016-17 por encima de 4 puntos sobre un máximo de 5, para alcanzar o nivel máis alto no curso 2022-23 con 4,3 puntos, que se mantén neste curso 2023-24 (IN46G).

IN46G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	4,09	4,23	4,07	4,3	4,3

A taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN48G) neste curso 2023-24 foi a máis alta dos últimos anos con moita diferenza, duplicando os valores medios dos cursos pasados, como xa se comentou en apartados anteriores.

IN48G	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total (%)	33,23	31,46	30,48	24,12	59,24

Igualmente, a satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (IN19G) é máis que notable e no presente curso temos unha puntuación de 4,52.

Neste curso recolléronse por terceira vez os datos de satisfacción coas actividades postas a disposición dos estudantes no laboratorio de habilidades clínicas, que conseguiu un valor global de 3,9 puntos nunha escala de 1-5, cun total de 1906 visitas e unha taxa de participación nas enquisas do 4,19%. É posible que a redución da taxa de participación nas enquisas neste curso débese a un cambio na forma en que as enquisas se pon a disposición dos estudantes; tentárase unha volta ao sistema anterior cunha distribución personalizada das enquisas no primeiro semestre do curso 2024-25, aínda que o alto número de visitas dificulta este procedemento, e no segundo semestre probarase un sistema de resposta a través da plataforma Forms.

Ademais, os resultados da enquisa propia dirixida a recoller información sobre a materia “Rotatorio Clínico Hospitalario”, aplicada a estudantes desta materia por primeira vez no curso 2022-23, neste curso 2023-24 indican que a satisfacción media é de 7,43 sobre 10, cunha participación do 59,2 %. Polo momento, os resultados non son comparables cos do curso anterior debido a que se realizaron modificacións para mellorar a recollida de información a través da enquisa.

MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA (MXX)

No MXX, a CCM que está conformada polos coordinadores e secretarios académicos da USC e UVIGO e o coordinador de área externa son os encargados de analizar a adecuación dos procesos de aprendizaxe, ensino e avaliación do título. Esta información trasládase despois ás dúas CAM para que desenvolvan os seus respectivos informes de seguimento (onde se inclúen a información de ambas as universidades), sendo o da USC aprobado pola CCC da Facultade de Veterinaria (centro onde o estudo está adscrito). Os datos máis destacables dos devanditos informes recóllense a continuación:

3.2. Admisión do alumnado e accións de captación

O Máster tivo unha demanda elevada no curso 2023-2024 (USC= 70 preinscritos; UVIGO= 42, o segundo curso libre de restricións á mobilidade despois da declaración da pandemia de COVID-19 en marzo de 2020, e onde os valores de preinscripción foron os máis elevados. Unha vez finalizados os procesos de matriculación (**IN02M**), cubríronse 17 prazas na USC (incluíndo dous estudantes procedentes de cursos previos) e 14 na UVIGO. Por tanto, estes datos mostran que o Máster ten unha moi boa aceptación. Ademais, poderíanse cubrir todas as prazas de nova matriculación se o

calendario de matrícula en ambas as universidades para o estudo fose idéntico e coordinado. Estas diferenzas causan varios desaxustes, xa que un mesmo estudante pode solicitar a preinscrición e a matrícula (e ser admitido) nas dúas Universidades ao mesmo tempo. As diferenzas entre a admisión e a matrícula tradúcense en que haxa estudantes que quedan sen praza mentres que outros teñen dúas prazas (esta situación lévase producindo durante todas as edicións do máster con varios alumnos por curso, porque así aseguran ter praza no estudo), provocando que se perdan potenciais alumnos. Este punto tamén quedou reflectido no informe de renovación do estudo emitido pola ACSUG o día 05/11/2024. A pesar das dificultades, a demanda e matrícula do Máster pode considerarse como moi boa. Como se comentou no apartado 2.2., o alumnado accedeu ao Máster maioritariamente desde os graos/licenciatura de Bioloxía, aínda que todos os estudantes admitidos posuíron basicamente titulacións preferentes que dan acceso ao Máster. Un aspecto a destacar é a capacidade que ten o Máster de captar estudantes que realizaron os seus estudos fóra de universidades do SUG, mesmo do estranxeiro. Por tanto, a difusión exterior do Máster grazas ás páxinas webs oficiais, web propia, conta en redes sociais (Twitter actualmente denominada como X e a creación da conta oficial de Instragram en xullo de 2023) e contactos directos coa Coordinación permitiron a captación dun número importante de estudantes doutras universidades nacionais (p.e. Universidade de Málaga, Universidade de Valencia, Universidade Rey Juan Carlos de Madrid, Universidade Autónoma de Barcelona, Universidade de Sevilla) e internacionais (p.e. Universidade dos Andes, Universidade Libanesa, Universidade Aberta Interamericana,...). Estes resultados resaltan o interese que desperta o estudo tanto a nivel nacional como internacional. Ademais, durante o curso 2023-2024, o coordinador xeral do Máster participou nas actividades de internacionalización destes estudos promovidos pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC, participando nos webinarios con estudantes externos ao EEES que se celebraron para o estudo o día 06/02/2024.

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

Non procede

3.4. Orientación académica e profesional

Realizouse unha reunión grupal, organizada pola CCM, co alumnado ao comezo de curso (11/09/2023) para a presentación e posta en marcha do curso facilitándolles información acerca de horarios, labores de coordinación, uso da plataforma virtual, prácticas externas (PEs) e TFM, avaliacións, convalidacións, así como doutras dúbidas que xurdiron durante a sesión. Tamén se resolveron dúbidas ao longo do curso mediante titorías individualizadas realizadas polos coordinadores das distintas materias e a CCM. Ademais, grazas á creación dunha lista de distribución cos correos electrónicos oficiais e persoais dos alumnos informáuselles sobre ofertas de traballo, bolsas, talleres, programas de mobilidade, etc.

3.5. Mobilidade

O Máster, pola súa curta duración non participa, de momento, en ningún programa de mobilidade, polo que na USC non se enviaron (antigo indicador IN17M) nin recibido (IN18M) estudantes destes programas. Porén, estes valores non significan que non se reciban estudantes de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Deste xeito, houbo un 17.65% de estudantes estranxeiros sobre os matriculados na USC (**IN08M**, ver tamén **4316711_INF.16_2023_2024**) destacando unha estudante procedente do Líbano que superou as súas probas de idioma do Instituto Cervantes antes de iniciarse o curso. Dúas das estudantes estranxeiras da USC cursaron o estudo grazas ás Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME) que concede a Xunta de Galicia, onde os beneficiarios poden ser "descendente por consanguinidade (fillo/a, neto/a, bisneto/a...) dunha persoa nacida en Galicia, sempre que a persoa solicitante da bolsa nacece no estranxeiro", como é o caso destas dúas alumnas que ademais teñen dobre nacionalidade, indicando no momento da súa matriculación nacionalidade española. Pola súa banda, na UVIGO esta porcentaxe de estudantes estranxeiros foi de 14.29 % (aínda que finalmente os dous alumnos anuláron a matrícula a finais do primeiro cuatrimestre por motivos persoais), tendo na USC 5 preinscricións de estudantes estranxeiros (sobre 3 prazas ofertadas durante o período especial de matriculación deste colectivo na USC, que foi desde o 20/02/2023 ata o 14/04/2023). Ademais, durante o curso 2023-2024, dúas estudantes matriculadas na USC realizaron as súas PEs no Instituto Roslin da Universidade de Edimburgo, baixo a titorización do Dr. Diego Robledo, docente de área externa do Máster. Pola súa banda, un estudante matriculado na UVIGO fixo as súas PEs e o seu TFM no *Institut des Sciences des Plantes de Paris-Saclay* en Francia, grazas a unha beca Erasmus+.

3.6. Metodoloxía do ensino e avaliación da aprendizaxe

Tanto a metodoloxía como a avaliación da aprendizaxe adecúase ao recollido na MVT. Para o curso 2023-2024, o valor do grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (**IN46M**) foi de 4,66/5 na USC e de 5/5 na UVIGO, sendo ambos moi similares aos obtidos no curso 2021-2022 (4,58/5 e 4,43/5, respectivamente). Ademais, o grao de satisfacción coa docencia impartida por parte dos docentes foi tamén moi elevado (**IN47M** = 4,50/5 para a USC). Para la UVIGO foi de 4,75/5 para el curso 2022-2023 onde este estimador é bienal. O tamaño dos grupos nas materias básicas (**IN55M**,

valor na USC = 15,00) e optativas (**IN56M**, valor na USC =5,25) é adecuado para o tipo de formación impartida, xa que o número de prazas que se oferta (máximo de 30, 15 por universidade) permite que as materias contén cun número baixo de alumnos (moitas materias optativas dos módulos das especialidades de “diversidade xenética” e “aplicacións xenéticas” teñen un número de estudantes < 5). A través do plan de acción tutorial (PAT) detectouse un dos principais problemas para o desenvolvemento do ensino. As clases impártense simultaneamente nos Campus de Lugo (Facultade de Veterinaria) e Santiago (Facultade de Bioloxía) da USC, e no Campus de Vigo (Facultade de Bioloxía) da UVIGO. A docencia pode seguirse por videoconferencia desde calquera do tres Campus. O sistema escollido para desenvolver a videoconferencia dende o curso 2020-2021 é a plataforma MS Teams que é moito máis flexible que Adobe Connect (empregada nas dúas primeiras edicións do Máster e que deu varios problemas ao longo desas edicións). Na UVIGO detectouse xa no primeiro curso de impartición da titulación o problema de non empregar unha aula fixa para o Máster, que foi corrixido no curso 2021-2022, sendo esta acción de mellora moi ben recibida polo estudiantado e o profesorado.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

Todas as taxas de avaliación da aprendizaxe (i.e. taxa de rendemento (**IN34M**), éxito (**IN35M**) e avaliación (**IN36M**)) resultaron superiores aos obtidos no curso 2022-2023 na USC, sendo todos os valores dos indicadores do 100%. Ademais, os valores dos estimadores **IN34M**, **IN35M** e **IN36M** foron superiores á media dos estudos de Máster da USC e da súa Área de Ciencias da Saúde (ver **4316711_MedUSC_2023-2024**). Os valores obtidos na UVIGO foron similares, resaltando as taxas de éxito global e por materia para o curso 2023-2024 con valores sempre por riba do 95%. Así, a taxa de éxito (**IN35M**) na USC foi de 100,00%, mentres que na UVIGO foi de 100,00 % considerando o alumnado presentado. Este valor supera o Obxectivo de Calidade proposto pola Facultade de Bioloxía da UVIGO para as titulacións de máster adscritas ($\geq 90\%$), mentres que o valor do Máster na USC supera á media xeral na USC (98,68%). Na USC, a taxa global de rendemento (**IN34M**) que informa sobre o total de créditos que superan os estudantes respecto dos créditos matriculados foi do 100,00%, sendo superior aos valores medios nesta universidade (88,67%) e ao obtido no curso anterior (95,32%). Para a UVIGO **IN34M** foi do 100,00 %. A relación entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados, proporcionada pola taxa de avaliación (**IN36M**) foi do 100,00% na USC e de 91,00% na UVIGO, aproximándose en ambas universidades ao 100%. Así, os valores descritos mostran que os alumnos son capaces de superar de maneira satisfactoria os créditos nos que se matriculan.

3.8. Prácticas externas

Durante o curso 2023-2024 non se recibiron solicitudes de convalidación de Prácticas Externas pola experiencia profesional. Os estudantes realizaron PEs en empresas e centros de investigación (**IN22M** = 100,00%). Dende a CCM, ademais de realizar unha oferta propia, permítese que os alumnos poidan pactar as súas PEs. Estas dúas modalidades teñen unha gran acollida entre os estudantes porque lles permite desenvolver a actividade nos temas que lles resultan máis atractivos, o que tamén ten un efecto positivo no seu rendemento, interese e avaliación. Os centros de acollida principais de estudantes do Máster foron moi diversos (10 institucións diferentes), recolléndose na seguinte táboa os centros de acollida de estudantes para as PEs nos últimos cinco cursos:

Nome da empresa ou entidade	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
IEO Vigo (CSIC)		1		1	1
Instituto Roslin (Edinburgo)	3		1	3	2
CSIC Misión Biolóxica Galicia	3	3	3		2
Institut des Sciences des Plants- Paris-Saclay					1
CABIMER-CSIC		1			
Hospital Álvaro Cunqueiro	1				
Instituto de Ciencias Forenses “Luis Concheiro”		1	2	1	
Instituto de investigacións sanitarias Galicia sur				1	2
Complexo Hospitalario Universitario de Vigo			1		
Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía (UVIGO)					1
Grupo de Xenética de Poboacións e Biomedicina (USC)					1
CSIC IIM	5	1	2	4	1

Instituto de investigacións sanitarias Santiago de Compostela (IDIS)	7	2	2	2	4
Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermedades Crónicas (CIMUS)	2	3	3	7	5
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX)	2	2	1		2
Grupo Acuigen (USC)	2	3	4	3	2
Grupo Gapavet (USC)		1			
Grupo LHICA (USC)			1	1	
Grupo Neurodevo (USC)		2			
Grupo GIPA (USC)		1			
Grupo INVESEAGA (USC)					1
CINBIO-UVIGO				2	2
Empresas privadas biotecnolóxicas		3	1		
CIM/ECIMAT	1				
Convalidación por experiencia laboral	2				

Cabe salientar que durante o curso académico 2023-2024, seguindo a normativa da Reforma Laboral (Ley de Empleo 3/2023 do 28 de febreiro de 2023), o período presencial das PEs (200 horas) foi cotizado á Seguridade Social para cada estudante por parte das universidades onde se atopaban matriculados, excepto os estudantes que realizaron as súas actividades no CSIC, que se encargou do pagamento desas cotas patronais. A USC tamén pagou as cotizacións dos seus estudantes para o período presencial dos TFM (225 horas).

Na UVIGO non se dispón de datos sobre o grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas, nin sobre o grao de satisfacción coas prácticas externas académicas. Na USC, o grao de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas foi moi alto neste curso (4,67/5, ver **IN19M**), similar ao dos cursos 2018-2019 (4,78/5), 2021-2022 (4,67/5), 2022-2023 (4,75/5), e superando amplamente o valor obtido no curso 2020-2021 (2,00/5).

Os valores mostrados na enquisa sobre a satisfacción do alumnado cos programas de PEs na USC (**4316711_INF.06_PLN. TCNT. MST. PRA2023-2024**) foron todos moi altos, con valores $\geq 4,40/5$. Como en cursos anteriores, dende a Coordinación recolléronse as opinións dos alumnos sobre esta actividade, porque na memoria escrita de prácticas externas hai un apartado de valoración persoal. De xeito xeral, os alumnos mostráronse satisfeitos coas actividades realizadas, destacando a súa utilidade á hora de aplicar os conceptos teóricos adquiridos durante o desenvolvemento das materias. Estas opinións vense reflectidas nos valores obtidos nas enquisas de satisfacción, polo que a Comisión de Coordinación está moi satisfeita coas actividades e as valoracións que se obtiveron por parte dos alumnos.

Para o curso 2023-2024 o grao de satisfacción dos titores profesionais (**IN20M**) coas prácticas externas foi de 4,41/5, en consonancia co valor obtido para os cursos 2018-2019 (4,57/5), 2020-2021 (4,33/5), 2021-2022 (4,50/5) e 2022-2023 (5,00/5) (para o curso 2019-2020 non se recolleron datos debido á COVID-19). Desgraciadamente, como sucedeu no curso anterior, non se obtivo información dos titores académicos (**IN21M**) coas prácticas externas, indicador que foi moi elevado na primeira edición do Máster (4,00/5 para o curso 2018-2019). Nos informes das enquisas de satisfacción cos programas de PEs dos titores externos (**4316711_INF07_2023-2024**) todos os valores para as distintas preguntas foron $>4,00/5$ (cunha valoración media de 4,41), cubríndose 9 enquisas das 16 enviadas aos distintos titores externos dos estudantes da USC (taxa de participación = 56,25%). Como no curso 2022-2023, tampouco se obtiveron datos dos titores académicos (**4316711_INF08_2023-2024**). De calquera modo, as notas dadas polos titores (que se realizan de maneira conxunta entre titores externos e académicos) foron moi elevadas (nota máis baixa entre todos os alumnos do Máster = 8,75; o 96,2% delas $> 9,00$), indicando que tanto os titores externos como os académicos aproban o desenvolvemento desta actividade e o traballo realizado polo alumnado, ademais da organización levada a cabo polas comisións do Máster. As cualificacións obtidas nesta actividade foron de 1 MH (unha estudante cunha nota de 10) e 14 sobresalientes na USC; mentres que na UVIGO foron de 11 sobresalientes (dous estudantes cunha nota de 10) e 1 notable.

3.9. Traballos Fin de Máster

De igual xeito que nas PEs, a CCM permite que os alumnos pacten os seus Traballos Fin de Máster (TFM), ademais da oferta propia do Máster. No presente curso, o desenvolvemento dos TFM puido facerse de xeito presencial sen ningún tipo de restrición á mobilidade, tal e como xa se fixo no curso 2022-2023. As cualificacións do TFM foron tamén moi boas, 1 matrícula de honra, 12 sobresalientes e 4 notables na USC (evidencia [E24](#),

4316711_INF15_2023-2024) e 1 MH, 4 sobresalientes e 7 notables na UVIGO. No curso 2023-2024, defenderon os seus TFMs dous alumnos de cursos previos, un matriculado inicialmente no curso 2020-2021 e outro con primeira matrícula no curso 2022-2023. Os tribunais de TFM de cada Universidade destacaron a alta calidade das memorias presentadas.

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título

As cualificacións por materia están recollidas na seguinte táboa. A columna en cor negra presenta os datos da UVIGO e a columna en cor azul os datos da USC (recollidos no informe **4316711_INF15_2023-2024**):

Materia	NP	NP	SU	SU	MH	MH	SOBR	SOBR	NOT	NOT	APROB	APROB	CON	CON
Introdución á programación e á análise bioinformática de datos	1				1	1	5	9	5	3	1	2		
Xenética cuantitativa	1				1	1	4	7	7	3		4		
Epixenética					1	1	6	3	5	11				
Análise xenómica					1	1	2	8	8	5	1	1		
Método científico en ciencias experimentais					1	1	9	13	2	1				
Técnicas de análise xenética					1	1		1	8	13	3	1		
Organismos modelo	1				1	1	7	7	4	7				
Evolución molecular					1	1		5	2					
Xenética da Conservación						1		3						
Inmunoloxía e Xenómica						1			1			2		
Diversidade Xenética en Plantas e a súa microbiota					1	1	2		4	1	2			
Xenética do desenvolvemento en plantas								3	1		1			
Simulación de procesos xenéticos en ordenador						1								
Trazabilidade xenética							1		1			1		
Diagnóstico molecular de enfermidades e plagas de especies vexetais cultivadas (Non ofertada)														
Bioquímica aplicada								1			1			
Epidemioloxía molecular de enfermidades animais											1			
Modelización e evolución da resposta inmunitaria en vertebrados									1	1	1	2		
Compostos bioactivos en plantas e a súa xenética						1				1	1			
Base das enfermidades xenéticas humanas	1				1	1	1	1	9	8		1		
Xenómica do cancro					1	1	4		4	8				
Células nai no cancro e envellecemento					1		8	10	1					
Modelos animais aplicados á investigación humana					1	1	4	3						

Xenética das poboacións humanas								1	3	1	1		
Xenética clínica							1	5	6	3	5		
Traballo Fin de Máster					1	1	4	12	7	4			
Prácticas Externas	1				1	1	10	14	1				

NP: Non Presentado; SU: Suspenso; MH: Matrícula de Honra; SOBR: Sobresaliente; NOT: Notable; APROB: Aprobado; CON:Convalidación.

A análise das cualificacións indicou que os resultados dos exames son mellores nas materias optativas que nas materias obrigatorias, e isto ocorre en ambas universidades. Tamén se observa que, en xeral, as cualificacións son lixeiramente superiores na USC en comparación coas obtidas na UVIGO, aínda que as diferencias son practicamente inapreciables, obtendo cualificacións moi parecidas nas dúas universidades. Para o curso 2023-2024, na UVIGO tivo aínda o estudante procedente de India, ao que se lle permitiu matricularse nesta universidade sen acreditar coñecemento de ningún dos dous idiomas oficiais do estudo (nivel B2 para castelán e/ou galego), pero non defendeu o seu TFM durante o curso 2023-2024 (única materia que ten que superar para finalizar o Máster), e non se matriculou no curso 2024-2025, polo que parece que non finalizará o estudo. As cualificacións de "Non Presentado (NP)" nesta universidade corresponderon a unha alumna que se matriculou, abandonou o estudo, pero non anulou a súa matrícula, polo que isto vese reflectido nos indicadores de éxito e rendemento na UVIGO mostrados previamente (**IN34M**, **IN35M** e **IN36M**). Na USC, os dous estudantes procedentes de cursos previos superaron satisfactoriamente os seus TFMs. A alumna matriculada na USC procedente do Líbano foi a alumna que en xeral obtivo as cualificacións máis baixo. Porén, hai que salientar que sempre realizou os exames escritos en castelán, polo que realizou un importante esforzo co idioma, superando todas as materias nas que estivo matriculada. A diferenza do curso 2022-2023, no presente curso todos os estudantes superaron todas as súas materias. Polo exposto previamente, as notas obtidas no seu conxunto polo alumnado son moi boas e os docentes están moi satisfeitos co labor realizado.

3.11. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Os datos dispoñibles de satisfacción dos diferentes colectivos xa se desenvolveron neste epígrafe e foron satisfactorios. Finalmente, indícase que non se recibiron nin suxestións nin reclamacións en ningunha das dúas universidades utilizando as canles postas a disposición dos diferentes colectivos que integran o Máster.

Aspectos a destacar e propostas de mellora

Ademais de todo o sinalado, en moitos departamentos da Facultade de Veterinaria existen outros materiais, de diversa índole, que poden ser utilizados polos estudantes. Finalmente, cabe resaltar que o acceso a Internet que ofrece a USC aos estudantes, pon ao alcance dos mesmos unha infinidade de recursos científicos gratuítos en constante crecemento, tanto en relación con publicacións periódicas como o acceso a libros electrónicos.

A colección electrónica e a posibilidade dos membros da comunidade universitaria de solicitar novas adquisicións de material bibliográfico facilita a actualización dos fondos

O número de recursos, o acceso aos mesmos, a conexión directa a bases de datos, a posibilidade de acceso a artigos científicos, o número de libros, e o seu grao de actualización fainos considerar que os recursos documentais son suficientes e están actualizados.

Portal de Investigación da USC

O Portal de Investigación ten como obxectivo difundir e transferir á sociedade os resultados da investigación, facilitando o acceso a publicacións e datos, mellorando a reproducibilidade da investigación e promovendo a ciencia aberta. No mesmo atópase a produción científica dos investigadores/as da Universidade de Santiago de Compostela tanto de xeito individual como agrupados en Grupos de Investigación, Departamentos e Institutos de Investigación, así como os resultados globais da Universidade.

- ***Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade non desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.***

Accesibilidade universal e deseño para todos

Máis do 90% das instalacións da Facultade contan cun deseño adaptado para todos, quedando moi poucos espazos por adaptar, favorecendo o acceso universal, especialmente nas aulas, salas e laboratorios onde se imparte docencia teórica e práctica.

Seguridade e saúde

A Facultade conta cun [plan de autoprotección](#) elaborado polo [Servizo de Prevención de Riscos Laborais](#). Este Servizo é o encargado de promover a saúde e seguridade da comunidade universitaria, para o que diseña, aplica e coordina os plans e programas de actuación preventiva, avalía os factores de risco que poidan afectar á seguridade e saúde do persoal e promove a información e implicación de todos na cultura preventiva.

O [Servizo de Vixilancia da Saúde](#) dedicado á vixilancia e control da saúde dos traballadores leva a cabo, entre outros, programas de prevención de enfermidades infectocontaxiosas e campañas de información e/ou vacinacións específicas (por exemplo, antitetánica en Veterinaria).

Medio ambiente

A USC adquiriu o compromiso de formar persoas e producir ciencia e tecnoloxía baixo o criterio de sustentabilidade, fomentando en todos os membros da comunidade universitaria o sentido da responsabilidade polo coñecemento, conservación e mellora do medio ambiente. Este compromiso plásmase no Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS). Desde o ano 2011 funciona a [Oficina de Desenvolvemento Sostible](#) que se encarga de impulsar o desenvolvemento de accións e fomentar a participación de toda a comunidade universitaria. A aprobación no ano 2015 da [Axenda 2030](#) reforza a nova orientación do PDS.

Ademais, o [Servizo de Participación e Integración Universitaria](#), dependente do Vicerreitorado de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, coordina a oferta de actividades de voluntariado e participación social da USC.

- ***Xestión e mantemento dous recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos de reprografía; bibliografía recomendada, etc.***

Accións de mellora que levaron a cabo no curso 2023-24 relacionadas cos recursos materiais

- GrV-AM-3. Produción dun vídeo de promoción do Grao en Veterinaria con información actualizada e cunha perspectiva externa á Facultade para utilizalo nos medios de difusión audiovisuais como reclamo para novos estudantes.
- GrV-AM-4. Manter unha renovación e adquisición de recursos materiais para garantir a funcionalidade e actualización para actividades docentes.
 - GrV-AM-4.1. Mesa de exploración con lámpada de recoñecemento en hospitalización e UCI (Ciencias Clínicas Veterinarias).
 - GrV-AM-4.2. Equipamento e materiais necesarios para controis de presenza de inhibidores de crecemento microbiano nos alimentos (Hixiene).
 - GrV-AM-4.3. Incubador de convección natural ICN 200 (Hixiene).
 - GrV-AM-4.4. Bomba peristáltica dispensadora dixital, embudadora manual de mesa e envasadora ao baleiro (Hixiene).
 - GrV-AM-4.5. Cubeta de electroforese para proteínas (Bioquímica).
 - GrV-AM-4.6. Proxector portátil (Diagnóstico por Imaxe).
 - GrV-AM-4.7. 3 computadores portátiles e un computador de sobremesa (Farmacoloxía).
 - GrV-AM-4.8. Ecógrafo portátil con función Doppler episcópica (Reproducción e Obstetricia).
 - GrV-AM-4.9. Estereomicroscopio SZ51 con iluminación (Ciencias Fundamentais).
 - GrV-AM-4.10. Balanza analítica KERN® ABS 80-4N (Ciencias Fundamentais).
 - GrV-AM-4.11. Proxector e pantalla de parede (Enfermidades Infecciosas).
 - GrV-AM-4.12. Equipamento e instrumental de odontoloxía básica (sindesmotos, forceps, desperiostizadores, motores dentais básicos) (Ciencias clínicas veterinarias).
 - GrV-AM-4.13. Mesa de fotografía con iluminación Kaiser e cámara de fotografía Tough TG-7 lavable e a proba de golpes, con adaptador para a realización de imaxes macro (Ciencias clínicas veterinarias).
 - GrV-AM-4.14. Cámara para microscopio óptico (Enfermidades Parasitarias).
 - GrV-AM-10. Adaptar o Laboratorio de Habilidades Clínicas para dar cobertura ás necesidades formativas coa inclusión de dúas novas actividades.

Substitución, arranxos e novidades sobre as infraestruturas utilizadas no grao

Facultade:

- Iluminación LED para todas as instalacións da Facultade (despachos, corredores e laboratorios de investigación).
- Cambio de colectores na Sala de lectura.
- Detector de movemento diante da aula de teatro.
- Arranxo das pingueiras da Sala de Xuntas.
- Microondas para os estudantes na planta baixa do pavillón Central.
- Instalación de extracción de aire para LHC.

- Rampla Sala Necropsias.
- Instalación marquesiña no pavillón 3, Sala de Disección.
- Mosquiteiros e instalación de enchufes para a Sala de Disección.
- Recolocación termóstato calefacción no pavillón 4, Unidade de Xenética.
- Instalación de tabique e porta para un despacho no pavillón 2, Unidade de Bioquímica.
- Arranxo das pingueiras do pavillón II, na unidade de Toxicoloxía e planta baixa.
- Pintado de despachos planta baixa inferior do pavillón II.
- Acondicionamento e pintado do seminario da unidade de Producción Animal.

Auditorio:

- Cambio a LED nas luces do escenario do auditorio.
- Instalación cable HDMI no auditorio.
- Novos felpudos para o auditorio.

- Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.

Anualmente o equipo de dirección solicita ao profesorado que comuniquen as melloras que consideren necesarias ou oportunas para adquisición ou renovación dous recursos materiais. Estas suxestións considéranse dentro do plan de melloras anual. Ademais, está dispoñible para toda a comunidade a caixa de correos de suxestións da Facultade de Veterinaria.

Tamén como parte do ciclo anual de calidade, a comisión de espazos revisa as necesidades do centro en canto a recursos materiais e valora se son requiridas novas medidas ou melloras.

Compromisos do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade

A Universidade de Santiago de Compostela asumiu para o título de Grao en Veterinaria o cumprimento das recomendacións realizadas no informe de Verificación da ANECA e, en particular, con respecto á incorporación de mecanismos para realizar ou garantir a revisión e o mantemento dos servizos dispoñibles nas institucións colaboradoras para o desenvolvemento do título. Con este fin introducíronse diferentes mecanismos de control que comezan pola incorporación de "Enquisas de Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas" (IN19G), "Enquisas de satisfacción dos titores profesionais cos programas de prácticas externas" (IN20G) e "Enquisas de Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas" (IN21G), que son tidos en conta durante a elaboración dos Informes de Seguimento anuais do título, co fin de adoptar medidas correctoras ou accións de mellora se fose preciso.

A Universidade de Santiago de Compostela elaborou un [Regulamento de Prácticas Académicas Externas](#), adaptado ao Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regula esta actividade dos estudantes universitarios, para o establecemento de convenios con empresas, institucións e entidades públicas e persoais no ámbito nacional e internacional. O citado regulamento dá amparo a todos os convenios que a Facultade de Veterinaria estableceu con empresas e institucións de diferentes ámbitos e localizacións, imprescindibles para o desenvolvemento, tanto das Prácticas Tuteladas (prácticas externas curriculares obrigatorias) como tamén das Prácticas Externas (prácticas externas curriculares optativas) do grao.

Na actualidade a realización de prácticas externas non remuneradas polos estudantes da USC require cotización á seguridade social segundo o previsto na Disposición Adicional 52ª da LXSS. Conforme ao disposto na "Resolución Reitoral de 06/02/2024 pola que se establece o réxime de inclusión na Seguridade Social e cotización do alumnado da USC que realice prácticas académicas externas", a USC asume as obrigacións derivadas da inclusión do estudiantado na SS. Corresponde á unidade de xestión da Facultade a tarefa de comunicar ao servizo responsable da universidade os datos dos alumnos que cursan prácticas externas curriculares da titulación do grao.

Co obxecto de dar un amparo normativo, tanto ao profesorado como ás entidades colaboradoras nas que se realizan prácticas extramuros baixo a supervisión dun profesor (prácticas de campo, prácticas clínicas e visitas activas), que son diferentes ás prácticas académicas externas, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela na súa sesión do 16/12/2016, aprobou un modelo marco de "Acordo de adhesión para a autorización de actividades académicas en instalacións que non pertencen á USC".

En relación coa utilización de novas estruturas ou servizos externos á Universidade, cabe destacar que a Asemblea da Conferencia de reitores das Universidades Españolas (CRUE), celebrada o día 10 de xaneiro de 2014, ratificou un acordo da Conferencia de Decanos de Veterinaria nos seguintes termos:

Todas as Facultades de Veterinaria deben contar, á parte de cos recursos obrigados para impartir unha docencia universitaria de carácter experimental (aulas, aulas informáticas, laboratorios, sala de disección) entre outros, cos seguintes recursos que lle son propios:

- Un Hospital Clínico (e restantes Servizos Clínicos, preferentemente integrados na estrutura hospitalaria), no que se atenda a animais de compañía, équidos e animais de produción. Debe estar aberto 365 días ao ano e 24 horas ao día.
- Unha Planta Piloto de Tecnoloxía de Alimentos de orixe animal.
- Unha granxa de produción con fins docentes e de investigación con, polo menos, unha especie produtiva.
- O acceso aos Servizos Públicos Oficiais de Inspección. Neste sentido, as distintas administracións públicas deberán garantir a formación dos estudantes coa vinculación dos profesionais á Área de Coñecemento de Nutrición e Bromatoloxía da Universidade.

Neste sentido a Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela cumpre de forma moi satisfactoria con estas recomendacións grazas á determinación do propio Centro, o compromiso da Universidade e a colaboración de numerosas institucións implicadas:

- A Facultade conta co Hospital Veterinario Universitario Rof Codina cuxo obxectivo primordial se centra na colaboración coa docencia da Facultade, prestación de servizos e colaboración e fomento da investigación (<https://rofcodina.org/>).
- O Campus Terra (<https://www.usc.gal/gl/campusterra>) é a sede da aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA) pertencente á Universidade de Santiago de Compostela. Esta Planta Piloto de Tecnoloxía de Alimentos situada a 500 metros da Facultade de Veterinaria é unha Plataforma Tecnolóxica Mixta da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, e serve de apoio á docencia (<https://aplta.es/>).
- A Facultade de Veterinaria, desde a súa apertura en 1984, utiliza, con fins docentes e de investigación, a Granxa de investigación Gayoso Castro (Granxa Campus Terra) da Deputación Provincial de Lugo. Constitúe na actualidade un centro de prácticas docentes fundamental para a Facultade de Veterinaria (https://www.facebook.com/granxact/?locale=eres_ERES).
- A Facultade de Veterinaria disporá dunha explotación experimental de cría de porco celta tras o acordo da Universidade de Santiago, a Deputación de Lugo e ASOPORCEL (<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/usc-deputacion-lugo-asoporcel-impulsan-explotacion-experimental-cria-porco-celta-finca>). Mentres non se termina a construción desta explotación experimental, a USC, de acordo con ASOPORCEL, asinou un convenio con granxas de explotación para o seu uso na formación dos estudantes da Facultade de Veterinaria de Lugo.

A Facultade mantén convenios coa Consellería de Sanidade, a Consellería de Medio Rural, a Consellería do Mar e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, que contemplan o acceso aos Servizos Públicos Oficiais de Inspección nos seus diferentes ámbitos e laboratorios e institutos asociados, para a realización de Prácticas Tuteladas. Ademais, na actualidade dispónse de convenios con 37 matadoiros para a realización de [Prácticas Tuteladas e Prácticas Externas](#). Neste ámbito é de particular importancia o acordo co Matadoiro Novafrixa do Grupo Coren no municipio de Lugo, un dos centros de procesado de vacún máis importantes de España, que permite a realización de prácticas reguladas correspondentes á materia obrigatoria "Hixiene III: Inspección e Control da Carne e Produtos Cárnico". O acordo co Grupo Coren, ademais doutras oportunidades, tamén nos deu acceso para a realización de prácticas reguladas no Centro de Procesado Avícola de Santa Cruz de Arrabalde, en Ourense.

5.2 Orientación académica. Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

Orientación académica

Os mecanismos de orientación académica están a disposición dos estudantes para resolver cuestións de diversa índole e considéranse axeitados para guialos na súa traxectoria académica. Como se mencionou anteriormente, a Facultade de Veterinaria conta con diferentes figuras que, xunto cos servizos centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, permiten unha atención

personalizada aos estudantes en calquera momento do proceso formativo.

Estas figuras son:

- Decano do Centro
- Vicedecanato de Calidade; Vicedecanato de Ordenación Docente; Vicedecanato de Prácticas Externas, Relacións Institucionais e Mobilidade
- Secretaría do Centro
- Unidade de Apoio á Xestión
- Coordinación do Grao
- Coordinación de semestre
- Coordinación de prácticas tuteladas
- Alumnos titores

Os servizos de orientación académica recóllense no [Plan de Acción Tutorial](#) do centro, e aínda que os estudantes utilizan os servizos de orientación académica en calquera momento do seu proceso formativo, estes cobran especial importancia no primeiro semestre, cos estudantes de novo ingreso, para os que o Centro dispón dun plan de acollida e orientación ([Programa de acollida](#)) que se explica no apartado 5.4.

En relación coa orientación laboral, organízanse as charlas “Apaixonad@s pola Veterinaria” nas que os membros do Comité Consultivo Externo e outros veterinarios con dedicacións en diversos ámbitos presentan aos nosos estudantes diferentes alternativas de desenvolvemento profesional (ver o [Plan de Acción Tutorial](#)).

Dentro das actividades de tutorización e orientación laboral xorde unha nova iniciativa que é a creación de “Aulas de formación da Facultade de Veterinaria” nas que se organizan actividades, para aqueles estudantes interesados, que promoven unha maior formación nun sector laboral concreto e, especialmente, un contacto directo do alumnado con profesionais que traballan nese campo. Dentro desta actividade púxose en marcha neste curso a “Aula de porcino” e a “Aula de ruminantes” (GrV-AM-07, 2023-24).

Servizo de Orientación Profesional

O Centro organiza unhas Xornadas de Orientación Laboral dirixidas principalmente a estudantes dos últimos cursos do Grao, a responsable da área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo lles informa sobre o modo de preparar un Currículo ou de afrontar unha entrevista de traballo ([Área de Orientación Laboral e Emprego da USC](#)).

Servizos de atención ao estudante

Ademais dos sistemas xerais de información da USC centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, os estudantes da Facultade de Veterinaria teñen servizos onde se realiza unha atención personalizada:

- Secretaría do Centro.
- Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

Desde o centro estamos a traballar en potenciar o uso da páxina web da Facultade e o correo electrónico, como medios de acceso á información dos estudantes, todo iso sen prexuízo de que o estudantado se dirixa ás nosas dependencias co fin de resolver problemas concretos.

5.3 Xestión académica. Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

A xestión académica na Universidade de Santiago de Compostela está centralizada nas Unidades de Xestión Académica (UXA) das que hai unha en cada Campus; nelas realízanse todos os trámites relativos a documentación académica, expedición de certificados, solicitudes de recoñecementos e traslados, etc. Son responsabilidade dos Centros os trámites propios dos plans de estudos das titulacións que ofertan. No caso do Grao de Veterinaria a organización das Prácticas Tuteladas e Externas, as actas dos Traballos Fin de Grao, e o recoñecemento de cualificacións de alumnos propios nos programas de mobilidade.

5.4 Programas de acollida. Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano non funcionamento da institución.

O Centro dispón dun plan de acollida e orientación ([Programa de acollida](#)). Así, o primeiro día do curso prográmase unha sesión informativa especial a cargo do equipo decanal á que acoden tamén a profesora coordinadora do primeiro semestre e representantes de estudantes. Nela explícanse os detalles do funcionamento da Facultade, as orientacións xerais do plan de estudos, as diferentes normativas, facendo especial fincapé nas normativas de permanencia e avaliación do rendemento académico, consellos sobre matrícula, mecanismos de atención a necesidades educativas especiais, sistema de garantía de calidade, etc., e faise un percorrido sobre a páxina web da Facultade indicando onde se atopa toda a información. Para finalizar, explícaselles a quen poden recorrer ante calquera necesidade de orientación, resaltando neste caso especialmente a figura da profesora coordinadora do primeiro semestre e dos alumnos titores.

5.5 Prácticas externas. No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son axeitadas para a adquisición das competencias.

As empresas e centros externos colaboran voluntariamente coa Facultade sen que medie unha relación contractual que obrigue a realizar unha comprobación *in situ* das infraestruturas tecnolóxicas dispoñibles nin dos servizos prestados; ademais, o seu elevado número e dispersión xeográfica fano totalmente inviable. No entanto, levase a cabo un control da calidade grazas, fundamentalmente, ao labor da coordinación académica das prácticas tuteladas. Iso permítenos comprobar, entre outras cousas, que as instalacións e actividade destas institucións adecúanse aos requisitos para a consecución das competencias.

A valoración negativa dos centros onde os estudantes realizaron as prácticas externas, ben sexan expresadas de forma verbal ou incluídas nas propias memorias finais, permiten aos coordinadores recoñecer as deficiencias, comunicalas e contrastalas co centro de destino (contactando telefonicamente co coordinador profesional) e, se se comproba a motivación da queixa, dándoo de baixa da listaxe de centros ofertados pola Facultade.

Hai que resaltar que o grao de satisfacción dos estudantes coas prácticas tuteladas externas é moi elevado si atémonos á súa valoración nos últimos anos, o cal é indicativo de que as empresas, profesionais e centros colaboradores contan cos medios materiais e humanos apropiados.

5.6 Satisfacción nos recursos e servizos. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e vos servizos

Para o curso 2023-24 non se dispón de indicadores sobre a satisfacción dos estudantes e dos egresados cos recursos materiais e servizos. Sen embargo, no INF.22 os estudantes responden ás preguntas “As infraestruturas e materiais dispoñibles son axeitados?” e “O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?” cun grao de satisfacción de 4,14 e 4,08 sobre 5, respectivamente.

Sinalar que se dispón dun [formulario](#) para comunicar calquera incidencia relativa ás instalacións e servizos da Facultade. Este formulario recíbese na conserxería para actuar directamente naqueles aspectos que entren no seu ámbito de competencias, e se non, comunícase á Oficina de Xestión de Infraestruturas (OXI) e ao decanato. Non obstante, as incidencias fanse na maioría das veces a través de chamadas telefónicas e son moi poucos vos usuarios que empregan o formulario, principalmente debido á urxencia por resolvelas.

MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA

Tal e como se comentou anteriormente, e debido ao carácter interuniversitario do Máster, a docencia impártese simultaneamente mediante videoconferencia na Facultade de Veterinaria (Campus Lugo) e Facultade de Bioloxía (Campus de Santiago) da USC e Facultade de Bioloxía da UVIGO. Por tanto, ademais dos recursos e servizos da Facultade de Veterinaria xa descritos, utilízanse os das Facultades de Bioloxía da USC e UVIGO que se describen de maneira resumida a continuación:

Facultade de Bioloxía da USC:

A facultade ten colgada a información de recursos materiais e servizos na súa web á que se accede mediante as seguintes ligazóns:

<https://www.usc.gal/gl/centros/bioloxia/infraestructurasbioloxia.html>

<https://www.usc.gal/gl/centros/bioloxia/servizos.html>

Desde a súa implantación, o Máster contou coa aula CIBUS do edificio CIBUS para o desenvolvemento da súa docencia. Por este motivo, instalouse un sistema de audio e vídeo propio do Máster nesta instalación. O compromiso da Facultade é facilitar ao estudo unha aula propia que facilita a súa organización neste centro. Para satisfacer as demandas dos estudantes deste campus, estase traballando para cambiar a aula de impartición, a partir do curso 2025-2026, a unha aula seminario da Facultade de Bioloxía (concretamente a Aula Seminario 3 “Félix Rodríguez de la Fuente”), provista de mesas para unha maior comodidade dos estudantes. A USC adquiriu o compromiso de formar persoas e producir ciencia e tecnoloxía baixo o criterio de sustentabilidade, fomentando en todos os seus membros o sentido da responsabilidade polo coñecemento, conservación e mellora do medio ambiente. Este compromiso plásmase no Plan de Desenvolvemento Sustentable (<https://www.usc.gal/gl/usc/institucional/desenvolvemento-sostible>) e dende o ano 2011 funciona a Oficina de Desenvolvemento Sustentable (<https://www.usc.gal/plands>) que impulsa o desenvolvemento de accións e fomenta a participación de toda a comunidade universitaria.

Facultade de Bioloxía da UVIGO:

A Facultade de Bioloxía da UVIGO dispón dunha dotación suficiente de equipamento e infraestruturas para garantir o desenvolvemento das actividades formativas planificadas. Desde a súa creación a Facultade conta con financiamento anual por parte da UVIGO, para a adquisición, o mantemento e a renovación dos seus recursos docentes tanto de infraestruturas como de equipamento. Conta, así mesmo, cos servizos xerais da Universidade para o mantemento dos recursos materiais (Servizo de Unidade Técnica); de revisión e seguridade dos laboratorios (Servizo de Prevención de Riscos Laborais); e de recollida sistemática de residuos perigosos procedente da actividade nos laboratorios (Oficina de Medio Ambiente, OMA). Así mesmo, a Facultade xunto coa OMA xestiona a recollida de residuos derivados do uso de animais de experimentación na docencia e a investigación que se realiza no centro.

A Facultade ten, ademais dos recursos que se utilizan para a docencia de grao, catro aulas dotadas do equipamento necesario para realizar conexións de videoconferencia dotadas de equipamento de videoconferencia, canones de proxección e 23 postos de traballo e que se utilizan especificamente para a docencia de máster. Ademais, hai dúas aulas de uso múltiple que permite impartir clases teóricas ou prácticas con ordenador dotada con 23 ordenadores cos programas adecuados para as actividades formativas. Tamén dispón dun ordenador para o profesor conectado ao proxector de vídeo dixital e unha pizarra interactiva. Tódolos postos están conectados a un servidor da Facultade que facilita a xestión dos programas informáticos instalados.

A Facultade cumpre a lexislación vixente en canto a accesibilidade e deseño para todos, segundo o disposto na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade; a Facultade dispón de ascensores en tódalas plantas, ramplas de acceso exteriores e interiores, servizos adaptados, portas de dobre folia en tódalas aulas, seminarios, salóns e laboratorios. Por tanto, non existen barreiras arquitectónicas. O edificio está provisto de conexión inalámbrica (WIFI) en todas as súas instalacións, servizo de cafetería, comedor e reprografía.

Aspectos a destacar e propostas de mellora

Puntos a destacar

Os alumnos dispoñen de suficientes recursos para poder realizar os seus estudos de forma idónea. Os recursos postos á súa disposición no centro e pola Universidade en xeral (Biblioteca, Intercentros, ...) cobren moitas necesidades dos estudantes. As aulas están perfectamente arranxadas e postas á disposición para as actividades docentes do alumnado. Aínda así, quedan traballos de mantemento e reparación das instalacións que están pendentes. As xestións burocráticas e limitacións de fondos para estas reparacións impiden executalas todas de forma simultánea. Ademais, é necesario manter unha renovación e adquisición de recursos materiais utilizados directamente na docencia para garantir a funcionalidade e actualización dos mesmos (a acción de mellora asociada incluírase como acción de mellora do grao na memoria de calidade anual debido á temporalidade de execución do gasto que impide planificala adecuadamente antes da entrega do informe de seguimento). A “Aula de porcino” e “Aula de ruminantes” están en funcionamento e supoñen unha formación específica e tutorización de estudantes interesados en sectores produtivos concretos, promovendo a orientación profesional cara á produción e o contacto dos estudantes con profesionais que traballan neses campos específicos. (GrV-AM-07, 2023-2024).

Propostas de mellora

- Cambio de localización e ampliación do Laboratorio de Habilidades Clínicas (LHC). A inclusión cada ano de novos simuladores e outras actividades fai imprescindible trasladar esta aula a unha localización con maior superficie para poder seguir aumentando o número e complexidade das simulacións. Así mesmo, poranse en marcha novas actividades. (GrV-AM-03, 2024-2025)
- Diversificación de especies na formación práctica coa inclusión de prácticas en Acuicultura (GrV-AM-04, 2024-2025).
- Proporcionar apoio informático e dixital para os profesores para a creación e elaboración de material docente dixital. Sen apoio técnico non é factible para os profesores a realización de material didáctico dixital de calidade que poida complementar a formación dos nosos estudantes con visitas a centros de produción moi controlados e con acceso restrinxido a persoal alleo (GrV-AM-05, 2024-2025).

Suxestión de mellora:

Potenciar a posta en marcha da “Aula de Avicultura”. España é un país cunha produción avícola moi importante (segundo na produción de carne de ave da UE) e algunhas actividades, como a visita a unha planta de incubación, que non é viable para a totalidade dos alumnos de grao, pero si posible para un número reducido de alumnos que tratan de orientarse cara a esa produción.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O proceso de soporte PS-06 do [Manual de Procesos](#) establece a sistemática para facer pública a información relevante das titulacións impartidas na facultade, así como o modo no que se realiza a súa revisión periódica e actualización co fin de manter informados aos grupos de interese.

6.1. Recollida, análise e utilización da información.

De acordo coa ficha do proceso PS-06, a recollida da información faina a SCVTI mediante o panel de indicadores que proporciona para cada unha das titulacións impartidas en cada curso académico. A análise e utilización desta información é competencia das comisións de calidade e de título, co fin de elaborar os respectivos informes de seguimento/resultados e a memoria de calidade, a través da cal se dará conta aos diferentes grupos de interese. Todos os anos se revisa que a información mínima pública estea dispoñible para os diferentes grupos de interese. A comisión de calidade revisa e recolle a información necesaria para o funcionamento do centro e a pon a disposición da comunidade universitaria na páxina web ou na intranet do centro.

Durante o curso 2023-24, con motivo da preparación da acreditación do Grao en Veterinaria pola EAEVE, detectáronse erros nos textos da páxina web do centro, tanto na versión en castelán como na de galego, e principalmente na versión en inglés. Estes erros non se relacionan coa presenza da información esencial na web, pero é necesario corrixilos e reorganizar a información para que sexa máis fácil atopala.

6.2. Publicación da información

A difusión da información entre os grupos de interese é un tema de enorme importancia na xestión dos títulos, e para iso dispónse de varias canles fundamentais de comunicación.

- [Páxina Web da USC](#). - Mostra información de ámbito xeral para toda a Universidade.
- [Páxina Web da Facultade de Veterinaria](#). - Presenta información completa e detallada relacionada co Centro e coas súas titulacións.
- Taboleiros do Centro. - Seguen a empregarse para a información relativa a cuestións académicas, aínda que están caendo en desuso, a favor doutros medios electrónicos.
- Pantallas informativas. - Presentan información actualizada sobre distintos temas, convocatorias, prazos académicos, cursos, becas, etc. Hai pantallas informativas nos pavillóns central e de aulas.
- Taboleiro electrónico da USC.
- Instagram do centro, desde o curso 2021-22, onde ao longo do curso se publican as novidades máis destacadas.

Para a difusión de determinadas convocatorias, empréganse as listas de correo electrónico de cada un dos grupos de interese (PDI, PAS, estudantado,...).

A páxina [web do centro](#), que está incluída nunha páxina web de centros e departamentos da USC, permite manter actualizada, e accesible para os distintos grupos de interese, a información pública relativa ao grao, incluíndo a información mínima pública, entre

outras. A información que figura na páxina web é coherente coas memorias verificadas dos títulos que se imparten no centro. Desde esta páxina dáse acceso á intranet institucional do centro a aquelas persoas vinculadas á USC. Na páxina do centro pódense consultar, por exemplo:

- As características do título de Grao en Veterinaria.
- O Sistema de Garantía Interna de Calidade (Manual do SGC, Manual de Procesos, Memoria de Calidade, Informes de Seguimento, Plan Estratéxico Programación Plurianual).
- A organización académica (calendarios de exames, horarios de clases, prácticas externas e tuteladas, traballo fin de grao, campus virtual).
- As infraestruturas e servizos.
- O Plan de autoprotección e prevención de riscos.
- A organización da facultade.
- Caixas de incidencias, preguntas, suxestións e reclamacións.

Ademais, calquera novidade se insire no taboleiro de anuncios: convocatorias de prácticas e mobilidade, cursos e xornadas, etc. As ofertas de traballo publicanse na páxina web do [Servicio de Orientación Laboral e Emprego](#) da USC.

As novidades máis destacadas ao longo do curso comunícanse por medio da conta do centro na rede social Instagram. No curso 2022-23, nas reunións celebradas cos representantes e delegados de estudantes sinalaron que a conta do centro debería revisarse para facilitar a consulta das novidades publicadas polos seguidores. Por isto, propúxose unha acción de mellora consistente en revisar a estratexia de comunicación da conta de Instagram da Facultade de Veterinaria co apoio dos estudantes para conseguir un modelo mellor adaptado ao noso alumnado e grupos de interese (GrV-AM-02, 2023-2024). Durante o curso 2023-24, incorporouse como colaboradora unha estudante, que tamén é graduada en Comunicación, o que permitiu aumentar a visibilidade da conta e espérase que, coa súa axuda, pódase desenvolver unha estratexia de comunicación máis eficaz a través das redes sociais. Esta acción de mellora continuarase durante o curso 2024-25.

No curso 2022-23, destacou tamén que o vídeo de difusión do grao, destinado principalmente ao programa "A Ponte", necesitaba actualización, xa que non incluía algúns cambios relevantes. A través da acción de mellora GrV-AM-03, 2023-2024, finalizada o 31/12/2024, elaborouse un vídeo promocional da Facultade para ser usado no programa "A Ponte" e en redes sociais co fin de promocionar a matrícula de alumnado en Veterinaria, manter o atractivo da nosa titulación e dala a coñecer á sociedade, e para garantir a difusión da calidade deste centro.

No caso do **Máster en Xenómica e Xenética** ademais das páxinas web –xeral da universidade, e da propia facultade, pode atoparse información nos seguintes lugares:

- Páxina web da UVIGO (<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/mestrados>), cunha presentación da información similar á da USC.
- Páxina web dos centros aos que pertence o Máster, ademais da USC (Facultade de Veterinaria), tamén na UVIGO (Facultade de Bioloxía): <https://bioloxia.uvigo.es/gl/>
- Páxina web propia do Máster (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/>).

Na web propia do Máster podese atopar toda a información sobre o mesmo, tamén hai unha caixa propia para queixas e suxestións. Ademais, dende esta web, proporcionase un enlace directo ao SGC dos centros responsables, tanto da USC como da UVIGO, así como á caixa de queixas e suxestións e aos servizos de xestión académica das mesmas. Aínda así, durante o curso 2023-2024, fixéronse as actualizacións necesarias da web e engadíronse informacións relevantes para o desenvolvemento do estudo no seu apartado de "novidades" (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/entries>) e as recollidas na acción de mellora "MGG-AM-3 (2023-24)". Actualización da web propia, incorporando os enlaces ás webs oficiais do estudo na USC e UVIGO"

6.3. Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Nas xornadas de benvinda que teñen lugar nos primeiros días do curso, presentase a páxina Web do centro e dos títulos, a súa estrutura e contidos ao novo alumnado de Grao.

Seguimos sen ter información con respecto á satisfacción dos egresados coa información dispoñible (IN23G, IN23M) para o curso 2023-2024, tal como sucede desde o curso 2019-20, nin tampouco no INF.09.

Con todo, no caso do **Grao en Veterinaria**, na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (2502225_INF.22_2023_2024), a

cuestión “Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?” obtivo un valor (sobre 5) de 3,78, similar ao curso anterior (3,84) e superior aos cursos previos (curso 2021-2022: 3,62; curso 2020-2021: 3,19; curso 2019-2020: 3,56). A valoración á pregunta “O Campus Virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?” o valor foi tamén similar, aínda que un pouco máis baixo (4,04) ao curso anterior (4,28) e superior aos cursos previos (curso 2021-2022: 3,67; curso 2020-2021: 3,19; curso 2019-2020: 3,89). A ter en conta ca participación nesta enquisa é dun 8,73%.

Con respecto ao **Máster en Xenómica e Xenética**, tendo en conta os valores obtidos nos seis cursos de impartición da titulación e segundo a información recollida nos distintos indicadores e informes, obsérvase un alto grao de satisfacción dos estudantes coa información pública dispoñible.

Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (4316711_INF.22_2023_2024), a cuestión “Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?” obtivo un valor (sobre 5) de 3,81, superior ao curso 2021-22 (3,33), aínda que máis baixo ao curso 2020-2021 (5,00). A valoración á pregunta “O Campus Virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?” o valor foi tamén similar, aínda que un pouco máis baixo (4,00) aos cursos previos (curso 2021-2022: 4,67; curso 2020-2021: 5,00). A participación nesta enquisa foi dun 26,67 %. Non se comparou cos valores do curso 2022-23, xa que a participación na enquisa foi moi baixa (6,67%) con resultados na valoración dos ítems anormalmente moi baixos.

Na web propia do Máster destaca de forma especial, pola súa utilidade, a información relativa ás PE e o TFM (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/modulo-practicas-externas-y-trabajo-fin-de-master>). Neste apartado están, ademais das guías docentes, os formularios, as normativas, as instrucións e os modelos de informes. Esta información está moi ben valorada polo alumnado segundo as opinións recollidas a través do PAT polos titores.

Durante o curso 2023-2024 fíxose unha acción de mellora correspondente ao criterio 2- Información e transparencia (MGG-AM-03: Actualización da web propia, incorporando os enlaces ás webs oficiais do estudo na USC e UVIGO), ademais das propostas realizadas os cursos 2022-2023 (MGG-AM-04: creación dunha conta oficial do Máster na rede social “Instagram”) e 2021-2022 (MGG-AM-03: Internacionalización do Máster en Xenómica e Xenética). Para o curso 2024-2025, propóñense tamén accións para este criterio 2, como serían a incorporación na web propia das competencias transversais e a incorporación dun apartado nesta web propia sobre os recursos materiais do Máster.

Puntos a destacar e proposta de accións de mellora

Grao en Veterinaria

Acción de mellora: Continuar a revisión da estratexia de comunicación da conta de Instagram da Facultade de Veterinaria co apoio dos estudantes para conseguir un modelo mellor adaptado ao noso alumnado e grupos de interese (GrV-AM-02, 2023-2024).

Proposta de mellora: Revisar a páxina web do centro para facilitar a procura de información relacionada co Grao en Veterinaria e emendar erros na terminoloxía e na redacción dos textos nas versións en castelán e galego e, sobre todo, na versión en inglés (GrV-AM-01 2024-25).

Máster en Xenómica e Xenética

Entre as propostas de mellora para o curso 2024-2025 pola CCM (decididas na súa reunión do día 07/11/2024), que se corresponden coas propias da Coordinación, os estudantes e as accións recibidas na visita e informe de renovación do estudo realizado pola ACSUG, descritas na proposta do plan de melloras para o curso 2024-2025, atópanse 3 accións de mellora relacionadas con esta directriz:

- Creación dunha conta oficial do Máster en Xenómica e Xenética.
- Incorporar as competencias do estudo na web do Máster.
- Engadir un apartado na web propia do Máster sobre os recursos materiais do Máster.

3.1. Plan de Melloras do centro 2024-25

Obxectivo a conseguir: 1. Planificar a ensinanza e desenvolver a formación de posgrao, para adaptarse ás necesidades formativas da profesión veterinaria.			
Responsable do obxectivo:		Data inicio:	Data fin:
Obxectivo estratéxico relacionado	1.2. Novas propostas de formación de posgrao 1.3. Mantemento e fortalecemento do Mestrado Universitario en Xenómica e Xenética		
Procesos clave relacionados	PE-01, PC-02, PC-04, PC-05		
Indicador/es de medición	- Cursos/actividades de formación específica / especialización realizados - Actualización das Guías docentes	Meta a conseguir	2 cursos / actividades (por curso académico) 100% Guías docentes actualizadas
Accións de mellora relacionadas (Código)	FV-AM-01 , MXX-AM-01		

LISTAXE DE ACCIÓN						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-01	Plan Estratéxico	Desenvolver propostas de formación específica e especialización.	Activa	Vicedecano/a de Prácticas Externas, Relacións Institucionais e Mobilidade	Decembro 2026	Non
MXX-AM-01	Informe renovación Máster (ACSUG)	Axuste da información proporcionada nas Guías Docentes seguindo a información da Memoria do Plan de Estudos.	Finalizada	Coordinador/a do título	Xuño 2025	SI

Obxectivo a conseguir: 2. Revisión e mellora dos recursos dispoñibles e servizos, enfocada a necesidades específicas do centro.

Responsable do obxectivo:

Data inicio:

Data fin:

Obxectivo estratéxico relacionado

2.1. Revisión de procesos e organización relacionados cos recursos materiais e servizos
2.3. Impulsar alianzas estratéxicas con empresas para a realización de estancias tuteladas, TFG e TFM reforzando a participación do tecido empresarial nas actividades docentes

Procesos clave relacionados

PE-02, PS-01, PS-02

Indicador/es de medición

- Revisión e adaptación da avaliación de riscos laborais
- Número de TFG e TFM novos ofertados asociados a estancias
- Acordos de adhesión para realización de prácticas en piscifactoría

Meta a conseguir

- Avaliación de Riscos laborais revisada/publicada
- 2 TFG e 1 TFM novos asociados a estancias (por curso)
- 1 Acordo de adhesión para realización de prácticas en piscifactoría

Accións de mellora relacionadas (Código)

[FV-AM-02](#), [FV-AM-03](#), [FV-AM-04](#), [GrV-AM-04](#)

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-02	Plan Estratéxico	Revisión e adaptación do procedemento de riscos laborais.	Activa	Decano/a	Decembro 2025	Non
FV-AM-03	Plan Estratéxico	Aumentar as estancias tuteladas asociadas a TFG e TFM en empresas.	Activa	Vicedecano/a de Prácticas Externas, Relacións Institucionais e Mobilidade (Grao en Veterinaria) Coordinador/a de Máster	Decembro 2026	Non
FV-AM-04	Proposta mellora	Implementar as medidas correctoras necesarias para solucionar as deficiencias detectadas no informe de acreditación da EAEVE.	Activa	Coordinadora de Calidade	Setembro 2028	Non
GrV-AM- 04	Informe seguimento	Diversificación de especies na formación práctica do Grao en Veterinaria coa inclusión de prácticas en Acuicultura.	Finalizada	Coordinador/a Titulo	Maio 2025	SI

Obxectivo a conseguir: 3. Potenciar a innovación e a transformación dixital na docencia, a través da colaboración con centros nacionais e internacionais e o fomento da mobilidade

Responsable do obxectivo:

Data inicio:

Data fin:

Obxectivo estratéxico relacionado

- 3.1. Aumentar as actividades conxuntas con outros centros nacionais e internacionais e os acordos de mobilidade internacional
3.2. Fomentar a realización de prácticas utilizando novas tecnoloxías (3D, simulación, etc.)

Procesos clave relacionados

PC-04, PS-02

Indicador/es de medición

- Nº de actividades sobre innovación docente realizadas / Nº de grupos de innovación docente
- Nº de actividades/prácticas realizadas nas que se usan novas tecnoloxías

Meta a conseguir

- 1 actividade de innovación docente por curso / 1 grupo de innovación docente
- 2 actividades/prácticas (por curso) nas que se usan novas tecnoloxías

	• Nº de vídeos e de centros implicados na videoteca de realidade virtual • Número de adquisicións de equipamento, para actividades docentes, executadas • Porcentaxe de actividades propostas de innovación docente nas materias do GrV que se implementan • Número de actividades novas por curso no LHC		• 2 vídeos /1 centro (por curso) para a videoteca de realidade virtual • 80 % das solicitudes de adquisición de equipamento executadas • 80 % das actividades propostas de innovación docente nas materias do GrV • 4 actividades novas no LHC / curso
